



# CORGA

REVISTA ANUAL DO CENTRO DE ESTUDOS DO CORGO

Nº 2 ANO 2011



EDITA  
Centro de Estudos do Corgo (CEC)

CONSELLO EDITORIAL  
M<sup>a</sup> Consuelo Vázquez Castro  
Manuel Fernández López "Lolo"  
Roberto Rodríguez Páramo  
Josefa González Díaz  
Mario Outeiro Iglesias  
Xurxo Xosé Rodríguez Lozano  
Manuel Marqués Reija

DESEÑO E IMPRESIÓN  
Grafinco

DEPÓSITO LEGAL  
LU 149-2010

ISSN 2171-6013

---

---

# **CORGA**

REVISTA ANUAL DO CENTRO DE ESTUDOS DO CORGO  
Nº 2 ANO 2011

Agradecemoslle á Vicepresidencia Primeira da Deputación de Lugo a colaboración económica para poder plasmar por segunda vez no papel este soño chamado *Corga*. Oxalá siga sementando tanto e tan ben na agra cultural lucense.

---

EDITA  
Centro de Estudos do Corgo (CEC)

CONSELLO EDITORIAL (Xunta Directiva)  
M<sup>a</sup> Consuelo Vázquez Castro (Presidenta)  
Manuel Fernández López "Lolo" (Vicepresidente)  
Roberto Rodríguez Páramo (Secretario)  
Josefa González Díaz (Tesoureira)  
Mario Outeiro Iglesias  
Xurxo Xosé Rodríguez Lozano  
Manuel Marqués Reija (Vocais)

COMITÉ CIENTÍFICO  
Felipe Arias Vilas  
Javier Gómez Vila  
Xosé Manuel Castro Castedo  
Ruben Ruibal Armesto  
Ana Cabana Iglesia  
Emilio Carral Vilariño  
Daniel López Vispo  
Xoán Ramiro Cuba Rodríguez  
Antonio Reigosa Carreiras  
Xabier Bruña García  
Felipe-Senén López Gómez  
Manuel Lamas Castro  
Adolfo de Abel Vilela

ASESORÍA LINGÜÍSTICA  
Xosé Manuel Becerra Pardo

ASESORÍA TIC  
Mario Outeiro Iglesias

*Centro de Estudos do Corgo (CEC)  
Antigas Escolas do Corgo s/n  
27.163 O Corgo (Lugo)  
ocorgo@gmail.com  
<http://ocorgo.blogspot.com>*

---

## EDITORIAL

Pechabamos a editorial da filla primoxénita do Centro de Estudos do Corgo co seguinte desexo: "Agardemos que de agora en diante Corga volva vestir follas anovadas todas as primaveras!". O desexo está cumprido e xa tes nas túas mans a continuidade dun proxecto nacido xa fai un ano.

O Centro de Estudos do Corgo está a consolidarse no panorama cultural deste concello, grazas ao interese que espertou esta revista entre os corgueses e corguesas, así como noutras poboacións, polos excelentes traballos presentados no primeiro número, que afondaron no coñecemento do patrimonio sociocultural deste concello.

O Centro de Estudos do Corgo, a través desta e doutras iniciativas, pretende potenciar, fomentar, divulgar, defender a cultura en xeral de Galiza e a lingua en particular, centrados no noso ámbito de actuación, que é O Corgo, cunha proxección aberta cara ao futuro, sen esquecermos o noso pasado e os vencellos comúns que nos forman como país.

Non debemos esquecer que para que sexa posíbel esta publicación contamos coa colaboración inestimábel de persoas e institucións. O noso especial agradecemento ao Vicepresidente Primeiro da Deputación Provincial de Lugo, Antón Bao Abelleira, pola súa dedicación e implicación persoal con este e outros proxectos, así como á institución que representa polo financiamento económico. Agradecemento aos autores dos artigos presentes

neste segundo número da revista Corga, xa que coa súa sabedoría enchen as súas follas. Estes estudos enriquecéense co asesoramento e control dos membros do Comité Científico, para eles tamén o noso agradecemento. Por último grazas aos lectores desta humilde publicación, xa que demostran o seu interese e agarimo por esta terra.

A vindeira primavera agardamos que teñas nas túas mans a Corga número 3. Podes contar co noso compromiso de ilusión e traballo.

## O CONSELLO EDITORIAL

### NOTA:

No momento no que se estaba maquetando esta edición da revista recibimos a nefasta nova de que as grandes inundacións de comezos de ano afectaron gravemente á estrutura da Ponte de Neira, un dos monumentos máis senlleiros da comarca de Lugo e que a súa vez foi escollido no 2009 para formar parte do logotipo do Centro de Estudos do Corgo. Agardamos que todas as administracións competentes na materia sexan conscientes da importancia do monumento e concentren de contado todos os seus esforzos en devolvernos unha das máis grandes xoias do noso patrimonio.



---

## ÍNDICE

Xosé Manuel CASTRO CASTEDO. O galego en Queizán. Vocalismo, consonantismo e fonética sintáctica.....	6
Javier GÓMEZ VILA. O camiño real de acceso a Galicia e a súa pegada nas terras do Corgo..	18
Juan ORTIZ SANZ, Miguel Ángel PIÑEIRO GÓMEZ. Catalogación de construcións rurais tradicionais. Os hórreos no concello do Corgo .....	32
Jesús ABUÍN ARIAS, Josefa GONZÁLEZ DÍAZ. O pazo do Corgo.....	46
José Manuel BLANCO PRADO. O santuario da Virxe das Virtudes (Pedrafita).....	58
José Luis GARROSA GUDE. O traballo compilador de Francisco Vázquez Saco: as oracións de elaboración do pan e outras tradicións orais do Corgo. ....	66
Mario OUTEIRO IGLESIAS. Recollida do patrimonio inmaterial no Corgo: unha materia pendente. ....	82
MEMORIA DE ACTIVIDADES DA A.C. ARUMES DO CORGO .....	96
BOLETÍN DE INSCRICIÓN COMO SOCIO DA A.C. ARUMES DO CORGO .....	109
MEMORIA DE ACTIVIDADES DO CEC.....	110
DOCUMENTACIÓN PARA INSCRICIÓN COMO SOCIO DO CEC.....	112
NORMAS DE PUBLICACIÓN .....	120

## RESUMO

Neste artigo analízanse algunhas características lingüísticas da fala da parroquia de Queizán partindo da información subministrada polos textos orais recollidos nas gravacións que se lle realizaron a unha decena de veciños e veciñas, a mediados da década dos oitenta do século pasado.

O estudo céntrase nos fenómenos fonolóxicos, aínda que se comentan algunhas variantes morfolóxicas que afectan ao número dos substantivos ou ao sufixo diminutivo *-iño* e que teñen moita repercusión na dialectoloxía galega.

A fonética sintáctica, tradicionalmente bastante esquecida nas pescudas lingüísticas, constitúe un aspecto importante no ámbito da lingua oral; porque os falantes non emitimos sons illados, senón que encadeamos palabras en frases. Polo tanto, estas concorrencias provocan a perda de fonemas e dun xeito especial no vocalismo átono.

## PALABRAS CLAVE

Fala, fonema, vocalismo, consonantismo, fonética sintáctica.

## 1 INTRODUCCIÓN

No mes de febreiro de 1966, o profesor Constantino García, tomou posesión da cátedra de Filoloxía Románica na Universidade de Santiago que se acababa de crear. A partir desta data, e baixo a súa dirección, levouse a cabo un ambicioso proxecto de recolleita de léxico en todo o territorio lingüístico galego que deu lugar á redacción de abondosas tesinas de falas do mundo rural e mariñeiro.

Estes estudos, realizados a fins dos anos sesenta e na década dos setenta do século pasado, van ser basicamente vocabularios léxicos que, ás veces, podían conter unha breve caracterización lingüística e algúns textos do lugar analizado.

Froito destes traballos, o departamento de Filoloxía Románica elaborou un cuestionario gramatical e léxico por campos semánticos para o Atlas Lingüístico Galego (ALGa) que serviu de base para as investigacións de campo, tanto do ALGa como de posteriores pesquisas universitarias.

### Castro Castedo, Xosé Manuel

xose.manuelcastro@edu.xunta.es

Licenciado en Filoloxía Hispánica pola USC

Profesor de Ensino Secundario no IES Ánxel Fole (Lugo)

Este artigo vai dedicado aos meus pais que me transmitiron a fala e dun xeito especial, aos veciños e veciñas da parroquia de Queizán, moitos deles xa finados, que me permitiron gravar e recoller por escrito os textos orais.

Nos anos oitenta mudou a orientación das memorias de licenciatura das falas galegas, pois vanse centrar na análise fonética e morfolóxica do galego dunha parroquia ou dun concello, acompañada da transcripción de textos que servían de fonte e base para a descrición gramatical.

Nesta liña investigadora naceu en min a idea de realizar o estudo da fala de Queizán. Nos veráns de 1984 e 1985, aproveitando as vacacións, realicei a recollida de campo coa gravación de numerosos textos orais de veciños e veciñas da parroquia que me serviron para exemplificar e demostrar as características lingüísticas propias do territorio examinado. E o 23 de xullo de 1986 presentei e defendín na Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago a memoria de licenciatura, *O galego en Queizán (O Corgo)*, que recibiu a cualificación de sobresaliente polo tribunal composto polos profesores Antón Santamarina (presidente), Mercedes Brea, Manuel Taboada, Ramón Baltar (vogais) e Manuel González (director). Esta tesina, aínda hoxe inédita, contén un estudo da fonética e do léxico propios da fala da parroquia de Queizán a partir dos textos orais transcritos.

O artigo que estou a presentar agora baséase obviamente na investigación que levei a cabo hai xa vinte e cinco anos, aínda que procurei actualizar algúns aspectos que puidesen perder vixencia ou ficar obsoletos.

Se se lle pregunta hoxe a calquera falante do noso territorio lingüístico por onde se fala mellor o galego, vai optar, xeralmente, por unha zona o máis afastada posible do lugar no que vive ou polo que se move habitualmente. E isto é doadamente comprensible pola visión pexorativa que os falantes galegos teñen da súa variante lingüística. Por outra banda, na actualidade os falantes menores de 40 anos, que tiveron a oportunidade de se formaren no galego dentro da etapa da



escolaridade obrigatoria, vense interferidos pola variedade estándar, polo que non serían os informantes axeitados para unha análise da súa variedade diatópica ou xeográfica. No noso caso, os informantes escollidos eran maiores de 50 anos, nativos da parroquia e a maioría viviron sempre na casa na que naceron.



Antiga escola da Granda, convertida hoxe en sede da Asociación de Veciños Bidueiros de Queizán

## 2 VOCALISMO

O galego, que é unha das linguas románicas máis conservadoras, mantén o sistema vocálico do latín vulgar, ao non ditongaren as vogais medias abertas tónicas como sucede no castelán. Por iso, o galego de Queizán, do mesmo xeito que o do resto das falas galegas e o do galego estándar, posúe un sistema vocálico tónico que consta de sete fonemas pola pertinencia da oposición aberto/pechado producida nas vogais de abertura media [ɛ] / [e], [ʊ] / [o].

Con todo, no noso sistema vocálico tónico inflúen factores externos que alteran as solucións previstas. Estes factores, que actúan sobre a vogal tónica pechándoa un grao, poden ser a vogal final, unha consoante nasal ou un elemento iode.

### 2.1 ALTERACIÓN DO TIMBRE ε, ʊ TÓNICOS POR INFLUXO DE VOGAL -O FINAL

As vogais [ɛ], [ʊ] medioabertas tónicas, procedentes de Ē, Ō breves tónicas latinas, poden alterar o seu timbre pasando a realizarse como

pechadas por efecto dun -o en posición final de palabra. Este fenómeno é coñecido co nome de metafonía nominal e dáse noutras moitas falas galegas e tamén no portugués<sup>1</sup>. Algúns exemplos deste influxo metafónico recollido na nosa fala son: *medo, nobelo, esterco, dono*.

Hai casos nos que a variación xenérica do substantivo propicia unha oposición na vogal tónica; pois, mentres que no masculino funciona a metafonía, no feminino mantense a vogal tónica co timbre aberto: *sogro / sugra, testo / testa*.

Pero nos textos colectados tamén atopamos mostras sen metafonizar, é dicir, nomes que manteñen o timbre aberto na vogal tónica a pesar de teren un -o final: *xugo, vello, curvo, ullo, nuvo, hurto, cuiñelo*.

A exemplificación aducida demostra que na fala de Queizán o fenómeno da metafonía nominal é irregular.

### 2.2 ALTERACIÓN DO TIMBRE ε, ʊ TÓNICOS POR INFLUXO DE CONSOANTE NASAL

A nosa fala, fronte á área dos Ancares de León e fronte a outras linguas romances como o portugués e o francés, non ten vogais nasais<sup>2</sup>; pero unha consoante nasal que estea situada despois da vogal tónica medioaberta pode provocar a alteración do seu timbre pechándoa un grao.

A tendencia ao peche da vogal tónica por efecto dunha consoante nasal atopámola no latín dialectal de Italia, e máis tarde xeneralizada no latín vulgar<sup>3</sup>. Nas linguas máis próximas xeográfica e lingüisticamente ao galego, como o castelán ou o portugués, detéctase o mesmo fenómeno<sup>4</sup>.

Tendo en conta que na nosa fala, coma noutras falas do país, aínda que con resultados

(1) Para o portugués véxase WILLIANS, *Do latim ao portugués*, §§ 34.8 e 37.5. E para outras falas galegas A. PORTO DAPENA, *El gallego hablado en la comarca ferrolana*, pp. 27 e 55 e ss., e M. TABOADA, *El habla del valle de Verín*, pp. 66-68.

(2) Para a área ancaresa véxase FERNÁNDEZ REI, F. "Textos do galego exterior: Piantón (A Veiga – Oviedo), Paradaseca do Bierzo (León) e Lubián (Zamora). Caracterización lingüística" en *Homenaje a Álvaro Galmés de Fuentes*, Madrid: Gredos, 1985, p. 183. E para as vogais nasalizadas en portugués véxase WILLIANS, op. cit. § 101.1.

(3) Véxase V. VÄÄNÄNEN, *Introducción al latín vulgar*, § 54.

(4) Para o castelán véxase R. MENÉNDEZ PIDAL, *Manual de gramática histórica*, § 13.4 e para o portugués WILLIANS § 34.9 e 37.6.

diverxentes, a nasal só actúa sobre as vogais [ɛ], [ʊ] tónicas, vou facer unha análise do tema seguindo a estruturación que fixo Manuel Taboada para a fala do val de Verín.

### 2.2.1 Alteración do timbre ɛ tónico por influxo de nasal

Cómpre estudar por separado cada unha das vogais medias, porque a nasal non inflúe coa mesma forza. Pódese afirmar que se observa unha tendencia maior a manter o timbre aberto, de acordo coa etimoloxía, nos resultados de Ě tónico latino trabado por nasal; isto é, que a nasal actúa máis sobre o Ō ca sobre o Ě. Pero temos de ver os distintos contextos nos que pode aparecer a vogal tónica e a nasal para comprobarmos a influencia que exerce esta sobre aquela.

a) ĚNT: *xente, dente, vento*.

A vogal tónica conserva o seu timbre aberto nos dous primeiros exemplos. No terceiro, pola contra, pecha un grao a mesma vogal. A explicación á cerrazón pasa por dúas posibilidades: a actuación da nasal ou a metafonía da vogal -o final. Pero esta segunda razón resulta pouco probable se temos en conta a existencia na nosa fala de palabras como *xenro* ou *tempo*.

b) ĚND: *merenda, facenda*.

Aquí a nasal actúa sobre a vogal tónica dando como resultado unha vogal de abertura media e pechada.

c) Ě + nasal + consoante distinta das anteriores: *sempre, xenro*.

A nasal non inflúe nestes exemplos, e polo tanto o timbre da vogal tónica é aberto.

d) Nasal + Ě + nasal: *ferramenta, formento*.

Como no caso anterior, o Ě tónico entre dúas consoantes nasais mantén o seu timbre etimolóxico.

### 2.2.2 Alteración do timbre ʊ tónico por influxo de nasal

Se no apartado anterior se detectaba a escasa influencia da nasal sobre a vogal tónica, aquí

pódese percibir a tendencia contraria; é dicir, que xeralmente a nasal pecha a vogal tónica, aínda que hai excepcións.

a) ŐNT: *monte, ponte, fonte*.

b) Resultado de síncope: *hume, cunde, conto*.

Nos dous primeiros exemplos a vogal mantense aberta sen afectarlle o contacto coa nasal. No terceiro, o peche pode deberse ao influxo da nasal ou ben á metafonía da vogal final.



Lavadoiro da Granda

## 2.3 ALTERACIÓN DA VOGAL TÓNICA POR INFLUXO DE IODE

No alfabeto fonético recibe o nome de iode o *i* que forma parte dun ditongo. Pode ser semivocálico, cando vai despois da vogal que constitúe o núcleo da sílaba, ou semiconsonántico, cando é o primeiro elemento silábico. O iode, a diferenza da nasal e da vogal final, pode influír sobre calquera vogal tónica provocando o seu peche.

*entruído* < INTRŌITUM

Nesta palabra o Ō latino tónico vai sufrir o influxo do elemento semivocálico, e por iso presenta na nosa fala un resultado que non é acorde coa norma etimolóxica; no entanto na maior parte do territorio lingüístico galego atopamos a forma *entruído*, porque o iode non exerce a súa influencia sobre a vogal tónica.

Os grupos latinos -ŬLT- -ŬCT- -ŬCT-, pola vocalización do primeiro elemento consonántico, e -ŌRI- -ŌRI-, por unha metátese, crean un iode que

dará lugar a diversos resultados no galego. O profesor Fernández Rei estableceu o seguinte cadro, que consta de seis sistemas distintos, para explicar todas as variedades observables nas falas galegas.

		A	B	C	D	E	F
-ÜLT-	MÜLTUM	moito	muíto	muíto	muíto	muto	mutio
	AÜSCULTARE	escoitar	escuitar	escuitar	escuitar	escutar	escutiar
-ÜCT-	LÜCTAM	loita	luíta	luíta	luíta	luta	lutia
	TRÜCTAM	troita	truíta	truíta	truíta	truta	trutia
-ÖCT-	NÖCTEM	noíte	nuíte	noíte	noíte	noíte	noíte
	ÖCTO	oito	uío	oito	oito	oito	oito
-ÖRI-	VERSÖRIAM	vasoira	vasuíra	vasoira	vasoura	vasoira	vasoira
-ÖRI-	CÖRIUM	coiro	cuíro	coiro	couro	coiro	coiro

No material recolleito da nosa fala atopamos mostras destes grupos que demostran o influxo do iode na vogal tónica: *muíto*, *mui*, *escuitar*, *truíta*, *luíta*, *oito*, *coiro*. A vogal tónica pecha un grao o seu timbre debido ao iode:  $\ddot{U} > u$ ,  $\ddot{O} > o$ .

Porén, tamén temos o grupo -ÖRI- no que o iode non inflúe no timbre da vogal tónica:

*Corredoira* < CURRETÖRIAM

Tendo en conta os exemplos que vimos de ver, podemos tirar a conclusión de que os resultados destes grupos no galego de Queizán se corresponden co sistema C, que Francisco Fernández Rei vincula ao galego oriental<sup>5</sup>.

## 2.4 VOCALISMO ÁTONO

O sistema de sete fonemas vocálicos que posúe o galego en posición tónica, fica reducido a cinco en posición átona non final, como consecuencia da neutralización dos fonemas de abertura media. Aínda que en posición pretónica podemos atopar exemplos de vogais de abertura media con timbre aberto en palabras derivadas formadas co sufixo -*iño* se as primitivas teñen esta vogal como tónica<sup>6</sup>: *velliño*, *purquiños*.

Con outros sufixos non se mantén o timbre da vogal tónica da palabra primitiva. Así da simple *ferro* detectamos *ferreiros* e *ferramentas*. Nesta circunstancia os falantes non son conscientes da presenza da palabra primitiva nas dúas derivadas. En cambio o nome co sufixo diminutivo asóciano ao substantivo do que procede.

A variante de Queizán, como as das restantes falas galegas, caracterízase por presentar un sistema vocálico átono inestable, pois estas

vogais poden padecer alteracións por influencia doutra vogal ou dunha consoante coas que están en contacto. E incluso hai a posibilidade da perda ou da aparición dunha vogal non acorde coa etimoloxía.

### 2.4.1 Harmonización vocálica

Fálase de harmonización vocálica cando as vogais de abertura máxima e media (a, e, o) en posición pretónica inicial pechan un grao por influxo dun iode ou dun [i] tónico. A fala da nosa parroquia rexistra abondosos exemplos deste fenómeno.

Así o [a] ante iode pode manter o timbre ou ben converterse nun [ɛ]: *bailar* / *beilando*.

O mesmo vai suceder polo influxo dun [i] tónico: *así* / *esí*, *aí* / *éí*, *alí* / *elí*, *aquí* / *equí*, *pedriño*, *exiña*, *éinda*.

O fonema velar medio pretónico [o], cando se ve afectado polo iode ou polo [i] tónico, pecharase nun velar de abertura mínima ou manterase, provocando a aparición dun arquifonema velar: *cuciñeiro*, *cociña* / *cuciña*, *podía*, *buníto*.

Finalmente, o [e] en sílaba pretónica inicial pode verse afectado por un elemento iode ou por un [i] da sílaba tónica e pechase orixinando un fonema palatal de abertura mínima [i] ou ben conservar o seu timbre, co que teremos un arquifonema palatal: *rigueiro*, *inteirizas*, *veciño* / *viciño*, *midir*, *pidir*.

### 2.4.2 Outros fenómenos

É preciso diferenciar tres tipos de fenómenos segundo a súa incidencia na vogal átona. En primeiro lugar hai aqueles casos nos que unha vogal átona presenta mudanzas no seu timbre debido ao influxo doutra vogal, normalmente a tónica, ou dunha consoante coa que vai en contacto:

- Asimilacións: *acupada*, *espadazada*, *torbón*, *torrón*.
- Disimilacións: *afetuar*, *sábena*, *formento*, *péxagos*.

(5) Para un coñecemento máis fondo da realidade diatópica galega destes grupos véxase F. FERNÁNDEZ REI, *Dialectoloxía da lingua galega*, pp. 48-51.

(6) Para unha análise das vogais medias abertas en sílaba átona véxase A. VEIGA, *Fonología gallega*, & 3.22

En segundo lugar encontramos fenómenos que provocan a aparición dunha vogal átona antietimolóxica:

- a) Prótese. Consiste na aparición dunha vogal non etimolóxica ao comezo de palabra e que de ordinario é un *a*: *apegábase*, *adivirtindo*, *acipillalas*, *arrematar*.
- b) Epéntese. Fálase de vogal epentética cando se introduce unha vogal, normalmente un iode entre dúas vogais en hiato, no interior dunha palabra: *caíeu*.
- c) Anaptise. É a epéntese que se produce ao desenvolverse unha vogal entre consoante líquida e nasal ou entre consoante ou grupo consonántico e líquida e nasal: *quelaro*, *birisca*.
- d) Paragoxe. Consiste na adición dunha vogal, normalmente un *-e*, en posición final de palabra. Aínda que na fala de Queizán non ten vixencia o *e* paragóxico, rexistráronse varios exemplos que proceden dos finais de verso de cantigas populares: *arrautare*, *casare*, *consolare*, *Queizanze*, *San Julianhe*, *méle*, *levare*, *mullere*, *sumministrare*.

E para concluír co vocalismo átono, pasamos a analizar aqueles fenómenos que se caracterizan pola perda dalgunha vogal etimolóxica en posición inacentuada:

- a) Aférese. Trátase da perda da vogal pretónica inicial. É, polo tanto, o fenómeno contrario á prótese; e como nesta, é xeralmente a vogal de abertura máxima a que se perde: *marélo*.
- b) Síncope. Dicimos que hai síncope cando a vogal átona que se perdeu, pretónica ou postónica, ía en posición interior de palabra: *dreito*, *dreita*, *aparceu*, *vrao*.

### 3 CONSONANTISMO

O galego de Queizán, como o de todo o concello do Corgo, non presenta ningún dos dous trazos fonéticos consonánticos máis característicos da dialectoloxía galega como son a gheada e o seseo. Pero si se detectan outros fenómenos que teñen relevancia diatópica na nosa fala.



Represa ou tapacuña para regar os prados de Leiras

### 3.1 EVOLUCIÓN DOS GRUPOS LATINOS KWA- E GWA-

Os falares galegos ofrecen unha dobre solución á evolución destes grupos latinos:

- a) Conservación do grupo como ocorre no castelán e no portugués. Rexístrase no galego oriental, en boa parte de Ourense e no Baixo Miño pontevedrés.
- b) Perda do elemento semiconsonántico *wau*<sup>7</sup>. Rexístrase no resto do territorio lingüístico galego e é a solución adoptada como normativa para as voces patrimoniais e as cultas máis popularizadas.

Na fala de Queizán atópase a convivencia das dúas solucións no grupo KWA-: *cuando* / *cando*, *cuanto* / *canto*, *se cuadra* / *se cadra*. Pero para ver cal é privativa e poder tirar algunha conclusión escolmei todos os exemplos dos textos orais gravados, como se pode ver no cadro que vén a continuación.

Dos setenta exemplos atopados, manteñen o elemento *wau* o 31,42% (22 casos) e pérdeno o 68,57% (48 casos). Ademais, cada unha das palabras nas que permaneceu o grupo latino sen alteración ten a súa correspondente nas que se perdeu o elemento *wau*. Incluso ás veces era o mesmo informante o que empregaba os dous resultados. Poida que en tempos fose a solución

(7) Letra do alfabeto hebreo coa que se designa en lingüística o "u" semiconsonántico ou semivocálico que forma parte dun ditongo.

	KW-		K-		TOTAL	
	Nº	%	Nº	%	Nº	%
QUANDO	11	40,74	16	59,25	27	38,57
QUANTUM	1	33,33	2	66,66	3	4,28
QUANTOS	3	100			3	4,28
QUANTAS	4	80	1	20	5	7,14
SI QUADRAM	3	27,27	8	72,72	11	15,71
QUATTUOR			9	100	9	12,85
QUARTOS			9	100	9	12,85
QUALIS			3	100	3	4,28
<b>TOTAL</b>	<b>22</b>	<b>31,42</b>	<b>48</b>	<b>68,57</b>	<b>70</b>	<b>99,96</b>

natural da parroquia, pois eran os veciños maiores de oitenta anos os que máis a empregaban, pero na actualidade podó constatar que o mantemento do grupo latino está nun franco retroceso e só se detecta algunha vez na lingua dos falantes máis vellos ou nalgún individuo con interferencias do castelán. É evidente que a acción do galego estándar, presente na escola e nos medios de comunicación, xogou na súa contra.

No grupo GWA- tamén se recollen as dúas solucións, aínda que con poucas mostras para poder tirar conclusións: *guardamontes, gadaña, gardeinos*.

### 3.2 OS GRUPOS -CT- E -PT-

Estes grupos latinos atópanse soamente en palabras cultas que ao seren utilizadas na fala popular vanse converter en patrimoniais, pois perden o primeiro elemento do grupo:

*precepto* < PRAECEPTUM  
*setiembre* < SEPTEMBREM

Outra posibilidade que se dá é a vocalización dese primeiro elemento nun [u] ou nun [i]:

*defecto* < DEFECTUM  
*respeuto* < RESPECTUM  
*leición* < LECTIONEM

### 3.3 AS TERMINACIÓNS LATINAS -ALES, -OLES

Presentan dúas posibles solucións na nosa lingua:

- No galego oriental a perda do -L- intervocálico latino provocou un ditongo: ANIMALES > animais.
- No resto do territorio, ao perderse o -L-, produciuse unha asimilación vocálica a

favor da primeira vogal e posteriormente veu a contracción: ANIMALES > animás.

O material recollido da nosa fala ofrece algunha mostra desta última evolución: *reás* < REGALES, *temporás* < TEMPORALES.

No galego de Queizán, e na maioría das variedades lingüísticas que presentan a segunda solución, este resultado foi substituído na maior parte dos casos pola terminación -ales, -oles (*minerales, morales, carnavales*), que, como afirma Fernández Rei, “máis que dun castelanismo morfolóxico, ben pode deberse a unha evolución xerada polo propio galego, o mesmo que pasou no norte de Portugal”<sup>8</sup> onde non se pode explicar polo influxo do castelán.

### 3.4 AS TERMINACIÓNS -ANES, -ONES

Paralelamente ás anteriores, as terminacións latinas -ANES, -ONES deron lugar, en principio, a dúas solucións nas falas galegas:

- No denominado Bloque Oriental, segundo a clasificación de Fernández Rei<sup>9</sup>, desapareceu o -N- latino intervocálico e orixinouse un ditongo: CANES > cais.
- No resto das falas, despois de perderse o -N-, houbo unha asimilación a favor da primeira vogal con contracción posterior: CANES > cas, cans.

Nesta segunda solución produciuse un dobre desenlace. As falas occidentais recuperaron a nasal (cans), mentres que as centrais presentan un resultado sen nasal (cas). Naturalmente que a fala da nosa parroquia forma parte do Bloque Central como se desprende dos exemplos atopados nos textos orais: *ladrós, montós, lacós, xamós, operaciós, cordós, torrós, cas, folgazás*.

### 3.5 AS TERMINACIÓNS -ANUM, -ANAM, -ANOS, -ANAS

A transformación destas terminacións latinas ao galego presenta basicamente dúas solucións que abranguen a maior parte do territorio lingüístico galego:

(8) F. FERNÁNDEZ REI, *Dialectoloxía da lingua galega*, p. 65.  
(9) Neste artigo séguese a clasificación dialectal que o profesor Fernández Rei desenvolveu nunha serie de traballos e que pode verse no seu libro *Dialectoloxía da lingua galega*, xa citado na nota anterior.

- a) -án(s), sen distinción xenérica, propia do galego occidental.
- b) -ao(s) ~ au(s)<sup>10</sup> para o masculino, excepto *mao* ~ *mau* que é un substantivo feminino, e -á(s) para o feminino, característica dos falares centrais e orientais.

A fala de Queizán, como non podía ser doutro xeito, ofrece mostras do segundo resultado: *mau* ~ *mao*, *vrao*, *mañá*, *irmá*, *irmaos*, *maus*, *mañás*.

### 3.6 AS TERMINACIÓNS -INUM, -INAM, -INOS, -INAS

Estas terminacións latinas deron lugar a dúas solucións distintas nas falas galegas:

- a) -ín, -ía, -íus ~ íos, ías. Atópámola na parte máis oriental de Lugo e no galego de Asturias e de León.
- b) -iño, -iña, -iños, -iñas. É o resultado adoptado polo resto do galego.

A nosa fala participa da segunda solución, como se pode comprobar nos exemplos escolmados: *camiño*, *paiño*, *velliño*, *padriño*, *madriña*, *purquiños*, *sobriñas*.

## 4 FONÉTICA SINTÁCTICA

Na cadea falada, sempre que non se faga unha pronuncia propia dos rexistros cultos e acorde coa escrita, as palabras non se emiten como unidades independentes, senón que tenden a unirse provocando unha serie de fenómenos non representados na grafía que imos estudar neste



Vértice xeodésico

apartado. Porque non se fala con sons illados, estes experimentan modificacións fonéticas cando entran en contacto con outros sons.

Nos textos recolleitos que reproducen a fala da nosa parroquia hai mostras abondo para facer unha análise das alteracións producidas ao entraren en contacto dous fonemas pertencentes a distintas palabras.

### 4.1 DOUS FONEMAS VOCÁLICOS

En primeiro lugar cómpre centrarse nas alteracións operadas dentro das vogais naqueles contextos que presentan unha palabra que remata en vogal e a que a segue tamén empeza por vogal. Para a análise dos seus resultados é necesario termos en conta a tonicidade ou non das mesmas.

#### 4.1.1 Dúas vogais tónicas

Cando unha palabra termina en vogal tónica e a que vén despois empeza tamén por vogal tónica, mantéñense as dúas sempre sen ningún tipo de alteración: *elí un*.

#### 4.1.2 Dúas vogais átonas

Se as dúas vogais que se encontran na frase son átonas poden presentar diversos resultados:

- a) Perda dunha das vogais e mantemento da outra.

Esta asimilación pode levarse a cabo entre dúas vogais co mesmo timbre:

-e e-  
*Eso hai qu' enrellalo*  
*Máis ca s' estivera casado*

-o o-  
*Non daba feit' o que tiña que facer*  
*Per' o que tiña*  
 Ou ben poden ter timbre diferente:

(10) Amable Veiga considera que a existencia deste tipo de dobleses debe explicarse pola neutralización das oposicións de grao de abertura na marxe silábica. De aí que sexa o mesmo pronunciar *mau* ou *mao*. Véxase A. VEIGA, Op. Cit. & 4.5.

-a e- > a

*Iba 'n Lugo*

*O que se chamaba 'spalmar*

-e a- > a

*S'acostumbraban*

*Vinm' así*

Cando se encontran un a e un e átonos, como se comproba nos exemplos anteriores, normalmente é a vogal máis aberta a que se mantén impondo o seu timbre, pero pódense atopar excepcións: *Daquel' hàbí' escuelas*

-e o- > o

*Pensei qu' o matara*

*Sempr' o botaba*

-e i- > i

*O pai chamábanll' Indalecio*

-e u- > u

*Tirámosll' un rebolazo*

*Faloull' un novio*

Os exemplos vistos amósannos que o e átono non se mantén nunca en posición final de palabra. En cambio o o, aínda que desaparece ante a ou i, permanece cando vai seguido dun e inicial:

-o e- > o

*Mui agosto 'stuveron*

*Víñall' o demo 'ncima*

-o a- > a

*Tod' aquel traícto*

-o i- > i

*oit' irmaos*

-o u- > u

*Estuv' un cacho*

- b) Redución a unha vogal diferente das primitivas

O encontro entre dúas vogais átonas de abertura máxima resólvese cun fonema do mesmo timbre, pero que posúe unha abertura maior e que vou representar graficamente cun acento grave:

*El ib' àlò detrás dunha lacena*

*Cunh' àixula*

Cando unha palabra que remata nunha vogal átona vai seguida dunha primeira forma do artigo en masculino ou do determinante indefinido *un*, coas súas variantes de xénero e número, obtemos como resultado un novo fonema vocálico velar e aberto. É un fenómeno moi rico en exemplos:

-a o > u

*Lev' us guardamontes*

*Que se cham' u rostro*

-a u- > u

*Nunca coller' un toxo*

*Habí' unha macheta*

*Tiñ' unhes dolores!*

*Tiñ' unhas curnas!*

Tamén como consecuencia deste caso, a preposición *a* contrae nos contextos nos que vai seguida do indefinido. E mesmo na segunda frase podemos ver a perda de dúas vogais de abertura máxima (a vogal final da palabra anterior e a preposición):

*Ib' àlí' unha taberna*

*Bótoll' unha pouca aug' ' un pouco sal*

- c) Cando hai algunha pausa entre as dúas palabras, daquela mantéñense as vogais átonas: *comía touciño, aló no monte.*

#### 4.1.3 Unha vogal tónica e outra átona

- a) Perda da vogal átona e mantemento da tónica

A diferenza do apartado anterior, aquí vemos, como é lóxico, que é a vogal átona a que desaparece e que é a vogal tónica a que permanece. A combinación vogal átona + vogal tónica é a que prevalece nos textos:

-a u-

*Pegab' us pequenos*

*Espér' h'!*

-e á-

*Pa face-lo arau qu' ara*

*Marchei us quinz' anos*

-e ε-

*Porqu' era malo*

*I-así ch' era*

-e í-  
*Qu'iba*

-o ε-  
*Com'era día de San José*  
*Qu'es'ε mui bunito*

-o é-  
*Per'estes*

u e-  
u 'scondite  
u 'ncender

Así e todo, hai casos que constitúen excepción nos que se mantén a vogal átona e cae a tónica. Como podemos comprobar, trátase daqueles exemplos nos que o indefinido *outro* vai precedido dunha palabra rematada nun a átono.

*Pr'autr'ano*  
*Com'otra*

- b) Redución a unha vogal distinta ás orixinarias

Un fenómeno de grande importancia, polas repercusións morfolóxicas que ten, que se dá na nosa fala é a mudanza de timbre que se produce na vogal tónica dos pronomes *el, este, ese*, coas súas variantes de xénero e número, ao contraeren cun a átono. A vogal tónica destes pronomes pasa a realizarse como medioaberta ao reducirse coa preposición *a* que a precede:

*Pidinll'eu antes 'el*  
*Non ε o mesmo falar da guerra como ir 'ela*  
*Andiven pouco 'elas*  
*Dediqueim' á vida de... 'esta vida de labrador*

Ou tamén cun a átono final que vai antes dun pronome persoal ou demostrativo ou dun determinante demostrativo:

*P'εso*  
*Non tiñ'εse peso*  
*Quedou εsí mirando pr'el'ε dixo*  
*Com'el ind'hàbíá máis*

- c) Cando unha das vogais é tónica e a outra átona existe a posibilidade de se manterem as dúas: *nesa aira, elí enguruñau*. Polo menos na segunda frase percíbese na gravación unha moi suave pausa entre o adverbio de lugar e o participio.

#### 4.1.4 A conxunción copulativa e seguida de vogal

A conxunción copulativa seguida dunha palabra que empeza por vogal merece unha análise especial polos resultados que presenta na fala da nosa parroquia.

- a) Mantemento da conxunción e perda da vogal inicial. Neste caso a vogal sempre vai ser unha palatal mediopechada:

*ε'n paga de llas poñer pr' u rego*  
*ε'staba comendo*  
*ε'mpezou a traballar*

- b) Formación dun ditongo crecente

Na maioría das ocasións a conxunción vaise converter nunha semiconsoante e o novo iode provocará a abertura da vogal inicial da palabra seguinte. Así a palatal pechada tanto tónica como átona vaise transformar nunha palatal aberta:

*i-el pagabàs*  
*i-estes bouriando pra meterlle máis medo*  
*i-estaban os nabos por εí*  
*i-entonces descubriuse*

Con todo, hai mostras nas que, a pesar do iode, a vogal inicial non modificou o seu timbre: *i-eu*. Neste exemplo, repetido varias veces por diferentes informantes, formouse un tritongo e pode explicarse a non abertura da vogal media por influxo da semivogal que a segue.

A conxunción copulativa, cando vai antes dun artigo masculino convértese nun iode e actúa sobre a vogal velar abríndoa un grao:

*i-u hume andaba pidindo*  
*os xamós i-us lacós*

Do mesmo xeito a conxunción, pronunciada como semiconsoante, actúa sobre o indefinido *un*, e as súas variantes de xénero e número, dando lugar a unha vogal velar medioaberta:

*i-unha cabezada*  
*i-un cesto*

Co indefinido *outro*, e as súas variantes, a vogal inicial abre orixinando unha de abertura máxima: *i-autros, i-autras veces*.



A conxunción copulativa que estamos a estudar tamén se transforma nun iode cando vai despois un *a*, aínda que, como é lóxico ao ser *a* de abertura máxima, mantén o seu timbre sen alteracións: *i-había, i-así*.

## 4.2 DOUS FONEMAS CONSONÁNTICOS

Malia teren unha menor transcendencia porque na maior parte das ocorrencias permanecen inalteradas, cómpre pescudar nos textos orais gravados as mudanzas que se desenvolven naquelas palabras que rematan en consoante e a que vai despois comeza tamén por consoante.

### 4.2.1 Encontro de nasais

Cando unha palabra remata en consoante nasal e a que vén despois empeza tamén por nasal pode producirse a asimilación dunha pola outra. É un dos trazos característicos da fonética do falante galego, pois nesta pronuncia a nasal velar en posición final queda asimilada pola labial ou pola alveolar inicial da palabra seguinte:

*Se no' me cónta-la verdá*  
*Xa no' m' acurdo*  
*No' nos dan un perro chico*

### 4.2.2 Encontro doutras consoantes

Se unha palabra que remata en consoante vai seguida doutra que empeza pola mesma consoante ou por unha de articulación próxima, o previsible é que unha delas se perda asimilada pola outra:

*Afiei un' seis anos*  
*Vamo' xuntar algo*

No primeiro exemplo hai unha asimilación entre fonemas coa mesma articulación e no segundo ambos os dous son de articulación cercana.

## 4.3 CONSOANTES FINAIS

Na fala obxecto de estudo, como no resto das galegas, o *-n* en posición final de palabra pronúnciase regularmente como velar. E percíbese ben nos textos orais cos exemplos de paragoxe escolmados nunha cantiga que xa foron analizados: *Queizanhe, San Julianhe*.

Pero hai algunha excepción na que a nasal final se articula como alveolar e que serve para recoñecer doadamente o galegofalante nativo fronte ao neofalante que non é quen de percibir esta particularidade e vai pronunciar a nasal como velar. Dáse nas partículas *non, quen, ben, tamén* e outras cando van seguidas da primeira forma do pronome persoal átono de terceira persoa en función de complemento directo:

*O que non-a tiña*  
*Non-o había*  
*Quen-o duda*  
*Tamen-o sabes*

Tamén temos outras excepcións nas que, por motivos diferentes ás anteriores, a nasal final artículase como alveolar:

*Na Plaza de San-Antón*  
*San-Andrés*  
*Os que non tiñan-a carne*  
*E fixeron-o cambio*  
*Facían-a feir' así á beira dun monte*

Nas dúas primeiras frases, os falantes non teñen conciencia de esteren diante de dúas palabras distintas; pensan que se trata dunha soa palabra e pronúnciana como tal. Na segunda, todos os que vivimos no Corgo sabemos que esa é a denominación popular da parroquia que oficialmente denominamos Santo André de Chamoso.

Nas tres últimas frases, tiradas dun mesmo informante que daquela tiña 94 anos, a nasal final do verbo seguida do artigo artículase como alveolar, no entanto no galego de Queizán pronúnciase como velar para diferencialo dos contextos en que vai seguido do pronome átono. O feito de que o informante xa citado empregue no mesmo contexto a nasal velar (*habí' unha casiña que lle chamaban a casa do Monte*) demostra que nin sequera é un trazo persoal, aínda que puidese ser indicio, pola idade, dun fenómeno antigo en extinción.

## 5 CONCLUSIÓN

Das características lingüísticas diatópicas analizadas no artigo podemos concluír que o



Vista do cruceiro do camposanto

galego que se fala en Queizán entra dentro do que Francisco Fernández Rei denomina Bloque Central, como o demostran os plurais dos nomes rematados en *-n* (*ladrós* ou *folgazás*) ou a presenza do sufixo *-iño* (*padriño*, *madriña* ou *sobriñas*). Nestes trazos coincide coa fala de todas as parroquias do concello do Corgo.

Con todo, hai algún fenómeno que achega a nosa fala ao Bloque Oriental como sucede cos resultados da alteración da vogal tónica por influxo de iode en *muíto*, *escuitar*, *luíta*, *truíta*, *oíto* ou *coiro* e tamén coa evolución do grupo latino inicial KWA- que presenta en máis do 30% dos exemplos rexistrados o mantemento do grupo (*cuando*, *cuanto*). O primeiro tamén se pode encontrar noutras parroquias do concello<sup>11</sup>. Por outra banda, o segundo sufriu un importante retroceso e actualmente só se rexistra na lingua dos falantes máis vellos.

Outros trazos do vocalismo como a metafonía ou a harmonización rexístranse, en maior ou menor medida, en case todas as falas do territorio lingüístico galego e, desde logo, pódense atopar na lingua de calquera falante do noso concello. Na fonética sintáctica percíbese unha grande coherencia. No encontro entre unha vogal tónica e outra átona é esta a que loxicamente vai desaparecer, aínda que ás veces se xera unha vogal diferente, e cando conflúen dúas átonas tende a manterse sempre a de abertura máxima [a] e a desaparecer sempre a palatal mediopechada [e]. Mención especial merece o comportamento da conxunción copulativa “e” que se transforma nunha semiconsoante iode e que xeralmente actúa sobre a vogal que vai despois abríndoa un grao ou incluso dous, como sucede en “*i-un cesto*”.



O río visto dende a ponte de Leiras

(11) Lémbrase que na parroquia de San Miguel de Pedrafita hai a Casa do Truíto.

## 6 BIBLIOGRAFÍA

- BUGARÍN LÓPEZ, María Xesús. *O galego fundamental: dicionario de frecuencias*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza, 2007.
- COUCEIRO, José Luis. *El habla de Feás*. Santiago de Compostela: Servicio de Publicacións da Universidade (anexo 5 de *Verba*), 1976.
- DUBERT GARCÍA, Francisco. *Aspectos do galego de Santiago de Compostela*. Santiago de Compostela: Servicio de Publicacións da Universidade (anexo 44 de *Verba*), 1999.
- FERNÁNDEZ REI, Francisco. *Dialectoloxía da lingua galega*. Vigo: Xerais, 1990.
- GARCÍA, Constantino. *Glosario de voces galegas de hoxe*. Santiago de Compostela: Servicio de Publicacións da Universidade (anexo 27 de *Verba*), 1985.
- MENÉNDEZ PIDAL, Ramón. *Manual de gramática histórica*. Madrid: Gredos, 1968.
- PORTO DAPENA, J. Álvaro. *El gallego hablado en la comarca ferrolana*, Santiago de Compostela: Servicio de Publicacións da Universidade (anexo 9 de *Verba*), 1977.
- REGUEIRA, Xosé Luís. “Cambios fonolóxicos no galego actual”. En Mercedes Brea, Francisco Fernández Rei, Xosé Luís Regueira. *Cada palabra pesaba, cada palabra medía. Homenaxe a Antón Santamarina*. Santiago de Compostela: Servicio de Publicacións da Universidade, 2008, pp. 275-286.
- TABOADA, Manuel. *El habla del valle de Verín*. Santiago de Compostela: Servicio de Publicacións da universidade (anexo 15 de *Verba*), 1979.
- VÄÄNÄNEN, Veikko. *Introducción al latín vulgar*. Madrid: Gredos, 1968.
- VEIGA, Amable. *Fonología gallega*. Valencia: Bello (col. Biblioteca Filológica), 1976.
- WILLIAMS, Edwin Bucher. *Do latim ao portugués. Fonología e morfología históricas da língua portuguesa*. Rio de Janeiro: Tempo Brasileiro. 1975.



Fonte da Granda

## RESUMO

Este artigo pretende achegar o lector a un dos feitos camiñeiros máis importantes da recente historia de España: a construción dos camiños reais por parte dos primeiros borbóns. Este achegamento pretende facerse a través da análise dos restos que aínda hoxe son visibles destes camiños e onde son senlleiros os leguarios.

## PALABRAS CLAVE

Camiño real, leguario, rede radial, Carlos III, Carlos Lemaur, legua.

## 1 LIMIAR

A construción de camiños sempre foi, e aínda é, unha tarefa enormemente complexa porque implica intervir directamente sobre o territorio e proceder á súa modificación. Unha transformación que require por unha banda un completo coñecemento do territorio pero tamén a delimitación clara dos obxectivos a acadar. Pois ben, estas dúas premisas non se lograron durante boa parte da historia da humanidade. De feito, antes do século XVIII, tan só Roma foi capaz de levalas a cabo implementando unha rede de case 100.000 km que aseguraban un completo control do territorio tanto militar como comercial.

Durante o resto das épocas anteriores á contemporánea, Idade Media e Moderna, tan só se modifica o territorio a través da agricultura pero non cos camiños. As intervencións sobre as rutas terrestres limitábanse á mellora dos pasos difíciles, á construción dunha ponte ou a pequenas reparacións e rectificacións de sección e trazado, pero non había unha planificación a nivel de estado. Esta ausencia débese a varios factores dependendo da época, pero podemos resumilos en tres. Inexistencia de estado en determinados momentos, descoñecemento do territorio e polo tanto incapacidade técnica, e falta de visión económica ao descoñecer a estreita relación existente entre camiño e desenvolvemento comercial.

O panorama cambia completamente a mediados do século XVIII coa chegada ao trono de Carlos III (1759-1788) e o seu fillo Carlos IV (1788-1808). O culpable do cambio foi a Ilustración, un pensamento que se estendía por Europa como un

### Gómez Vila, Javier


info@javiergomez.org. www.javiergomez.org

Doutor en Arqueoloxía e Hª Antiga

Profesor de Ensino Secundario no IES

N. S. dos Ollos Grandes (Lugo)

regueiro de pólvora e que prometía empregar a razón para mellorar a vida. Os reis adaptárono axiña como unha forma de afianzar o seu poder absoluto pero disfrazado como un medio para incrementar a riqueza do reino e lograr a felicidade e benestar dos seus súbditos. Así apareceu o rei déspota ilustrado que ía empregar o seu poder xunto coas luces da razón e os adiantos da época para impulsar as reformas que transformasen a mala situación vixente. Pero para facer isto, considerábase que non era necesario contar coas masas, xa que se presupoñía que a miseria e ignorancia en que vivían lles impedía coñecer cales eran os remedios para resolver a súa patética situación. En consecuencia o rei faría o de sempre, o que lle dera a gana baixo o lema: todo para o pobo pero sen o pobo.



Lám. 1 Camiño Real de Acceso a Galicia a carón do río Valcarcel en 1809. Debuxo orixinal de R.W. Bradford do libro *The campaign of the british army in Spain*

## 2 A POLÍTICA CAMIÑEIRA DE CARLOS III

Dicir que o logro principal do reinado de Carlos III foi o fomento da enxeñaría camiñeira sería, sen dúbida, unha esaxeración; pero forzoso é recoñecer que durante o seu reinado, -sen desvalorizar os logros do seu predecesor, Fernando VII, nin os do seu fillo, Carlos IV-, deixou sentir un notable interese no referente ás obras públicas en materia de comunicacións, o que, tamén é boa verdade, non podía ser doutra maneira dadas as circunstancias.

En efecto, o proxecto ilustrado de Carlos III contou, entre outras, coa vantaxe engadida dunha relativa paz, polo menos nos seus comezos e de auxe económico considerable e inusitado.

A mellor maneira de coñecer a situación económica que estaba a sufrir España é botarlle unha ollada ao “Proxecto Económico” do que fora ministro da Real Xunta de Comercio e Moeda baixo o reinado de Fernando VI, o irlandés Bernardo Ward (1762).

Comeza Ward a súa obra preguntándose algo obvio: como é posible que tendo España nese momento as mesmas posesións que na época de Filipe II quedase tan atrasada mentres o resto das potencias veciñas avanzaran moitísimo? O “Proxecto económico” trataba, en suma, de resolver esa situación ao expor as reformas necesarias para fomentar a economía, tanto en materia de agricultura, como de industria, comercio, crecemento demográfico, etc.

A parte que nos interesa deste “Proxecto...”, o terreo das comunicacións, desenvólvese no capítulo 1, parte primeira. Xa ao principio de todo ponse de manifesto que é a carencia de vías de comunicación entre as provincias interiores e o mar, a causa dos males da “industria del cosechero labrador y la fertilidad de la tierra”. E máis, continúa Ward dando no cravo, “de nada servirá la libertad de comercio, si no se cuenta con ríos navegables y caminos hechos para facilitar el transporte”. Serán pois “los buenos caminos” os que reducirán os custos do transporte, feito que, forzosamente, haberá de redundar en beneficio de toda a “nación”. Xa non se trataba, e aí radica a novidade, de facer camiños para evitar os bandidos ou facer máis cómodas as viaxes, -idea pola que se rexía a construción de camiños en épocas anteriores-; Ward expuña, desde un punto de vista moito máis práctico, a necesidade de relanzar a economía fomentando, entre outras cousas, pero como condición necesaria, as obras públicas.

En definitiva, a obra de Ward viña chamar a atención sobre a máis que urxente necesidade que tiña España de boas vías de comunicación, co obxecto de revitalizar o comercio, a industria, a agricultura, e en definitiva, o benestar da “nación”.

Non en balde, todos os economistas coincidiron sempre en que canto menores sexan os custos de información, maiores as posibilidades de intercambio comercial, con todas as consecuencias económicas que de tal proposición derívanse. Así, o famoso Adam Smith sinalaba que “os bos camiños, canles e ríos navegables, ao diminuír o custo do transporte, achegan as máis remotas partes dos países, aproximándoas nun nivel similar ás veciñanzas dunha cidade; polo tanto -os camiños- desde ese punto de vista, son os máis grandes de todos os avances”.

Este autor propuña a construción de seis grandes camiños partindo de Madrid: á Coruña, Badaxoz, Cádiz, Alacante e á raia de Francia, tanto por Baiona como por Perpiñán, aparte doutros transversais. E será este precisamente o plan que leve adiante o rei Carlos III a través do que poderíamos denominar, se se permite o anacronismo, “plan xeneral de estradas”, dado polo Real Decreto do 10 de xuño de 1761, que tanta fama lle proporcionou ao monarca.



Lám. 2 O Camiño Real nas inmediacións de Pedrafitá do Cebreiro

### O real Decreto de 1761

Expedido “para hacer caminos rectos y sólidos en España que faciliten el comercio de unas provincias a otras dando principio por las de Andalucía, Extremadura, Galicia y Valencia”. O obxectivo técnico era construír “rutas majestuosas... grandes caminos reales” a imitación do modelo francés xa en uso dende 1720. Os defensores destas ambiciosas propostas técnicas foron Fernández Mesa e frei Martiño Sarmiento, o noso querido Perucho, a través de sendos escritos nos que se defende que a única

maneira de acadar esta maxestrosidade era “imitar a los romanos” tanto nos trazados rectos<sup>1</sup> como na técnica construtiva.


Nesta instrución de 1761 nomeábase ao Marqués de Esquilache superintendente xeral de camiños, que tiña, ao igual que tódolos cargos mencionados no artigo segundo, plenos poderes “con inhibición de todo Tribunal para conocer en los incidentes que puedan ocurrir con los trabajadores, empleados, dueños de las tierras, y posesiones por donde sea necesario que pase la carretera... con motivo de los desmontes de tierra, piedra o cascajo, o corte de madera y leñas”. É dicir, creábase unha xurisdición especial en dúas cuestións básicas para a construción dos camiños: as expropiacións e talas de árbores.

O Regulamento prevía tamén quen sería o encargado e como habían de facerse os proxectos para os camiños a construír. Por riba de todo o sistema técnico estaría sempre un enxeñeiro director, de quen dependían todos os enxeñeiros da provincia, mentres que el, á súa vez, facíao do seu Capitán Xeral. En definitiva, un enorme e complexo armazón xerárquico de persoas implicadas nas obras de camiños que moitas veces dificultaban máis que axilizaban o proceso, dadas as continuas desavinzas entre eles, e cun constante retardo da obra dada a complexidade burocrática.

### O Camiño Real de acceso a Galicia

As críticas sobre o mal estado dos camiños en Galicia eran unha constante dende había séculos. A cuestión debía ser moi grave se temos en conta que xa en 1804 e co Camiño Real de acceso rematado, Lucas Labrada aínda está a opinar que con estes camiños “mal puede adelantar la cultura de la tierra, ni dar salida a sus productos... por la mayor parte montuosa cual Galicia, con los peores caminos transversales que se pueda imaginar”. Certo é que especifica que os malos eran os transversais, polo que supoñemos que está satisfeito cos principais, entre os que se atopa o noso protagonista.

Creo que a primeira pregunta que debemos facernos é, por que o camiño a Galicia era prioritario? “Formar las instrucciones correspondientes para que con la brevedad, y economía posibles se comiencen los de



Lám. 3 O Camiño Real de acceso a Galicia na Carte des routes d'une partie de la Galice, por P Lartigue (1808)

Andalucía, Cataluña, Galicia...” e non a Bilbao, a San Sebastián ou, mesmo, a Badaxoz, por pór algúns exemplos. Quizais sexan varias as causas, entre as que podemos destacar, o gran crecemento demográfico de Galicia motivado seguramente pola aparición, a mediados do século XVII, do cultivo do millo.

Doutra banda, segundo o catastro de Ensenada, a Galicia sur, -Santiago, Ourense-, representa un 66% da poboación total, e a Galicia norte, -A Coruña, Lugo-, unicamente o 33%. Pero en 1787, mentres que no sur mantense, cun lixeiro descenso, a poboación do eixo A Coruña-Ferrol-Betanzos aumenta a súa. As razóns deste incremento poderían explicarse pola acción conxunta de varios factores, como son: o auxe do porto da Coruña, o arsenal de Ferrol, e a existencia na cidade da Capitanía Xeral de Galicia. Con todo, o que parece un feito incontestable é que Galicia viu aumentar a súa poboación durante o século XVIII, en maior proporción que España no seu conxunto, sobre todo durante os anos 1717 a 1749; aínda que, a partir dese momento a emigración foi bastante elevada.

Se temos en conta estes datos tamén poderemos explicar por que non se aceptou o trazado proposto polo primeiro enxeñeiro do camiño, José Crame, en 1762. Un trazado que desde Madrid ía a

(1) “desde Madrid como centro, deben salir líneas rectas hasta las extremidades de toda España”; Sarmiento, Fray Martín, *De caminos. Apuntamientos para un discurso sobre la necesidad que hay en España de unos buenos Caminos Reales y de su pública utilidad, y del modo de dirijirlos, demarcarlos, construírlos, comunicarlos, medírlas, adornarlos, abastecerlos y conservarlos*, 1757, páxs. 55 e ss.



Lám. 5 Detalle da zona do Corgo - Lugo do "Mapa del Pays y del camino entre Lugo y Villafranca" elaborado por Carlos Lemaur en 1769

Zamora para despois entrar a Galicia polo sur seguindo a antiga ruta de arrieiros cara a Ourense, Santiago e A Coruña. Maila a indubidable superioridade demográfica do sur, a razón que

creouse desde A Coruña á Habana un servizo mensual de buques de correos, permitindo levar media carga de mercadoría en cada viaxe, tanto de ida como de volta.



Lám. 4 Detalle da zona de Doncos e Noceda do "Mapa del Pays y del camino entre Lugo y Villafranca" elaborado por Carlos Lemaur en 1769

inclinou a balanza cara ao norte foi a enorme importancia do porto da Coruña, coa necesidade engadida de facilitar o comercio cara ao interior e exterior.

Sen ir máis lonxe, o Real Decreto de 1761 contemplaba a necesidade de bos camiños "para conducir con facilidade los frutos y los géneros que sobran en unas provincias, a otras que están necesitadas de ellos, introducir en las interiores los géneros extranjeros, y llevar a los puertos para extraer a otros países los que no son precisos en estos".

Neste senso, hai que ter en conta ademais que tres anos despois da promulgación do plan de camiños

Se a este dato lle engadimos a enorme importancia estratéxica e militar do arsenal de Ferrol, unha creación por certo que se comezou na época de Filipe V, pai de Carlos III, queda claro por que se elixiu Galicia e dentro dela o trazado norte.

O substituto de José Crame foi un técnico traído a España para redactar e levar a cabo, sobre todo, proxectos de canles nos que fracasa estrepitosamente.

Máis sorte tivo Carlos Lemaur cos camiños, véxase por exemplo a brillante solución

que propuxo para o paso de Despeñaperros, ou cos edificios, dos que en Galicia queda o testemuño do palacio do arcebispo Raxoi -actual concello de Santiago de Compostela- que, cremos, non desmerece en nada a fachada de Fernando de Casas ou a reforma da catedral de Lugo, ambos os dous proxectos executados ao mesmo tempo que as obras do Camiño Real de Galicia.

Pero pouco sabemos deste enxeñeiro antes da súa chegada a España, agás o seu lugar de nacemento e o que el mesmo conta no seu curriculum, no que pouco aclara por certo, no relativo á súa formación académica e profesional. Segundo palabras do propio Lemaur, cursou

---

estudos en París con distinción, e traballou posteriormente como enxeñeiro no exército francés en 1744.

Nada máis chegar á península emprende a construción dunha serie de obras realmente importantes e complexas que provocaron constantes enfrontamentos cos seus superiores e certas acusacións de desobediencia e malversación de fondos. A primeira foi o Canal de Castela, unha antiga idea das cortes de Valladolid de 1548, que consistía en construír un canal de navegación que puxese en contacto “el gran centro productor que era Castilla con el puerto de Santander, lo que supondría la posibilidad de tráfico comercial con las colonias de Ultramar”. Posteriormente traballou en 1755 no porto de Corcubión e en 1757 noutros portos de Galicia para reparalos e mellorar as súas defensas.

Despois da súa intervención nas obras do camiño de Galicia, Lemaur traballou en dous importantes proxectos de enxeñaría: o porto de Despeñaperros e o canal do Guadarrama en 1785.

Ademais de levar a cabo todas estas obras, e como bo ilustrado, dedicaba o seu tempo ao estudo doutras materias, como a Astronomía, as Matemáticas ou mesmo, a Arqueoloxía. De feito, en 1758 reclámano na Corte a fin de formar parte da recentemente creada Sociedade de Matemáticas, da que era daquela director, Pedro Lucuze. Froito destas actividades foi a elaboración de diversos escritos sobre unha variada temática como, por exemplo, “Tratado de Dinámica” elaborado para a Sociedade Matemática, “Discurso sobre la Astronomía o introducción al conocimiento de los fenómenos astronómicos, sus leyes, su causa, y su aplicación a los usos de la vida civil” publicado en 1762, ou mesmo o “Examen de los carros actualmente en uso en Galicia” presentado en 1765 ante a Sociedade Galega de Agricultura.

Lemaur tamén tomou parte activa nas deliberacións da Real Academia de Agricultura de Galicia, ante a que presentou varias disertacións como a súa “Explicación de la causa porque no se cultivan anualmente gran parte de los montes en Galicia y del medio con que se podrán cultivar”, “Causas generales que obran en el abandono de las tierras cultivadas”, e “Sobre la turba descubierta en la plaza de Orzán, de La Coruña”.

Pero quizais os traballos máis interesantes para o noso estudo foron un conxunto de excelentes mapas sobre o camiño real e outros camiños da zona denominados “Mapa del pays y del camino entre Lugo y Villafranca”, conservados actualmente na cartoteca histórica do Servizo Xeográfico do Exército, así como o achado de restos arqueolóxicos de época romana que tan cientificamente soubo catalogar.

En resumo, son moitas as obras legadas por Lemaur e vemos nelas a man dun home cun talante investigador incuestionable, e sobre todo, un espírito inquieto, inmerso nunha personalidade polifacética, propia dun singular enxeñeiro en nada semellante aos seus coetáneos.

Pero volvendo ás obras do Camiño Real de Acceso a Galicia, despois da destitución de José Crame en 1762, Carlos Lemaur dirixe as obras en dúas fases sempre marcadas pola polémica.

A primeira iniciouse co seu nomeamento como enxeñeiro de “detall”, denominación que se lle daba na época, o 13 de maio de 1763 e concluíu co seu cesamento, mediante decreto do 18 de decembro de 1765. Como vimos, as causas deste cesamento son as continuas desavinzas co marqués de Croix que era o máximo responsábel da execución das obras de camiños.

O primeiro enfrontamento directo co marqués, e quizais o principal motivo desta primeira destitución, foi a causa do trazado que debía seguir o camiño a partir do lugar coñecido como a venda de Cortiñán (A Coruña). A decisión, finalmente, foi seguir o trazado que elaborara Croix, pero o enfrontamento debeu de ser bastante forte, ata o punto de que se paralizaron as obras, xa que ninguén sabía que dirección tomar. A disparidade de criterios supuxo que un problema que empezara a discutirse en outubro de 1765 chegase á primavera do 1766 sen resolver ao non adoptarse ningunha decisión. A mesma disparidade de criterios tamén é apreciable posteriormente na propia provincia de Lugo (Gómez Vila 2006, 153), cando en 1767 volve xurdir a discusión sobre o trazado que debe levar o camiño para salvar o porto de Pedrafita do Cebreiro. Lemaur dálle a razón aos xuíces de Doncos e Noceda (V. Anexo 1, docs 1 e 2) ao pretender seguir pola antiga vía militar romana, da que dicía ser o descubridor “...en estas



travajossísimas marchas he descubierto la antigua vía militar...". De feito, unha das principais acusacións que se lle fixeron foi a de que, a pesar de seguir o camiño pola devandita vía, gastara moito, cando o normal fose que, ao aproveitar un camiño preexistente, as obras resultasen menos custosas (v. Lam. 4).

Croix, do mesmo xeito que Esquilache antes da súa caída, consideraba a Lemaur persoa de espírito "despótico e dominante", que non admitía "boa sociedade e harmonía...", para concluír que non se conseguiría nada bo se Lemaur continuaba ocupándose das obras. Parece que Esquilache comprendeu á perfección as razóns do marqués, porque nada máis producirse o conflito, promulgábase un decreto no que se ordenaba que pasase ao camiño de Galicia, como enxeñeiro director, Gregorio Espinosa de los Monteros, quen dirixiu o camiño por pouco tempo, concretamente desde o 18 de decembro de 1765, data do decreto de nomeamento, ata a primavera de 1766, momento en que se produciu a caída do ministro, reiniciáronse as obras e tivo lugar a definitiva reincorporación de Lemaur ao camiño, concretamente en xuño dese ano.

A segunda fase, iniciouse polo tanto o 27 de xuño de 1766 e rematou o 2 de maio de 1769, por orde do rei, quen lle encargou ao enxeñeiro Baltasar Ricaud que se fixese cargo da dirección do camiño, aínda que, de feito, o Conde de Croix ordenara o seu cesamento algúns meses antes, mandando que pasase a Barcelona, sen esperar sequera a real orde. Nesta ocasión o enfrontamento provocou a suposta insubordinación do enxeñeiro e a malversación de caudais públicos, concretamente dunha partida de 66.748 reais e nove marabedís que se lle entregarán para facer pagos atrasados e que



Lám. 6 Leguario de Laxosa

Lemaur supostamente destinou a outros mesteres.

O nomeamento de Baltasar Ricaud como enxeñeiro xefe e de Miguel Múzquiz como superintendente implican unha maior orde e control na execución dos traballos. Será nesta segunda etapa, entre 1769 e 1780, cando se rematen a case totalidade das zonas pendentes de execución e se recompoñan multitude de treitos que xa amosaban un palpable deterioro. De feito, en 1772 ao mesmo tempo que rematan as obras entre Astorga e Pedrafita, iníciase a reparación do camiño entre Valcárcel e Noceda, e ao ano seguinte, entre A Coruña e a venda de Cortiñán. Segundo se deduce dos informes de Ricaud este precoz deterioro débese á realización precipitada e sen consistencia das caixas e dos pavimentos, circunstancia agravada polas "copiosas lluvias ... que inundan y destruyen los caminos". Ademais, a gran cantidade de carros "que el país tiene para su comercio" armaban nas lamias prominentes cravos que "surcan en exceso y destruyen el firme del camino"<sup>2</sup>.

A coroa, decatándose axiña destes males, dita en 1772 unha Real Célula onde prohibe expresamente empregar a roda estreita e os cravos prominentes, establecéndose a obrigatoriedade da lamia ancha e lisa con tres polgadas (7 cm) como mínimo. Estas mesmas esixencias aprécianse na Orde da Superintendencia de 1777, engadindo a obriga de levantar a altura dos carros en oito dedos (14 cm) co obxectivo de conseguir maior radio de xiro sen danar o pavimento. De non cumprir ambas as dúas obrigas "se les confiscará el carro y su valor será aplicado al fondo de caminos".

Aínda que non se pode determinar unha data exacta para a conclusión dos traballos, debido ás múltiples reformas que se seguen a realizar, é entre 1777 e 1785 cando se unen os derradeiros treitos pendentes de execución: Becerreá-Lugo e Lugo con Betanzos.

(2) As mesmas circunstancias aprécianse noutros tramos. Vid. 19 de xullo de 1777. Informe do enxeñeiro Jaime Amphoux a Felix O'neille sobre as causas e gastos ocasionados polo esborramento do Camiño Real de acceso a Galicia no tramo de Pereje - Trabadelo. Archivo General de Simancas, S.S.H. 914. "Mui señor mio: Aunque por la relación de adelantamiento y gastos de las obras de este camino general en los seis primeros meses del corriente año que dirigí á usted con carta de Agosto del presente. Se impondría de haberse concluído la limpeza de la porción entre Pereje y Trabadelo de los derrumbos que en los terrenos superiores á él causaron los temporales del invierno último, con el gasto de nueve mil cincuenta y nueve reales..."

### 3 LEGUASE LEGUARIOS

Son varias as similitudes dos leguarios cos antigos miliarios das vías romanas. A primeira é o feito de sinalar a distancia que queda para chegar á cidade de destino, aínda que un faino en leguas e outro en millas (1480 m). A segunda é a propia forma, así mentres o miliario é cilíndrico tipo columna, o leguario é rectangular con sombreirete de remate. Tamén en ambos os dous casos colócanse a unha distancia determinada, cada milla ou cada legua. Porén, no caso do leguario límitase a indicar a distancia mentres que o miliario tamén tiña un papel propagandístico ao incluír todos os títulos do emperador vixente nas primeiras liñas.

A obriga de colocar indicadores de distancia estipulouse nas Ordenanzas de Intendentes e Correxidores de 1718, 1749 e 1788. Así por exemplo, xa Fernando VI estipula en 1749 que en todas as encrucilladas importantes "hagan poner un madero levantado fijo, con una tarjeta, en que diga camino para tal lugar..." (Ordeanza do 13 de Outubro de 1749, art. XXIX).

Se ben a tipoloxía era moi variada, sen dúbida, foi o leguario o soporte máis empregado ata que, a mediados do XIX é substituído polos postes quilométricos e miriamétricos nas rutas máis importantes.

Xa vimos noutro lugar (Gómez Vila, J 2001, 347-356) como o Camiño Real de acceso a Galicia non era alleo a estas ordenanzas e como, de feito, había en cada legua un poste indicador. A propósito deste tema tamén mencionábase as informacións orais recollidas dalgúns veciños de Doncos que aínda lembraban os leguarios que balizaban o camiño no monte Xirondo: *"eran cuadrangulares, de dous metros de alto, e nunha cara poñía a distancia á Coruña. Estaban apoiados nun zócolo e cubertos cunha especie de sombreiro"*



Lám. 7 Leguario de Garabolos onde aínda se aprecia nitidamente o texto

Neste camiño real de acceso a Galicia hai actualmente documentados catro leguarios, tres deles xa publicados polo que subscribe hai uns anos (Gómez Vila 2001, 347-356) e o cuarto descuberto recentemente preto da ponte vella de Gomeán.



Lám. 8 Fragmento do leguario da Ferrería

Todos eles participan dunha mesma tipoloxía e, polo tanto, presentan características comúns con outros de distintos puntos da península. Cantaría de granito a modo de prisma rectangular con zócolo, faixa e sombreirete, aparecendo nun dos seus costados a distancia en leguas Á Coruña.

Un dos publicados, localizado nesta zona, e que atopei casualmente alá por 1999, é o leguario de Laxosa (Lám. 6) que está situado nunha encrucillada de camiños na estrada de Arxemil, a uns 700 m do empalme coa N-VI. Decía nese traballo (Gómez Vila, J 2001, 350) que aínda que posiblemente non fose esta a súa situación orixinaria non debía de afastarse moito dela, xa que por este núcleo pasaba o Camiño Real, como o testemuña a ponte do Vao e a literatura camiñeira decimonónica. O zócolo, ao igual que todos os demais, é cuadrangular de 50 cm de alto e 70 cm de ancho e está fincado no chan uns 20 cm. Sobre el apoia un bloque de granito de gran grosor, desbastado a modo de prisma, de 155 cm de altitude e 55 cm de ancho. No costado, a carón de Madrid aparece unha inscrición coa indicación da distancia á Coruña en leguas: A LA / CORUÑA / 16, tendo as letras unha altitude de 10 cm. Rematando o conxunto sitúase un sombreirete piramidal de 45 cm de alto, e deles, 10 cm corresponden á base cuadrangular. Estas mesmas medidas son as que presentan tamén os demais leguarios dunha maneira exacta, o que demostra claramente que

foron colocados nunha mesma época e que posiblemente foron elaborados polo mesmo obradoiro de canteiros.

O leguario de Garabolos (Lám. 7) dicíamos que se sitúa actualmente a carón da porta principal do parque de bombeiros nunha mediana dos accesos á capital. Tanto na tipoloxía, como no material e nas medidas xa vimos que é idéntico ao de Laxosa, agás a distancia ao punto de destino: A LA / CORUÑA / 14.

O terceiro leguario xa publicado é en realidade un fragmento que estaba situado no peitoril da ponte da aldea de Ferrería (Lám. 8) moi preto das Nogais, e digo estaba porque recentemente desprendeuse desta obra e agora fica tirado no chan con grandes posibilidades de ser estragado. O material desta peza é, ao igual co resto de exemplares, de granito de gran grosa pero neste caso de tan só 38 cm de alto en forma de prisma de 50 cm de lado. A inscrición que amosa presenta unhas letras de 10 cm moi erosionadas e danadas por golpes con perda dalgunha delas. Porén, pode reconstruírse do seguinte xeito: [A] LA / [CO]R[U]ÑA / 23.

Mario Outeiro tivo a amabilidade de comunicarme o recente achado doutro leguario situado moi preto da ponte vella de Gomeán (Lám. 9). Presenta a mesma tipoloxía e as mesmas medidas que os casos anteriores pero ten o valor engadido de atoparse no seu lugar orixinario, sendo este o único caso que coñecemos. Aínda así, e despois da limpeza que lle fixemos, púidose comprobar que non conserva o texto debido á erosión do soporte pero, a



Lám. 9 Leguario da ponte vella de Gomeán

pesar disto, aínda é posible intuír algunhas letras como o “N”. O que non se le de ningún xeito é a distancia que marcaba á Coruña que sería de 17 leguas. Presenta un estado de conservación aceptable, se exceptuamos a ausencia de texto e o feito de que o sombreirete está un pouco descolocado.

A localización deste último leguario é moi interesante sobre todo para determinar con exactitude o valor da legua. De feito, ao longo da historia este valor foi cambiante, incluso nunha mesma época variaba segundo a zona da península de que se tratara. Nun principio indicaba a distancia que unha persoa a pé, ou en cabalgadura, poden andar durante unha hora. Dado que unha persoa percorre normalmente a pé unhas distancias similares, a legua mantense neses valores, pero segundo o tipo de terreo predominante en cada país ou segundo a conveniencia estatal, a legua varía e abarca distancias que van dos 4 aos 7 km, sendo as máis frecuentes as leguas que se atopan na media de tales extremos.

Deste xeito, se calculamos a distancia entre este leguario e o seguinte, que é o de Laxosa, podemos calcular o valor da legua xa que son contiguos. A distancia entre eles é de 7.300 m. Se temos en conta que o de Laxosa está desprazado e que a situación orixinaria sería a carón da N VI, daría a distancia exacta de 7 quilómetros.

Este dato agora confirmado, intuínno no traballo referido anteriormente (Gómez Vila, J 2001, 351) no que afirmaba que “estes leguarios, segundo a súa tipoloxía, parecen xurdir concretamente da Real Resolución do 16 de xaneiro de 1769. Nela establécese que cada legua tivese oito mil varas castelás de Burgos, é dicir, vinte e catro mil pés, equivalentes, polo tanto, a 6,687 quilómetros” e especificaba que “tamén é chamada legua real ou camiñeira de Carlos III para diferenciala da legua común (5,571 quilómetros) e da legua maior (6,352 quilómetros)”. Argumentaba así mesmo que as 14 leguas á Coruña sinaladas no leguario de Laxosa equivalen aos 94 quilómetros reais e que este valor tamén coincide coa distancia entre Madrid e A Coruña que en 1761 era de 101 leguas, é dicir, de 667 quilómetros. Máis distancia que en percorridos posteriores debido, en parte, aos excesivos reconcos que este camiño emprega para salvar os accidentes xeográficos.

A pesar de que oficialmente o valor da legua era como vimos de 6.687 m, na práctica simplifícouse a 7.000 m. en distintas partes da península. Porén, e dados os problemas que ocasionaba a convivencia de distintos valores na península, o Goberno unifica o valor de legua a 5,572 quilómetros, a través do Real Decreto do 26 de xaneiro de 1801. O cambio, aínda que efectivo, non foi duradeiro xa que a verdadeira pretensión era establecer un proceso de unificación, non só na península, senón tamén, co resto de Europa. Isabel II non dubida, polo tanto, en sancionar a Lei do 19-VII-1849 do ministro de Obras Públicas, Bravo Murillo, que introduce o sistema métrico decimal a imitación de Francia, onde xa se aplicaba dende facía dúas décadas. Isto trae como consecuencia inmediata un abandono dos leguarios como postes sinalizadores de distancias e a adopción duns novos indicadores como os postes hectométricos, os miriamétricos, dos que aínda se conserva un exemplar no lugar de Agüeira (Gómez Vila, j. 2001, 353) e os quilométricos.

A construción destes leguarios foi decretada na Real Resolución do 16 de xaneiro de 1769, na que tamén se estipula que as leguas para cada camiño se contén dende Madrid e dende a porta "que máis en derechura se dirigiese a la línea del camino"; sinalándose cun fito alto de pedra, en cuxo frontal se esculpe, con números romanos, a inscrición *A (o lugar de destino) tantas leguas*.

Outra resolución importante para comprender a importancia e a protección que a coroa lles concede a estes leguarios é a de 1 de xuño de 1767 que, no seu artigo oitavo, especifica: "Que a cualquier persona que rompa, pique, de golpes, tire piedras o haga otro cualquier daño ... a las pirámides que señalan las leguas, o que borre las inscripciones que estas tienen, las mancha o escriba en ellas, como se ha experimentado que lo ejecutan, se les asegure en la cárcel, y den cuenta las justicias para imponerle el castigo que merece su malicia, como a los dañadores de la cosa pública"<sup>3</sup>.

#### 4 CONCLUSIÓNS

A importancia e transcendencia dos camiños reais de Carlos III e Carlos IV, e da súa política viaria en definitiva, é incuestionable e supuxo o primeiro intento serio de comunicar as distintas rexións da península desde a época romana. A pregunta que

nos salta na mente nestes momentos é como é posible que durante o imperio español non houbera uns camiños en condicións? A resposta é sinxela. O estado non se facía cargo nin da construción, nin da reparación nin da conservación. A súa participación limitábase a ditar leis para que cada concello "en parte en su término faga abrir y adobar los carriles y caminos por do pasan y suelen pasar y andar carretas y carros".

A pegada destes Camiños Reais está presente na paisaxe actual con multitude de obras de fábrica que salpican a nosa xeografía e falan das bondades, e tamén maldades destes camiños. Cantas aldeas e vilas presentan esa típica disposición lonxitudinal por naceren e creceren a carón do camiño? As Nogais, por exemplo, que naceu ao abeiro do camiño. Esta importancia e maxestividade aínda está hoxe en día na mente dos habitantes das zonas rurais. Cantas veces ao referirse a un relevante camiño antigo ou ponte se menciona como Camiño Real ou, se é moi impresionante, romano, sexa da época que sexa.

Estes camiños reais supuxeron un auténtico revulsivo económico para a época e permitiron o despegue de multitude de zonas que viron como por fin podían transportar as mercadorías e polo tanto vender os seus produtos.

Pero non todo foron vantaxes para os propios veciños do camiño. Evidentemente, moitos vivían ás súas expensas, pero para outros o camiño o que lles trouxo foi unha morea de problemas e desgrazas. Por unha banda baixísimas, irrisorias poderíamos dicir, taxacións de leiras expropiadas excepto, claro está, para os poderosos como o señor de Noceda. Neste senso, a lexislación tamén permitía non indemnizar polas obras efectuadas nos terreos do común e baldíos. Iso implicaba que, á parte de non recibiren os veciños ningún diñeiro, tampouco se necesitaba pedir permiso, polo que non poden estrañar as queixas que os afectados manifestaban, non só por non cobraren, senón tamén pola provocación que supoñía o feito de chegar, ver e cortar, sen llelo comunicar sequera aos particulares, concellos e xustizas respectivas. Outro problema grave era a

(3) Disposición do Marqués de Grimaldí titulada: "Ordenanza para la conservación del Puente Real de Jarama, nuevo camino y plantío de árboles que a costa del Real Erario se ha hecho y construído desde el Real Sitio de Aranjuez a Madrid". A importancia desta disposición radica en que é o primeiro regulamento de conservación de estradas, e de feito, o seu ámbito de actuación estendeuse a todos os camiños reais.

tala indiscriminada de árbores para a construción do camiño que supoñía o enorme prexuízo de verse privados de madeira, imprescindible para as vivendas, ou como substituto do carbón para queentarse, -por citar dous exemplos-, ao que había de engadir a carga de ter que repoboar os seus montes sen se veren compensados por iso.

En resumo, os Camiños Reais marcaron o inicio dunha política viaria a nivel estatal que pretendía revitalizar a economía facendo accesible as distintas zonas peninsulares. Esta política tivo continuidade, por citar un par de exemplos, na época de Isabel II ou tamén durante a ditadura de Primo de Rivera época na que se construíron milleiros de quilómetros de estradas grazas ao labor do Padroado do Circuito Nacional de Firms Especial.

## 5 ANEXOS

### Documento 1. 22 de setembro de 1767

**Carta dos Xuíces de Doncos e Noceda suplicando se trace o Camiño Real de acceso a Galicia pola antiga vía romana entre As Nogais e Pedrafita.**

Arquivo xeneral de Simancas, atado. 911.

Señor.

Los jueces de las villas de Doncos, y Noceda, en el Reyno de Galicia, de nuestra majestad.

Suplican.

Señor.

D. Francisco Velázquez, juez por el duque de Bervvick en la jurisdicción, y feligresía de Santiago de la villa de Doncos, y Don Joseph Álvarez que lo es de la de Santiago de Noceda por nombramiento de don Pedro Luis de Ulloa, coronel de milicias de Lugo, ambas antiguas en las montañas del Cebrero, Reyno de Galicia P.A.L.R(s).P(s) de vuestra Majestad con la maior veneración, en cumplimiento de la obligación de sus officios, y con deseo de la pública utilidad, dicen: que haviendo llegado a su noticia la piadosa deliberación de vuestra majestad para que se conpusiesen los caminos públicos, siempre se persuadieron a que, desde el puente llamado de la Herrería, que se está fabricando sobre el río Navia, prosiguiese la dirección por el camino antiguo existente, hasta el lugar de Piedrafita, último de este Reyno, en los confines del de León mediante las patentes

ventajas, que se siguen, conducentes al maior beneficio común.

1ª. Que desde d(ic)ho puente al citado Piedrafita (distantes tres leguas vulgares) passa por las poblaciones de la villa de Nogales, la de Doncos, ventas de la entrada de Castelo, casas de la Sierra, Campa de Colmo, y Pozas, que sirven para el preciso abrigo, y aloxamiento de tropa, y caminantes, teniendo entre si a este fin una proporcionada distancia.

2ª. Que todo este camino se halla hecho y bien ensanchado con órdenes superiores sin que necesite más fábrica que tal qual reparo en lo que esté descompuesto, poco nivelado de piso, o ancho, sin embargo, que generalmente tiene el de veinte a veinte y quatro pies.

3ª. Que con estas apreciables circunstancias concurren las no menos útiles, de ser macizo, el más seguido, libre de avenidas tempestuosas, y sus fosos; de que por necessario consiguiente resulta la mayor facilidad del tránsito, permanencia de la obra, y de despejo de nieves en lo que gira por la sierra, movidas del ayre a los vaxios; y que assimismo escusarse mucho tiempo, e inmensos caudales en su total rotura, y fábrica, cuyo dispendio se haze inevitable rompiéndose de nuevo por otro sitio.

4ª. Que desde el referido puente de la Herrería hasta la salida de la villa de Nogales viene llano, y de allí, pasando por el río Lavandeyra, mediante otro puente, a cuya fábrica aun no se dio principio, prosigue subiendo en lenta disminución a d(ic)ho Doncos, Castelo, y un trecho antes de las casas de la Sierra, de donde vuelve a seguir llano por el de ésta, hasta cerca del lugar de Piedrafita, al que declina suavemente.

5ª. Que toda la subida, que hay en este camino, a demás de que no llega a legua y media, ni poder dexar de haverla por otra qualquiera parte, que se dirija, no es tanta que deba llamarse agria, ni merezca compararse a la de Guadarrama, Vistillas de San Francisco, Cuesta de la Vega, ni aun a la calle de Segovia y otras de la corte; y después de esto aún contiene a techos muchos sitios llanos, que embebidos en los repechos se disimularon en tanto grado éstos, que apenas veran perceptibles, y quedarán, puestos por nivel, mucho más suaves que lo está la calle de Segovia; no debiéndose conceptuar por preciso, el que sea enteramente de llano, quando la naturaleza del terreno lo resista, se gasta más que utiliza, y puede, sin tanto

dispendio, ser con toda seguridad transitable, que es el fin y esencia de todo camino, de modo, que aun con sólo la que tiene, le sobra capacidad, para que le transite cualquiera coche sin riesgo.

Pero no obstante la notoria utilidad de estas ventajas, observaron los súplicantes, que tan lejos de aprovecharlas, como era regular, se dirigió el proyecto desde el puente de la (Herre)ria no por d(ic)ho camino existente, que las contiene, sino por fuera de el, sacando la ruta de el centro a la extremidad oriental de la villa de Nogales, dirigiéndola después por la falda de la sierra de Juncedo, chozas de Furco, Herrería de Bueyes, y casas ya expresadas de la Sierra, adonde se incorpora y prosigue el camino existente: cuya delineación corrió de público haberse presentado en la corte y aprobado su plan.

Y aunque por ella se consiguen las utilidades de abrebriarse alguna cosa el camino, por no sondear tantos valles; ser escusado el puente sobre el río Lavandeyra; y livertarse la ruta de torrentes, y avenidas por passar sujeta a tierras incultas, no causarse en estas a los naturales perjuicio digno de satisfacción, y venir en bastante llano, hasta poco antes de la Herrería de Bueyes; también se siguen los perjuicios de ser necesario romperla enteramente de nuevo desde el citado puente de la Herrería hasta cerca del lugar de casas de la Sierra distantes cosa de cinco quartos de legua, y para ello gastar crecidos caudales, por las durezas y escolos que hay que vencer; deberse formar una Z desde antes de la Herrería de Bueyes, hasta la incorporación en el camino existente para de este modo disimular la subida, que hay en aquel trecho, donde se halla reunida la de esta delineación que será su longitud el de poco más de medio quarto de legua, y no aprovecharse el tránsito de Castelo, y Doncos, que son de mayor vecindad que la Herrería de Bueyes y chozas del Furco, no obstante, que Doncos tiene que las casas muy dispersas.

Y sin embargo de este proyecto aprobado por la superioridad, observaron también, que se quiere mudar dirigiendo la delineación, no por el camino existente ni por la referida falda de Juncedo, sino que, desde los confines de Nogales se procura torcer atravesando el camino existente y río Lavandeyra, mediante elevado puente, que a este fin se intenta fabricar con ánimo de sondear un fronterizo y eminente Cerro llamado Gironde y dirigirla por el lugar de Espariz a d(ic)ho Doncos, castelo y Piedrafita.

Esta nueva, y última delineación, no contiene utilidad alguna conducente a la permanencia de la obra, bien público, y naturales, ante sí, muchos y muy considerables perjuicios.

1º. Que desde el puente ya citado de la Herrería hasta d(ic)ho Piedrafita, se dirige por donde, además de exceder la longitud de las tres leguas vulgares, es preciso romperla enteramente de nuevo, y gastar sin comparación mucho más, que por la antecedente de Juncedo, y antigua existente.

2ª. Que con lo antecedente concurre ser el terreno en la mayor parte agrio, y pendiente al río Navia, en tanto grado, que a lo menos desde Castelo bajando a Doncos, y Espariz, hasta los Nogales, es cosa intolerable, y el menos advertido ha de reconocerlo, a vista de los precipicios, y durezas, que coge el proyecto, cuyo descenso pasa de cinco quartos de legua, siendo digno de consideración (omitiendo otros) el que media al sitio del Christo entre Espariz, y Doncos, y sigue toda la bajada a los Nogales pues sobre ser cerca de media lengua, horroriza el deslizadero a d(ic)ho río Navia, necesitando petril, y romperse en peña a fuerza de manos, por no ser en la mayor parte de calidad, en que obre la eficacia del barreno; por lo qual concurre ser imposible disimular la cuesta tan agria que apenas se sube a cavallo por todo lo que este trecho, donde la conclusión del cerro reúne lo más fatal del precipicio.

3º. Esta delineación la cruzan de alto a bajo muchas arroyeras, y fosos tan profundos de las tempestuosas avenidas, que se necesita para cada uno, además del puente sobre el río Lavandeyra, otro tan elevado y formal como el de cualquiera río; pues en los casos de sus torrentes, a que es propenso el Pays, son formidables, arrancando peñas, árboles, y quanto encuentran, con que atascan, y sacan, como es notorio, de su curso al Navia.

4º. Que atraviesa, especialmente desde Castelo a los Nogales distantes por esta línea cosa de cinco quartos de legua, tierras labradas, casas, arboledas, y cercados de d(ic)ho Castelo, Doncos, y Espariz, causando a sus naturales en uno, y en otro crecidísimos daños, que por poderse evitar, se hace escusable al Real Erario un crecido desembolso para su pago.

5º. Que por los muchos valles, que tiene que sondear, no sólo es más largo el camino, por esta

delineación, que por la antecedente de la falta de Juncedo, y antigua existente, sino que como lo labradío, y arroyeras quedan en muchas partes superiores, es preciso, que continuamente padezca quiebras, atascándose y rompiéndose, faltando de consiguiente su estabilidad, fin principal de la obra.

6º. Que siendo circunstancia muy apreciable para todo viajante, que el camino gire por repetidas poblaciones, se abandona en este proyecto tan importante objeto; pues desde d(ic)ho Castelo, hasta Piedrafita, se delinea por parage yermo, respecto que las aldeas de Pozas, Campa de colmo, y casas de la Sierra las dexa en el alto de esta, y las de Brañas, Ferreyras, y Pía quedan tan abajo de la proyectada ruta, que, pasando esta por el despoblado intermedio nada le aprovechan a su abrigo, antes bien se patentiza, que en todo este despoblado, cuya distancia pasa de dos leguas, se exponen a insultos, robos, y muertes los caminantes, y a ser sufocados en los vaxios opilados por las nieves, que desde lo alto y impele el ayre, y molestados en el estío, con repetidos bochornos: cuyos perjuicios experimentados en lo antiguo motivaron elegir la ruta despejada, que oy se cursa por el llano, y limpio de la Sierra, y borrar una estrecha senda monstruosa, y emboscada, que por tenues indicios se dice girada por donde se intenta construir la de este nuevo proyecto.

7º. Que por lo antecedente se evidencia pasar sólo esta última delineación desde el puente de Herrería a Piedrafita por las poblaciones de Nogales, Espariz, Doncos y Castelo: la dirigida por la falda de Juncedo lo hacen por la del mismo Nogales, chozas del Furco, Herrería de Bueyes, casas de la Sierra, Campa de colmo, y Pozas; y la del camino existente gira por el centro de d(ic)ho Nogales a Doncos, Castelo, casas de la Sierra, Campa de colmo, y Pozas, de modo, que en este importante particular, ninguna de las tres delineaciones es menos surtida de commodas poblaciones, para abrigar el tránsito, que la del expresado último proyecto, ni más ventajosa que la del camino existente.

Con lo antecedente concurre que toda variación induce perplexidad causativa de que se dude el acierto, además de siempre entenderse, que la aprobación de Vuestra majestad en estos assumptos se funda en el concepto de que no halya otro parage más ventajoso, que ló es en el presente, como queda insinuado, el camino

existente, sinque en su comparación lo pueda ser alguna de los restantes proyectados, y mucho menos el último.

Por todas estas razones, señor, se contemplan los súplicantes, como tales jueces, únicos oficiales en sus respectivas judicaturas, fieles vasallos de Vuestra majestad amantes del bien común, y de la patria, constituidos en la precisa obligación de exponerlas a vuestra majestad como lo hacen con la mayor utilidad, y sumisión, deseando, que las piadosas resoluciones de vuestra majestad tengan aquel efecto que apetece de mayor permanencia, utilidad, y menos gravamen al Real Erario, y que por todos modos resulte aquel fiel cumplimiento de los benignos decretos de vuestra majestad quede el público servido, y en nada perjudicado el particular.

En esta atención, señor, paraque más por menor puedan los suplicantes con el mayor arreglo, y sin la menor dilación manifestar con toda puntualidad quanto dexan expuesto.

Suplican a vuestra majestad se digne mandar se comunique orden, para que se entregue a los pueblos de las feligresías de Doncos, y Noceda, por donde gira la variación de d(ic)hos proyectos, especialmente a los súplicantes, copia arreglada de los respectivos planes correspondientes a las precitadas delineaciones: que en ello esperan de la R(eal) piedad de vuestra majestad recibir especialmente.

Doncos 22 de septiembre de 1767.

Señor

Francisco Velázquez. (signo)

Joseph Santín y Alvarez (signo)

## Documento 2. 2 de decembro de 1767

**Carta do enxeñeiro xefe do Camiño Real de acceso a Galicia D. Carlos Lemaury en resposta á enviada polos xuíces de Doncos e Noceda con relación á petición de cambio de trazado do Camiño Real entre As Nogais e Pedrafita.**

Arquivo Xeneral de Simancas, atado. 911.

Mui señor mío: a Vuestra Señoría consta así por los planos de la traza de la obra echa, y emprendida, como por las noticias subcesibas de los progresos de ella, que no se ha tocado a la parte comprendida entre el puente de la Herrería de los Nogales, sobre el río Navia, y el lugar de Piedrafita, y por consiguiente, que no puede haver

llegado el caso de alterar lo proyectado, ya probado por la superioridad, respecto a esta parte.

Es verdad, que este proyecto tiene los grandes inconvenientes, que observan los Jueces de Doncos y Noceda en su representación, que Vuestra señoría se sirve incluirme, con fecha 30 del mes próximo pasado; esto es, de ser muy costosa la ejecución y sujeto el camino, desde la Herrería de buey acegarze por las Niebes, mediante dirigirse sobre la ladera de la montaña opuesta al Norte; pero estas dificultades, que no deje de conocer al tiempo de levantar el plano, y no pude resolver, por faltar de el tiempo, y ser necesaria entonces mi presencia en la obra, que se estaban executando, las he visto en toda su fuerza, mientras he permanecido en el lugar de Piedrafita, andando a pie todas las montañas, para reconocer mejor sus laderas.

En estas trabajosísimas marchas he descubierto la antigua vía militar, la qual he echo observar a vuestra señoría, quando vino a este Reyno, entre Piedrafita y Castelo; y ofreciendo este camino antiguo gran comodidad en la ejecución del nuevo, he pensado, como entonces insinué a vs, dirigirlo sobre ella; y las niebes, que don Pedro Luis de Ulloa pintó a vuestra señoría en sus cartas, como dificultad de más momento en esta ladera que en la cumbre de la montaña, donde dize, que no permanecen, se han reconocido en el hibierno anterior, que han sido más copiosas que el de veinte años a esta parte, ser muchas menos las que caen, y se conserban sobre esta antigua via militar, que en lo alto, y por consiguiente, que es más útil y más conbeniente a todo respecto conducir el camino nuevo por ella, desde Piedrafita a Castelo.

En quanto al proyecto de la parte, desde Castelo a los Nogales, no se puede intentar la formación de él por el camino actual, sino conformandose, como lo confiesan los mismos Jueces a dejarlo tan agrio, como está, e igual a las subidas de las Vistillas de San Francisco, y cuesta de la Nega en Madrid, que nadie ciertamente alla comodas, y se tendrían por absolutamente impracticables, si, como el camino de que se trata, tubiesen una legua de largo.

A fin pues de precaber este inconveniente el maior de todos; pues de no suabizar las subidas, y vajadas para facilitar el transporte con todo género de carruajes, minorando su precio, es lo mismo, que dejar el camino en su estado actual, contra la

mente de su Majestad he pensado dirigirlo por la cuesta de Esparis, después de haver pasado el río Labandeira, sobre un puente tan alto, como es necesario, para libertarlo, y al camino de las grandes avenidas, a que está sujeto este río, ganando al mismo tiempo quánta altura se pudiese, para que esté más suave la subida hasta Castelo, y evitar una ladera de peña muy agria, que sin esta precaución, deviera atravesar el proyecto; y aunque la rapidez de la desde este ideado puente, hasta más allá de Esparis sea tan grande, como lo expresan los citados Jueces, la dificultad, que ofrece es mucho menor, que las ya venzidas en el camino echo entre Piedrafita, y Ruitelan, Forre, y el Manzanal; y a lo menos iguales a las que se devieran vencer, siguiendo la dirección de el camino actual hasta el mismo Castelo; en lugar que, dirigiéndose por Esparis, estas dificultades se terminan un quarto de legua, antes de llegar a Doncos, por consiguiente será menos costosa la ejecución por esta dirección que por qualquiera otra, el camino será más cómodo, y abrigado, y estando expuesto al medio día, en toda su extensión, será menos sujeto a los yelos, que, en tiempo de hibierno, suelen hacer todos los demás de la montaña muy peligrosos.

Esto mismo, y quanto expongo en esta carta, lo conoce vuestra Señoría; ya porque en su viage à este Reyno hà podido observar el terreno, de que se trata, ya porque he procurado en todas las conversaciones, que se han ofrezido sobre este asunto, con motivo de las repetidas cartas, que al mismo fin escribió a vuestra majestad don Pedro Luis de Ulloa, expresar todos los fundamentos, que tenía, para intentar el nuevo proyecto, el qual, hasta aora, sólo existe en idea; últimamente, respondiendome en 15 de abril a la capitulación, que me hacía este caballero, acusándome de haver alterado el proyecto aprobado por su majestad, no he podido menos de hacer presente a vuestra Señoría el mucho trabajo, que tendría yo, si deviera responder a todas las objeciones infundadas de qualquier interesado, que querría conducir el camino, por donde juzgare serle más útil; y aora veo en la representación de los Jueces el mismo espíritu de las cartas de Don Pedro Luis de Ulloa de reducir apleito ordinario, haciéndome parte, la dirección de el camino, entre los Nogales, y Piedrafita: pues estos Jueces sin hacerse cargo, que la determinación del proyecto no es asunto de justicia, y sólo depende de el pleno poder de su majestad, para obxar lo que allare más conbeniente al bien de su Reyno, piden copia de



los planos, para su examen, arreglado a ellos, exponer nuebamente, y más por menor quanto tengan, que decir: esto es para molestar sin fin a la superioridad, con sus recursos, y tener siempre ala mano un pretexto, para estorbar mis operaciones.

Esto es cuánto puedo informar a vuestra majestad, sobre este asunto, ratificandome siempre, en que no tengo maior interés, en el acierto, assí respecto a la perfección, y comodidad del camino, como ala economía en su construcción, y que este principio será siempre la guía de mis reflexiones, y conociendo por otra parte que lo primero es obedecer los preceptos de la superioridad qualquiera determinación será para mí una regla, de la qual nunca me apartaré.

Dios guarde a vuestra majestad muchos años como desco(¿)

Coruña diciembre 2 de 1767

Excelentísimo señor.

B. ilustrísimo de V. C. Su mas attento servidor.  
Carlos Lemaur (signo)

## 6 BIBLIOGRAFÍA

- ALVARADO BLANCO, S / DURÁN, Manuel e NÁRDIZ, Carlos. *Puentes históricos de Galicia*. Colegio Oficial de Ingenieros de Caminos, Canales y Puertos, Xunta de Galicia, 1989.
- ALZOLA Y MINONDO, Pablo, *Historia de las obras públicas en España*. Ed. Turner, 1979.
- AMPHOUX, Jaime. *19 de julio de 1777. Informe do enxeneiro Jaime Amphoux a Felix O'neille sobre as causas e gastos ocasionados polo derrube do Camiño Real de acceso a Galicia no tramo de Pereje-Trabadelo*. Archivo General de Simancas, S.S.H. 914, 1777.
- BONET CORREA, A., et al. *La polémica ingenieros-arquitectos en España siglo XIX*. Madrid: 1985.
- CAMPOMANES, Pedro Rodríguez, Conde de. *Itinerario real de las carreras de postas*. Ed. facsímil del original, impreso en 1761, Centro de publicacións do ministerio de transporte, turismo e comunicacións.
- CORNIDE, J. A. *Advertencias a tener en cuenta para la dirección del camino que va de Betanzos a Lugo*. Archivo General del Reino de Galicia, papeles de Cornide, leg. 13, n.º 216, sen data.
- FERNÁNDEZ CASADO, Carlos. *Breve historia de las obras públicas*. Madrid: Ed. Dossat, 1950.
- FERNÁNDEZ DE MESA, Tomás. *Tratado legal y político de caminos públicos y posadas*. Madrid: 1756.
- GARCÍA BARZANALLANA, L. *Tratado de carreteras y ferrocarriles*. Madrid: Ed. De Bailly-Bailliere e hijos, 1906.
- GARCÍA FUENTES, M. *El camino Real de Acceso a Galicia en el siglo XVIII*. A Coruña: Excma. Deputación de A Coruña, 1987.
- GARCÍA FUENTES, M. *Galicia incomunicada por red viaria en el siglo XVIII*. A Coruña: Universidade da Coruña, servicio de publicaciones, 1999.
- GARCÍA ORTEGA, Pablo, *Historia de la legislación española de caminos y carreteras*. Ed. MOPU, 1982.
- GÓMEZ VILA, Javier. "Leguas e leguarios no Camiño Real de Acceso a Galicia", en *Lucensia*, nº 23, vol. XI. 347-356, 2001.
- GÓMEZ VILA, Javier. *Vías romanas de la Provincia de Lugo*. Santiago: USC, 2006.
- LEMAUR, C. *Mapa del Pays y del Camino entre Lugo y Villafranca*. Servicio Geográfico del Ejército, Cartoteca Histórica, 1769.
- MADRAZO, Santos. *El sistema de transportes en España, 1750-1850*. Ed. Turner, 1984.
- MENÉNDEZ PIDAL, Gonzalo. *Historia de los caminos de España*. Ed. Cultura Hispánica, 1951.
- SARMIENTO, Fray Martín. *Apuntamientos para un discurso sobre la necesidad que hay en España de unos buenos caminos reales y de su pública utilidad y del modo de dirigirlos, demarcarlos, construirlos, comunicarlos, medirlos, adornarlos, abastecerlos y conservarlos*. Madrid: 1757.
- SUAREZ FREIRE, J. F. *Viaje de Galicia desde la villa de Benavente, o breve descripción de sus dos carreteras: de la construida desde Astorga a La Coruña, y de la que debe de construirse desde la villa de Benavente a la ciudad de Orense, Santiago y Vigo, con algunas observaciones a cerca de las obras, utilidad y circunstancias de cada una*. Santiago: 1813.
- URIOL SALCEDO, J. I. *Historia de los caminos de España*, 2 Vol. Madrid: Colegio de Ingenieros de Caminos, Canales y Puertos, 1992.



## RESUMO

Nos últimos anos por diversos motivos, as construcións rurais tradicionais foron caendo en desuso. Esta tendencia trae consigo o seu abandono ou deterioro, o que está provocando a súa desaparición. Nestas construcións plásmanse toda unha serie de coñecementos, practicas e realidades socioeconómicas que forman parte intrínseca da nosa identidade como pobo, polo que é un deber de todos protexer o noso patrimonio, que constitúe un legado para xeracións futuras.

Partindo da idea de que non é posible manter todo o patrimonio popular existente, parece lóxico tratar de conservar aquilo máis importante, por iso é polo que xorde a necesidade de catalogar estes bens. No artigo descríbese a metodoloxía deseñada polo noso equipo para realizar a catalogación do devandito patrimonio. Inclúense parte dos resultados obtidos utilizando a metodoloxía antes mencionada para o caso dos hórreos existentes no concello do Corgo.

## PALABRAS CLAVE

Construcións rurais tradicionais, muíños, pombais, cruceiros, petos de ánimas, hórreos.

## 1 INTRODUCCIÓN

A denominada construción rural tradicional engloba todas aquelas obras realizadas mediante autoconstrución polos habitantes dunha zona, que son ademais os seus usuarios, en épocas anteriores á contemporánea. As construcións rurais tradicionais resultan de grande importancia para a sociedade actual. En primeiro lugar, representan o esforzo dos nosos antepasados por viviren na natureza e aproveitar os seus recursos, por respecto cara a eles debemos facer o posible para conservar, polo menos, o máis emblemático. En segundo lugar, trátase dun dos elementos do contorno visual máis importantes, de modo que non se pode comprender a paisaxe galega sen as súas construcións. O estilo construtivo tradicional imprímelle tanto ou máis carácter á paisaxe que o propio relevo ou a vexetación. A súa importancia na paisaxe é tal que nalgúns casos constitúe ata o emblema dunha zona, tal é o caso dos muíños de vento na Mancha e dos hórreos en Galicia. En

### Ortiz Sanz, Juan

juan.ortiz@usc.es  
Enxeñeiro agrónomo  
Profesor Titular de Universidade na  
Universidade de Santiago de Compostela

### Piñeiro Gómez, Miguel Ángel

miguelpigomez@yahoo.es  
Enxeñeiro agrónomo

terceiro lugar, trátase dun exemplo de construción plenamente integrado no medio, non só na paisaxe. A construción tradicional é unha fonte de investigación e aprendizaxe pouco explorada ata a data; o seu estudo pode contribuír a solucionar algúns problemas de impacto ambiental xerados pola construción moderna. En cuarto lugar, nelas móstrase o dominio absoluto dos materiais de construción tradicionais con que contaban os seus autores.

Desde hai unhas décadas, deixouse paulatinamente a construción tradicional, irrompendo na paisaxe rural as construcións actuais, diferentes das anteriores. Non se prestou a atención que merecen nin elas nin os seus autores, de modo que as técnicas estanse perdendo definitivamente da memoria colectiva ao mesmo ritmo co que morren os últimos mestres de obra, construtores, serranchíns ou canteiros do medio rural. Dentro de poucos anos será moi complicado coñecer como se realizaban determinadas obras ou solucións construtivas. Os cambios nas técnicas produtivas, o despoboamento, a mellora das infraestruturas de comunicación e o desenvolvemento de novos materiais de construción poden citarse como algunhas das causas deste proceso.

En definitiva, é preciso conservar e estudar as construcións tradicionais, volver a vista cara a elas e os seus autores e así aprendermos para mellorar. Se os nosos antepasados, con técnicas rudimentarias, foron capaces de xerar unhas construcións rurais tan boas, nós, en época da tecnoloxía, estamos obrigados a obter resultados mellores aínda ca eles.

No presente artigo abórdase un tema relacionado coa conservación destas construcións: a súa catalogación como elementos patrimoniais a conservar. No apartado 2 expóñense as particularidades da súa catalogación. No punto 3

do traballo, descríbese a metodoloxía deseñada polo noso equipo de traballo para realizar a catalogación de devandito patrimonio, aplicada xa dun modo experimental en diferentes concellos. Os apartados 4, 5 e 6 son parte dos resultados obtidos no devandito proceso de catalogación no caso concreto dos hórreos no concello do Corgo.

## 2 A CATALOGACIÓN DOS ELEMENTOS PATRIMONIAIS

A normativa vixente di que os plans xerais de ordenación municipal conterán obrigatoriamente un catálogo dos elementos que polos seus valores naturais ou culturais, ou pola súa relación co dominio público, deban ser conservados ou recuperados. Trátase de instrumentos complementarios dos plans que teñen por obxecto identificar os núcleos rurais, construcións, instalacións, recintos, xardíns, monumentos, inmobles, conxuntos destes ou outros elementos que merezan ser obxecto de especial protección e que se considere conveniente conservar, mellorar ou recuperar. Formarán parte do catálogo aquelas vivendas, hórreos, fontes, cruceiros, muíños, pazos, igrexas, pontes, xacementos arqueolóxicos, etc., de singulares características ou valores culturais, históricos, artísticos, arquitectónicos, arqueolóxicos, etnográficos ou paisaxísticos.

A catalogación de castros ou da denominada arquitectura histórica presente no medio rural ten unha metodoloxía moi clara. A maioría das veces a súa antigüidade, o seu carácter monumental ou singular e a súa escaseza fai que todos eles sexan considerados patrimonio de primeira categoría e entren directamente a formaren parte do catálogo do PXOM como ben de interese a conservar. Con todo, a catalogación de arquitectura popular é ben distinta. Determinar que elementos dun conxunto patrimonial popular son os máis valiosos que outros implica un labor moi custoso.

Hai que partir do feito inevitable de que o propio transcurso histórico fará que determinados tipos arquitectónicos vaian perdendo o seu interese en detrimento de outros. A forma mellor, máis natural e económica de conservalos sería atopar un novo uso para elas, conseguir que os produtos de

calidade necesiten delas para seren mellores ou máis atractivos, ou que a sociedade se de conta das bondades ecolóxicas destas construcións como alternativa clara á solución de problemas ambientais. Con todo, neste momento, a rehabilitación é unha opción na que a maioría dos propietarios particulares prefire non meterse.

A desaparición de tipos construtivos é un feito que vén ocorrendo desde que o home prehistórico deixou as cavernas e comezou a construír cabanas. Gran parte do territorio de Galicia, por exemplo, fai algúns séculos, estaba cheo de pallozas, das que apenas queda rastro hoxe. Así pois, estamos asistindo á perda de vixencia de moitos tipos construtivos no medio rural, entre eles os hórreos. Unha perda que, ademais, parece irremediable, dado o progresivo e paulatino despoboamento do medio rural.

Creemos que non é posible conservar todo o patrimonio construído popular existente na actualidade. Para poder facelo sen que resultase abusivo para os habitantes de cada zona, sería necesario articular liñas de axuda adecuadas e moi custosas. Os recursos económicos necesarios para a conservación do patrimonio en países coma o noso, destínanse maioritariamente ao vasto patrimonio histórico/artístico. Na asignación de recursos, en xeral, a arquitectura histórica sempre lle gañará a partida á popular no rural. Comeza a ser urxente xa seleccionar os mellores elementos do patrimonio popular para a súa catalogación e protección, para centrar os nosos esforzos nos máis interesantes e asegurar así que non se arruínen.

## 3 METODOLOXÍA DE CATALOGACIÓN DAS CONSTRUCCIÓN RURAIS TRADICIONAIS

Trataríase entón de pescudar que elementos da arquitectura popular contan con máis interese para a súa conservación. A resposta non é tan automática como no caso de castros ou capelas. Ao tratarse a arquitectura popular dunha arquitectura dos conxuntos, o interese de conservar un determinado exemplar vén determinado en gran medida pola contribución do devandito exemplar de lle proporcionar valor ao conxunto. A variedade de clases de edificacións

---

diferentes, por exemplo, é unha desas características que proporcionan valor ao conxunto construído popular. Por esta razón, na nosa opinión, todos os catálogos deberían conter, polo menos, un exemplar de cada clase de construción popular, non só de vivendas, hórreos, muíños e petos de ánimas, senón tamén das palleiras, alpendres, pombais, corredoiras, socialcos, pequenos pontigos ou valados. Para seleccionar os máis interesantes dentro de cada clase, propomos unha metodoloxía composta por catro fases: inventario, caracterización, valoración e selección.

#### **a. Inventario**

Outra das características que proporciona valor ao conxunto deste patrimonio é a súa presenza en todo o territorio. É necesario entón procurar manter esa difusión territorial, polo que consideramos adecuado incluír no catálogo un exemplar polo menos de cada zona ou parroquia do territorio estudado. Para poder facelo, hai que coñecer, visitar e documentar todos os exemplares da clase estudada da zona e saber a súa localización exacta.

#### **b. Caracterización**

Dentro de cada clase de construción tamén adoita existir gran variedade, aspecto que, como xa dixemos, proporciona valor ao conxunto edificado. A caracterización permitíranos coñecer qué aspectos do conxunto son máis abundantes e que aspectos son máis raros ou excepcionais. Resultan máis interesantes para a súa conservación os exemplares menos típicos da zona, porque son os que proporcionan máis variedade ao conxunto.

A caracterización da arquitectura popular e o establecemento de tipos realízase mediante unha fase de análise e outra de síntese. Durante a primeira fase analízanse múltiples aspectos en cada exemplar rexistrado: materiais e elementos de construción (no caso dos hórreos, por exemplo, cimentación, soportes, tornarratos, celeiro, elementos ornamentais, etc.), forma en planta, antigüidade aproximada e estado de conservación. Na fase de síntese determínase qué características das estudadas empregáranse para establecer a clasificación tipolóxica. Por exemplo,

como veremos máis adiante, no caso dos hórreos do Corgo, a clasificación tipolóxica estableceuse en base a tres características soamente: os materiais, a forma en planta e a antigüidade. Unha vez elaborada a clasificación, determínase a abundancia relativa de cada tipo na zona de estudo.

#### **c. Valoración**

A valoración consiste en determinar o interese para a súa conservación de cada construción do inventario, de modo que as máis interesantes sexan as candidatas a entrar a formar parte do catálogo do PXOM do concello. Trátase de reducir a subxectividade á hora de seleccionar exemplares, de modo que podamos xustificar adecuadamente a súa inclusión no catálogo.

É preciso entón de establecer uns criterios de avaliación que consideren os aspectos que determinan a importancia de cada exemplar. O interese tipolóxico, o interese artístico/construtivo, a antigüidade, o interese paisaxístico, o interese territorial ou o estado de conservación son algúns exemplos destes criterios. No caso dos hórreos, por exemplo, consideramos o criterio “rarezas ou excelencias” para valorar aqueles casos que contan con elementos decorativos moi singulares, o que son de gran tamaño (lonxitude e número de cepas) o que súa disposición es especial (están moi elevados, en unha forte pendente, formando parte de unha entrada). Unha vez establecidos os criterios, é necesario determinar un sistema de valoración e ponderación de cada criterio, tratando de reflectir cal deles ten máis importancia relativa sobre os demais. Para rematar, haberá que valorar cada exemplar segundo os criterios establecidos, mediante un sistema de selección e/ou puntuación de cada construción, que sexa sinxelo e fácil de aplicar. O resultado final de todo este proceso será unha relación valorada do tipo de construcións populares estudado, ordenados de maior a menor interese para a conservación.

#### **d. Selección**

O catálogo elaborárase mediante selección entre todos os exemplares inventariados. De cada clase

de construción (de hórreos, de muíños, de pombais, etc.), propomos seleccionar polo menos o máis valorado de cada parroquia, sempre que acade un valor mínimo, e o máis valorado de cada tipo tradicional (un dos de planta cadrada, un de planta rectangular, uno dos de madeira, un dos de pedra, etc.), completando o catálogo cos mellor situados na relación valorada obtida na fase anterior. A cantidade de elementos a incluír no catálogo e unha decisión que pode variar en función do total de construcións inventariadas e do valor de cada una delas.

#### 4 O CONCELLO DO CORGO E AS SÚAS CONSTRUCCIÓNS TRADICIONAIS

O concello do Corgo está situado no centro da provincia lucense, formando parte da comarca de Lugo, limitando cos concellos de Lugo, Castroverde, Baralla, Láncara, O Páramo e Guntín. O concello contaba no ano 2009 segundo o INE cunha poboación de 3993 habitantes repartidos nun total de 38 parroquias.

O clima encádrase dentro do dominio oceánico continental característico das terras interiores luguesas. A paisaxe é eminentemente agraria, e no que se refire á vexetación conta con ampla variedade de especies frondosas autóctonas (castaños, carballos, bidueiros), de grande interese ecolóxico e paisaxístico, alternando estas especies arbóreas, con zonas de matorrais, praderías e campos de cultivo.

Dentro da construción popular do concello do Corgo, e que se fai extensiva a toda Galicia podemos mencionar a presenza de pazos, vivendas, igrexas, muíños, pombais, cruceiros, petos de animas, palleiras e por suposto, o hórreo.



Fig. 1 - Casa de xisto

As vivendas predominantes son de dous andares, formando un limpo e rotundo volume prismático de boas dimensións, que presenta unha grande austeridade e sinxeleza, que nace cunha base regular (rectangular ou cadrada). Sobre esta base érguense os muros exteriores, que alcanzan grandes espesores 60-70 cm, e no caso de habelos, os interiores, ben en cachotería de xisto, ou de granito. A cuberta resólvese con catro vertentes usándose a lousa de xisto como elemento de cobertura con pendentes entre o 25° e os 35°. A cuberta vai montada sobre una armazón sustentante construído a base de madeira de carballo, ou máis raramente de castiñeiro.



Fig. 2 - Casa de granito

O concello do Corgo dispón dunha ampla rede hidrográfica, polo que no pasado, a carón dos ríos e regueiros que entrecruzan e drenan este territorio, implantáronse un gran número de muíños de río. En Galicia, estes muíños, foron unha peza moi importante na economía e no desenvolvemento das aldeas no pasado,



Fig. 3 - Muíño na parroquia de Quinte

constituíndo hoxe unha das construcións máis significativas da arquitectura popular galega.

O pombais aparecen no patrimonio etnográfico galego en menor medida que o hórreo. A construción de grandes pombais considerábase símbolo de status social e reservábase para os grandes solares de clases sociais altas. A maior parte dos pombais consisten nun corpo cilíndrico de base circular, cun radio exterior situado entre o



Fig. 4 - Pombal de cachotería de granito

metro e medio e os dous metros e unha altura aproximadamente igual ao seu diámetro, pechado cunha cuberta cónica, a miúdo substituída por unha cuberta a unha soa auga. Os muros do pombal están construídos cunha cachotería de xisto ou pedra granítica, as veces revocadas cunha capa de barro caleado. É moi pouco frecuente o caso dos pombais de cantería.

No concello do Corgo tamén podemos encontrar cruceiros. Os motivos da súa construción son diversos pero predomina o motivo da devoción. Tamén se constrúen cruceiros por ofrecemento ou para que preguen pola alma de quen o construíu



Fig. 5 - Cruceiro de Santo André de Chamoso



Fig. 6 - Peto de ánimas de San Cristovo

ou o mandou construír. Serve tamén o cruceiro como protección do viandante nunha encrucillada de camiños.

Os petos de ánimas xurdiron como unha forma de lles axudar ás ánimas ou almas en pena do purgatorio mediante esmolos e unha oración. Os petos de ánimas adóitanse atopar, xeralmente, nos cruzamentos de camiños. Tamén se poden atopar nos recintos da igrexa ou nos lados dun camiño. Os cruzamentos de camiños son os lugares máis frecuentes, pois eran os lugares máis concorridos polos veciños e tradicionalmente eran considerados un dos puntos con maior contacto co sobrenatural.

## 5 INVENTARIO DOS HÓRREOS DO CONCELLO DO CORGO

Para a realización do inventario dos hórreos do concello do Corgo realizouse un extenso traballo de campo. Foi necesario percorrer as 38 parroquias nas que se divide, cubrindo unha superficie total de 157,28 km<sup>2</sup>. Debido á extensa superficie a rastrexar, foi necesario planificar coidadosamente as zonas de traballo, co fin de non deixar núcleos sen peitear, realizar os mínimos quilómetros posibles e evitar pasar varias veces por un mesmo lugar.

Para o traballo de campo fíxose uso da cartografía do IGN a escalas 1:50.000 e 1:25.000, e a cartografía 1:5000 da Xunta de Galicia, sobre a que íamos sinalando os hórreos en campo mediante un número. No mesmo tempo, realizábanse outras dúas operacións. Tomábanse varias fotografías de cada un dos hórreos e completábase unha ficha moi sinxela na que se anotaba o número do hórreo, o núcleo e a parroquia na que se atopaba, os números de fotografía correspondentes a cada hórreo e algunhas observacións oportunas en cada caso. Posteriormente, ao chegarmos á casa, descárganse as fotografías realizadas e mediante a axuda do visor do IGN ou do SIGPAC localízanse os hórreos atopados, co fin de coñecer as súas coordenadas UTM.

Foron inventariados un total de 246 hórreos, distribuídos de forma pouco homoxénea. Hai un gran número nalgunhas parroquias para pasar a ser practicamente inexistentes noutras. Esta

diminución do número de hórreos débese fundamentalmente a que en algunhas parroquias cultivábase menos millo e o que se recollía era gardábase suspendido en cables en palleiras.

A realización do inventario viuse dificultada fundamentalmente por tres factores. O primeiro, a ampla superficie que peitear, o que nos obrigou a planificar detalladamente o traballo de campo. O segundo, a existencia dunha gran cantidade de pequenos núcleos de poboación diseminados dentro do concello, en xeral non moi separados uns doutros pero moi abundantes e dispersos. E o terceiro, o feito de que en moitas ocasións estas construcións atópanse agachadas pola mesma vivenda ou por construcións anexas a ela, cuestión que dificulta o seu achado.

Exclúense do traballo de caracterización os 3 hórreos modernos atopados, realizados con materiais metálicos.

Logo de realizar este labor de campo, unha vez localizados todos os hórreos do concello, introdúcese a información de cada un deles nunha base de datos, de cara á súa análise.

## 6 CARACTERIZACIÓN DOS HÓRREOS DO CONCELLO

Nos exemplares inventariados analizáronse os materiais dos seus elementos construtivos, a decoración, a antigüidade e o estado de conservación.

O hórreo, tamén chamado piorno, canastro, cabazo ou cabaceiro é unha das construcións típicas de Galicia e complementarias da vivenda rural. Está destinada a gardar o millo e outros froitos. A súa forma e o seu nome, varía dunhas zonas a outras, aínda que todos cumpren as condicións fundamentais de illamento do chan e ventilación para o secado do gran e de defensa contra os roedores.

### a. Materiais dos elementos do hórreo

A continuación, explícanse os materiais dos diferentes elementos construtivos dos hórreos do concello.

A cimentación ou soleira pode ser natural no caso de que o terreo sexa de natureza pétreo. Se non é así, haberá que creala. A solución adoptada na maioría dos casos resólvese coa colocación dunha simple peza de pedra onde descargue o peso da estrutura. Cando o chan ten forte pendente é corrente a construción dun zócolo consistente nun macizo de cachotería de pedra, co fin de obter unha plataforma horizontal sobre a que apoiar os postes ou as cepas do hórreo.

Os soportes son pezas fundamentais do hórreo, xa que cumpren a función de recibiren o peso da cámara e transmitiren os esforzos ao cimento, ao mesmo tempo que illan a cámara da humidade do chan. Estes soportes adoptan catro formas diferentes: pés, cepas, celeiros e cepas macizas.



Fig. 7 - Pés (columnas ou esteos)

Os pés (columnas ou esteos) dispóñense en parellas equidistantes, cun número variable delas en función das dimensións do hórreo, cun mínimo de dúas parellas. Os materiais empregados para a súa construción son a madeira e a pedra.



Fig. 8 - Cepas graníticas

As cepas realízanse normalmente con pezas de cantería de forma variada, en lugares onde hai abundancia de granito. O número mínimo é de dúas, situadas debaixo dos lados menores, e a medida que aumenta a lonxitude do hórreo vanse colocando outras intermedias.



Fig. 9 - Hórreo sobre celeiro

O celeiro resulta do cerramento do espazo inferior do hórreo pola construción de catro paredes. A esta dependencia accédese mediante unha porta e nela almacénanse produtos do campo e pequenos apeiros de labranza.



Figs. 10 e 11 - Cepas macizas de cachotería de pedra granítica e de xisto, respectivamente

Na cepa maciza, a cámara elévase sobre un muro macizo de cachotería. Normalmente alcanza menos altura que os anteriores.

Os tornarratos son pezas que se sitúan entre a base da cámara e os soportes, cuxa función é a de impediren o acceso dos roedores ao hórreo, facilitando ao mesmo tempo o seu asentamento sobre os apoios. Cando teñen planta rectangular, abarcando cada par de pés ou esteos ou se dispoñen sobre as cepas, reciben o nome de mesa. No caso de hórreos de celeiro e nos de cepa

maciza, unha das solucións adoptadas para cumprir a función de tornarratos lógrase coa prolongación do piso da cámara cara o exterior, a modo de beiril, uns 10-15 cm. Outra solución consiste en colocar unha soa peza tallada de granito ou ben unha lámina de xisto que excede das dimensións da cámara e facendo un beiril continuo.



Fig. 12 - Tornarratos ou mesa



Fig. 13 - Tornarratos continuo



Fig. 14 - Tornarratos sobre columnas



A cámara ou celeiro é parte esencial do hórreo, pois nela é onde se almacena e seca o millo. É necesario diferenciar na cámara tres partes, cada unha delas cunha función ben definida; a estrutura, os elementos de pechadura, a porta e a cuberta.

A estrutura de cámara está constituída por un esqueleto a base de columnas verticais que se apoian en catro trabes horizontais que conforman o piso chamado grade. Pódese atopar de madeira, de pedra e de formigón. As súas dimensións están en relación co material que as constitúe: se son de madeira poden chegar a ter 4 ou 5 m de longo, se son de pedra de granito, a lonxitude máxima andará entre 1,50 e 1,80 m. Por esa razón cando o hórreo teña unha lonxitude de máis dun claro, as trabes laterais van en varias pezas que se unen entre si por medio de entalladuras que coinciden sobre os esteos ou cepas. O acabado do esqueleto estrutural na parte superior resólvese cun conxunto de trabes, iguais que as da parte inferior, denominadas soleiras, sobre as que descansa o tellado.



Fig. 17 - Doelas e estrutura de formigón



Fig. 18 - Estrutura de formigón e cerramento de ladrillo oco



Fig. 15 - Doelas de madeira e estrutura de pedra



Fig. 16 - Doelas e estrutura de pedra

Os elementos de pechadura da cámara nos hórreos rectangulares adóitanse denominar costais, as paredes, longas, e penais, as curtas. Os elementos de pechadura ou doelas, adoitan estar formados por táboas de madeira dispostas verticalmente, lixeiramente separadas unhas doutras (1-2 cm) co fin de obter unha boa aireación no interior da cámara que favoreza o secado do millo. As doelas están enlazadas entre si por táboas horizontais denominadas faixas ou cintas. Nalgúns casos as pechaduras están formadas por ladrillos ocos que se colocan transversalmente deixando as súas perforacións como aberturas de comunicación do interior da cámara co exterior. Tamén se constrúen barrotos verticais de formigón que deixan entre si as aberturas verticais e paralelas, imitando as doelas de madeira.

A situación da porta da cámara é variable, adoita ir nunha das paredes penais, situada fronte á eira; pero é frecuente atopala nun dos costais, xeralmente na parte media, aínda que non faltan casos nos que se atopa desprazada cara a un dos extremos.



Fig. 19 - Porta nun penal



Fig. 20 - Porta nun dos costais

A cuberta de cámara ten como misión proporcionarlle a estanquidade da auga exterior. A cuberta resólvese xeralmente a dúas augas, con cumieira paralela aos lados maiores ou costais.

### b. Elementos decorativos



Fig. 21 - Pinche do penal con sobrepenas



Fig. 22 - Cruz



Fig. 23 - Pinaco

Os elementos decorativos aparecen desde os soportes ata a propia cuberta. Sobre o tellado, os hórreos frecuentemente levan terminais en forma de cruz, pináculos ou lampións en formas diversas (piramidal ou cuadrangular), unhas veces cun tratamento elemental e outras cun coidado traballo de cantería.



Fig. 24 - Pinturas nos costais dun hórreo

Destaca tamén a pintura nos costais como elemento decorativo, xa que adopta en ocasións variados cores e formas xeométricas, que moitas veces lles engade un valor importante.

### c. Forma en planta

A forma da planta é maioritariamente rectangular, con cámara estreita e alargada, cunha dimensión maior na altura que na anchura, aínda que aparecen algúns casos de planta cadrada.

### d. Antigüidade

En canto á antigüidade dos hórreos do Corgo, dificilmente algún supera os 100 anos, segundo diversas fontes. Moi posiblemente os de estrutura e cerramentos de madeira sexan os máis antigos, seguidos dos que contan con estrutura de pedra. Aínda así, na antigüidade, a construción dunha ou doutra tipoloxía dependía fundamentalmente tanto dos materiais existentes en cada zona como do status económico do propietario. Os de máis recente construción son os de albanería e formigón.

En xeral, obsérvase como aqueles hórreos construídos durante a segunda metade do s. XX non contan coas características ornamentais dos anteriores, construídos co fin de almacenaren o millo.

### e. Estado de conservación

En canto ao estado de conservación dos hórreos do Corgo, obsérvase que a maioría está en desuso ou se modificou o seu uso orixinal, servindo en ocasións como elemento ornamental. Do total dos hórreos inventariados poderíanse considerar ruinosos o 10% do total.

## 7 CLASIFICACIÓN TIPOLÓXICA

Tras un proceso de síntese da información recollida, considerouse adecuado clasificar os hórreos do concello do Corgo en cinco tipos, en función dos seus materiais. Dentro do primeiro tipo atopamos dos subtipos, en función da forma en planta.

- Hórreos de madeira:
  - Hórreos de madeira rectangulares.
  - Hórreos de madeira de planta cadrada ou asturianos.
- Hórreos mixtos.
- Hórreos de pedra.
- Hórreos de albanelería.
- Hórreos de formigón.

### a. Hórreos de madeira rectangulares

Os hórreos de madeira do concello do Corgo son os hórreos que contan cunha cámara de menor capacidade, xa que adoitan ter menor lonxitude e altura que os das demais tipoloxías.



Fig. 25 - Hórreo de madeira e planta rectangular

Normalmente van apoiados sobre cepas simples ou macizas. En raras ocasións atópanse con outro tipo de soporte. Chama á atención un hórreo de este tipo que se atopa elevado sobre un camiño.



Fig. 26 - Hórreo de madeira e planta rectangular

A cuberta é a dúas augas, e é a lousa de xisto o material de cobertura xeneralizado nos hórreos de madeira presentes no concello. Moitos deles

presentan elementos decorativos na cuberta, xeralmente pináculos.



Fig. 27 - Hórreo de madeira e planta rectangular

En conxunto, o seu grado de conservación non é demasiado bo.

### b. Hórreos de madeira e planta cadrada ou asturianos

Os hórreos tipo asturiano da zona son de madeira de planta cadrada e de cuberta a catro augas, sendo o xisto o material de cobertura máis empregado.



Fig. 28 - Hórreo de madeira e planta cadrada, tipo asturiano

A súa sustentación é a máis alta de todos os hórreos, e consiste en rústicas pezas de pedra rematadas con tornarratos circulares de xisto, moi pouco elaborados. O espazo que quedaba debaixo da cámara usábase para gardar o carro, leña ou apeiros de labranza.

A cámara aséntase sobre a grade, que se apoia nos tornarratos, formada por catro traves de sección considerable, cun pechamento de táboas postas a tope, e polo tanto sen ningunha fenda.

Vai cunha única porta situada nun dous lados, entregándose na parte superior a outro conxunto de traves que apoian nos esteos que forman os esquinais e soportan todo o peso da cuberta.

Non contan con elementos ornamentais de ningunha clase.

### c. Hórreos mixtos



Fig. 29 - Hórreo mixto sobre cepa maciza

Os hórreos mixtos son, xeralmente, de maior capacidade que os hórreos de madeira. Moitas veces a cámara atópase elevada mediante cepas macizas, ben de cachotería de xisto ou de pedra de cantería. Outra elévase mediante cepas ou mediante celeiro.



Fig. 30 - Hórreo mixto sobre cepas

Os tornarratos van fundamentalmente en relación co tipo de soporte. No caso de que se trate de cepa maciza colócase unha soa peza tallada de granito que excede das dimensións da cámara facendo un beiril continuo. No caso de que se trate de cepas, pódese adoptar igualmente a opción anterior, ou ben se sitúa sobre cada unha das pezas de pedra.

Os lados menores ou penais construídos en perpiaño, xeralmente contan con aberturas horizontais de ventilación. Sobre o pinche descansan os gardaventos que protexen os penais do auga e do vento.



Fig. 31 - Hórreo mixto sobre cepas



Fig. 32 - Hórreo mixto sobre cepa maciza

A cuberta leva xeralmente un tellado de lousas de xisto a dúas augas con pinches cubertos con sobrepenas e aleiros moi pouco saíntes.

### d. Hórreos de pedra

Só localizamos un exemplar deste tipo en todo o concello. Susténtase en tres cepas de grandes dimensións construídas con nobres pezas de cantería.



Fig. 33 - Hórreo de pedra

A cámara esta construída totalmente en pedra, constituída por un esqueleto a base de columnas verticais que se apoian en catro traves horizontais que conforman o piso chamado grade. O acabado do esqueleto estrutural na parte superior resólvese cun conxunto de traves, iguais que as da parte inferior, denominadas soleiras, sobre as que descansa o tellado.



Fig. 34 - Penal do hórreo de pedra

Como elementos decorativos está provisto de tres grandes pinacos tallados en pedra elevados sobre os gardaventos.

#### e. Hórreos de albanelería

Os hórreos deste tipo son de máis recente construción e xurdiron debido á escasa durabilidade da madeira á intemperie e o encarecemento da man de obra de carpinteiros e canteiros.



Fig. 35 – Hórreo de albanelería sobre cepa maciza

Son de planta rectangular, estreitos, curtos e de cuberta a dúas augas. A cámara nestes hórreos está elevada do chan, ben mediante cepas macizas ou ben mediante a construción de celeiros nos seus baixos nos que se gardaban produtos hortícolas, apeiros de labranza ou mesmo se usaba como galiñeiro. En menor número que as dúas solucións anteriores, a cámara elévase sobre cepas, e só atopamos un hórreo deste tipo formando parte dunha entrada.

Os cerramentos da cámara nesta tipoloxía resólvense a base de ladrillos ocos, aparellados e trabados con morteiro. A aireación necesaria para a conservación dos produtos almacenados conséguese coas perforacións normais ós paramentos. Existen algúns casos de hórreos de tipoloxía mixta que se arranxaron substituíndo as paredes costais e penais de madeira por ladrillos colocados como se citou anteriormente.



Fig. 36 - Hórreo e albanelería sobre cepas

A cuberta constrúese a dúas augas, e úsanse placas de cemento prefabricadas de forma maioritaria, utilizándose no resto dos casos lousas de xisto como elemento de cobertura.

A maioría de exemplares desta tipoloxía conta con pináculos como motivos decorativos case de forma exclusiva. Cabe destacar as pinturas nos costais, de diversas cores, que lle dan certa beleza plástica, predominando o uso da cor azul.

#### f. Hórreos de formigón

Teñen unha presenza no concello moi similar aos hórreos mixtos. Os hórreos desta tipoloxía son tamén de recente construción e aparecen polos

mesmos motivos que provocaron a aparición dos hórreos de albanelería.



Fig. 37 - Hórreo de formigón sobre cepas

Xeometricamente son de planta rectangular, contando cunha cámara de bo tamaño. A cámara nestes hórreos elévase do chan maioritariamente mediante cepas, aínda que tamén atopamos algúns provistos de celeiro e sustentados mediante cepa maciza. En dous casos o hórreo está formando parte da entrada da eira da vivenda.



Fig. 38 - Hórreo de formigón sobre celeiro


Os cerramentos da cámara no caso dos hórreos de formigón constrúense mediante pezas ou barrotes verticais de formigón que deixan entre si aberturas verticais e paralelas imitando as doelas de hórreos de madeira ou mixtos.

Coma os anteriores, a cuberta constrúese a dúas augas, e úsanse placas de cemento prefabricadas de forma maioritaria. Este tipo conta tamén con pináculos como motivos decorativos case de forma exclusiva, sendo minoritarios os que non teñen estes elementos. Cabe destacar que, en moitos casos, nas doelas e na estrutura encóntranse motivos decorativos en relevo ou

aparecen pintadas de cores diversas, que lle dan ao hórreo unha gran beleza plástica.

## 8 BIBLIOGRAFÍA

- BEGOÑABAS, 2002. *As construcións populares: un tema de etnografía en Galicia* (Cuadernos do Seminario de Sargadelos).
- CAAMAÑO SOÁREZ, MANUEL 2003. *As construcións da arquitectura popular. Patrimonio Etnográfico de Galicia* Edita: Consello Galego de Aparelladores e Arquitectos Técnicos.
- DE LLANO CABADO, P., 1983. *Arquitectura popular en Galicia*. Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia.
- LOZANO APOLO, GERONIMO. LOZANO MARTINEZ-LUENCAS, ALFONSO. *Hórreos, cabazos y garallas*. Patrocinado por: Duro Felguera. SA. 2003.
- MARTÍNEZ RODRÍGUEZ, IGNACIO, *El hórreo gallego* 1975.
- NAVÉS VIÑAS, FRANCESC. AROSEMENADÍAZ, GRACIELA. RUIZ MARTÍNEZ, BELÉN. MARTÍNEZ CASAS, CONCHITA. GARCÍA CARRIÓN, RAQUEL E SAMPERE MONTLLÓ, LALI. *Arquitectura de paisaje rural de la Península Ibérica, Islas Baleares y Canarias* Ediciones Omega. 2004.
- PIÑEIRO GÓMEZ, MIGUEL ÁNGEL *Inventario e catalogación dos hórreos do concello de "O Corgo" (Lugo)*. Proxecto fin de carreira. Escola Politécnica Superior de Lugo. Universidade de Santiago de Compostela.





### RESUMO

O pazo é a construción civil tradicional de Galicia, emprazada no rural, morada de nobres e fidalgos.

Os pazos son un reflexo dunha época, dunha sociedade e dunha forma de vivir que hoxe segue producindo fascinación, non só pola historia que encerran as súas pedras, senón tamén pola súa monumentalidade e perfecta integración na contorna natural que aparece transformada pola súa presenza.

A arquitectura pazeira alcanza o seu esplendor no século XVIII como reflexo da relativa prosperidade económica que xa se iniciara na centuria anterior. Acometeranse obras de reforma e ampliación dos pazos existentes ou a construción de novos edificios nos que a torre continua sendo con frecuencia o elemento simbólico máis importante. Son os grandes pazos levantados seguindo os canons do barroco compostelán; a etapa que Álvaro Cunqueiro bautizou como “cultura dos pazos”.

Os pazos foron integrándose na nosa paisaxe. Os ditos populares afirman que “hórreo, pombal e ciprés pazo é”, ou “capela, pombal e ciprés, pazo é”, aínda que tal descrición non é aplicable aos pazos de toda Galicia. Porén a frase indica a estreita vinculación entre o pazo e a nosa paisaxe rural.

O pazo do Corgo é de planta cadrada e está dividido en dous pisos. Na súa fachada principal encontrámonos cun balcón-solaina, e cos tres escudos de armas, onde aparecen os símbolos das familias Neira, Balboa, Miranda, Saavedra, e os Valcarce que tanto tiveron que ver con este pazo.

Apegada á fachada principal e de planta rectangular atópase a capela, aínda que hoxe en día non se conserva.

### PALABRAS CLAVE

Pazo, casa grande, Valcarce, torre, pedra, pombal, escudo de armas, señores, fidalgos.

### 1 LIMIAR

Desde finais da Idade Media ata ben entrado o século XIX, as elites sociais laicas de Galicia

#### Abuín Arias, Jesús

Estudoso do concello do Corgo, e escritor de varios libros relacionados con este concello  
Xubilado

#### González Díaz, Josefa

UXL343@si.usc.es  
Diplomada en Relacións Laborais e Licenciada en Humanidades  
Funcionaria da Universidade de Santiago de Compostela

Ás nosas familias e amigos.

A todos os membros da A.C. Arumes do Corgo.

E tamén o noso agradecemento ás familias que viven no pazo, porque en todo momento se mostraron agarimosas connosco, e puxeron á nosa disposición toda a información que posúen.

estiveron vinculadas estreitamente ao mundo rural, onde lograron un espeso manto de relacións tanto coa Igrexa, que era o outro estamento privilexiado nesa época, como co campesiñado. Estas elites asimílanse á fidalguía galega, que é o grupo social máis importante e orixinal da Galicia moderna, e á pequena nobreza provincial, que logrou acceder ao rango aristocrático desde finais do século XVII, en moitos casos a partir da súa condición fidalga.

Desde a crise baixo medieval, a presenza en Galicia dos titulares das grandes casas nobiliarias, como os Lemos, Monterrei, Altamira, Ribadavia, foi cada vez menos frecuente, o que explica o auxe que alcanzou a fidalguía e a pequena nobreza que integra o que coñecemos como “sociedade dos pazos”.

En primeiro lugar a condición nobiliar reportáballe a esta sociedade pazeira unha serie de privilexios fronte á sociedade e sobre todo distinción social. En segundo lugar por ser “señores da terra”, era esta a súa principal fonte de ingresos, e en terceiro lugar lograron acuñar un conxunto de normas culturais e civilizadoras que se resumen na propia morada que os identifica que son os pazos.

A formación desta sociedade nobiliar rural, en torno aos pazos foi un proceso que durou máis dun século.

A característica máis determinante da nobreza galega, sobre todo nos seus chanzos máis inferiores da fidalguía rural, é a súa condición de rendista. As rendas, non o eran todo. Porén, aínda que o exercicio do señorío non reportase ingresos



directos, tiña importancia na lexitimación dos patrimonios. Dado que a metade de Galicia era de señorío secular, esta competencia política da nobreza agrupaba “o material” dos seus patrimonios e ingresos e “o inmaterial” do seu poder simbólico formando un todo indisociable, no que o exercicio do poder político por parte dos señores cumpría un papel de disciplinamento comunitario e de establecemento de redes clienterais.

Outra característica da sociedade dos pazos era a súa enorme fortaleza, baseada na súa difusión case capilar por toda a xeografía galega e a súa relación de intermediaria coa igrexa e cos campesiños.

## 2 ORIXE DOS PAZOS GALEGOS

Cando falamos de “Pazo” non se fai referencia exclusivamente a unha categoría construtiva de carácter individual, senón máis ben a unha complexa realidade arquitectónica, é dicir, a toda unha síntese de diferentes estruturas construtivas como son: a capela, o pombal, o portalón, etc, que se vinculan intimamente co edificio residencial.

Etimoloxicamente a palabra “pazo”, ten a súa orixe no latín *palatium*, que foi evolucionando ao longo da Idade Media, pasando por formas intermedias como *palatio* ou *paaço*. No século XIV comeza a aparecer a nova denominación de “pazo”, pero a partir do século XV desaparece o seu uso da linguaxe escrita, sendo substituída por termos como “casa grande”, “torre”, etc. No século XVIII incorpórase definitivamente á lingua culta, aparecendo citada en varios documentos, e consolídase no século XIX a través da literatura galega.

É unha vivenda señorial que nun principio se levanta nunha zona campesiña, aínda que outros están emprazados nas cidades, como son os palacios episcopais, centros civís e militares etc.

Carlos Martínez Barbeito fai unha definición máis completa ao indicar que pode ser considerado como pazo todo edificio galego levantado no campo destinado a residencia de familias nobres, de proporcións e trazos suntuarios que superen

claramente o resto das vivendas do lugar, completándose sempre cun portal brasonado, unha capela anexa, un hórreo, un pombal e un ciprés.

O pazo constrúese nun lugar determinado, porque así o requiren as terras da propiedade familiar. É obriga e necesidade situarse no termo de emprazamento das terras, xa que a agricultura é a reserva e o sostén dos señores pacesgos. Outro motivo é o que obriga a sentar solar en determinados lugares que se toman en herdanza ou son aforados. Por esta razón xa existe lugar marcado, para emprazar estas construcións pacesgas nos vales, na montaña ou na mariña.

Os antepasados, auténticos fidalgos notorios, tíñano moi presente ao aplicar o dito de “el que tiene la tierra, tiene al hombre”. Ter solar, era ter man de obra, era o labrego aferrado á terra, o que movía a aixada, cultivando os bens do señor, ben en foro ou asalariado.

Salvo excepcións moi puntuais, a gran maioría das casas grandes fidalgas galegas, non foron realizadas polas grandes figuras do panorama arquitectónico galego do momento, senón máis ben por modestos mestres de obras de fama local, o que xustifica a simplicidade estrutural e decorativa que caracteriza esta tipoloxía construtiva.

Os pazos máis antigos poden remontar as súas orixes ás auténticas fortificacións tardomedievais, torres illadas ou edificios rectangulares con torre apegada. Non é difícil seguir os pasos na evolución dalgún pazo a través dunha torre, e un primeiro corpo apegado que co tempo se foi transformando en todo un complexo conxunto residencial. De feito, antes de que apareza a denominación “pazo” o equivalente histórico dunha edificación nobiliaria no medio rural tendía a denominarse “torre”.

A maioría das terras nas que nacen os pazos, proveñen de doazóns reais, que os seus antepasados da Idade Media recibiron como prebenda por servizos ao rei, onde logo estes fidalgos tomaron outro camiño cara á Corte. Era a chamada e a ambición do aristócrata que buscaba

---

outra sociedade e política fóra das súas raíces e cuxo final non sempre foi nin próspero nin beneficioso. Deste cambio formáronse, por reparto de terras, patrimonios que enmarcan o nacemento dos anos gloriosos dos señores pacesgos e así nace a edificación, selo do barroquismo tardío.

Nestes tempos constitúense os morgados e solicítanse as certificacións de “la nobleza y limpieza de sangre”. Concértanse os compromisos matrimoniais, grávanse en pedra dura ou en suave terciopelo os símbolos da liñaxe, para logo lucila na fachada ou na sala-comedor.

Todo isto é unha montaxe social e económica asentada no campo con criterios dun formalismo manifestado en certa ambición de mellorar e deixar ben situada a herdanza sen repartos, aínda que algún membro da familia tivese que tomar refuxio en ordes relixiosas, ou ben terminar mendigando ante o herdeiro.

Nun principio esta sociedade adminístrouse ben, aproveitouse a Lei de Mendizábal e furtando en todo para poder aumentar o seu patrimonio ata a chegada de novos tempos, novas ideas e duns pensamentos vaidosos que empuxan a buscar outra vida, máis luxosa, máis cómoda e que a súa facenda non pode soste. Moitos destes señores de campo, tamén o quixeron ser da cidade e este foi o final triste dalgún señorío.

Frecuentemente os pazos toman elementos característicos doutros tipos de construcións. Pódeno facer cunha finalidade estética ou tamén cunha intención ideolóxica. Por iso se poden ver pazos dos séculos XVII e XVIII con torres ameadas que xa non teñen unha función defensiva senón que simbolizan o poder dos seus propietarios.

A construción da maioría das casas grandes ou pazos, foi concibida para uso señorial.

Aínda que unha boa parte dos pazos presentan unha **estrutura interna** semellante aos palacios urbanos, a diferente función exercida na zona rural (non só morada, senón tamén centro de explotación agrícola e ás veces fortaleza de carácter defensivo) condiciona a súa distribución interna.

Normalmente divídense en dous andares, dedicando o andar inferior a dependencias secundarias e de servizo, mentres que o superior está destinado a vivenda señorial.

Na planta superior sitúanse as estancias máis importantes da casa, como os dormitorios, as salas, a cociña, a biblioteca, etc, dispostas segundo as necesidades concretas da familia sen seguir un esquema preconcebido. De todas as estancias do pazo destacan as cociñas e as salas.

Os **elementos externos**, están situados fóra da edificación principal, pero dentro do recinto, complementando a mansión señorial. Os máis importantes son:

- **A capela**, que pode estar integrada no edificio, pero é máis frecuente a súa situación exenta ou adosada ao muro da casa. Neste caso pode presentar dous accesos, un dende o exterior e outro dende o edificio principal, (nalgún pazo aparece unida á casa principal a través dunha estrutura arquitectónica).
- **O patio** que se sitúa diante da fachada e frecuentemente está rodeado doutras dependencias do pazo, ten unha función de acollida e de servir para diversas actividades, pero tamén ten unha función estética relacionada co urbanismo barroco, pois permite apreciar a grandeza do edificio dende unha perspectiva ampla.
- **O hórreo** tamén está relacionado coa actividade agrícola, presentando unha estrutura homoxénea de planta rectangular e separados do chan por grosos piares de pedra e os “tornarratos”, grandes pezas circulares situadas enriba a modo de capiteis. Os muros poden ser de pedra ou de madeira, deixando en ambos os dous casos ocos para a ventilación. O seu tamaño é indicio da importancia agrícola do pazo.
- **O pombal** é outro compoñente característico, utilizándose normalmente a estrutura cilíndrica cunha cuberta cónica.
- **A adega** é un elemento esencial nos pazos situados nunha zona de produción vinícola. Pode aparecer instalada na planta baixa da casa ou como construción exenta, procurándose unha temperatura e humidade apropiadas.

No contorno da parcela, non faltaba a **palleira**, a **aira**, e a imprescindíbel **vivenda do caseiro**.

### 3 O PAZO DO CORGO

#### 3.1 LOCALIZACIÓN



Fotografía antiga do pazo, pertencente ao arquivo persoal de D. Jesús Abuín Arias

O concello do Corgo é coñecido pola súa beleza paisaxística: os seus ríos, os seus vales e os numerosos elementos patrimoniais (castros, igrexas...) que fan que esta zona teña un grande interese histórico e turístico.

Hai que lembrar que nos vales máis fértiles, onde os microclimas son máis confortables, os campos de cultivo son máis extensos, e polo tanto son os territorios nos que o número de pazos e casas grandes é maior, e máis se atopan próximas a unha cidade histórica, como é o caso do Corgo.

Algunhas familias nobres fixaron aquí a súa residencia, e así o testemuñan os pazos e as numerosas casas grandes que se atopan nesta comarca e que se conservan hoxe en día. Podemos citar:

- O **Pazo de Piñeiro en Folgosa**, no que destaca na súa fachada principal un gran escudo de armas, baixo unha coroa marquesal.
- O **Pazo de Andrade en Santa Mariña de Cabreiros**, que presenta unha ampla solaina na fachada posterior e dous escudos.
- A **Casa Grande de Quintela**, na parroquia de Farnadeiros.
- A **Casa de Ron**, no lugar de Laxes (Camposo).

Ramón Otero Pedrayo di do Corgo que é “terra de antigos pazos”, pois só nesta parroquia existían catro casas heráldicas.

Nas terras do antigo condado de Chamoso, na parroquia de San Xoán do Corgo, preto da estrada N-VI, situado nun espazo acolledor e rodeado por un xardín e terras de cultivo, atopase o **Pazo do Corgo** (tamén chamado **Pazo de Valcarce** ou **Casa Grande**). É o símbolo perfecto do concello, a máis representativa das casas señoriais das terras de Chamoso.

#### 3.2 ANTECEDENTES

O señorío desta casa grande data de moitos séculos atrás. Estas terras en época sueva formaron un dos once condados nos que se dividiu o convento xurídico lucense. Co nome de “Flammosos” (Chamoso), xuroulle fidelidade á condesa dona Gloria, por ela e polo seu fillo, o conde Veila, que casou con dona Aldonza, quedando sucesor o seu descendente, don Rodrigo Velaz, casado con dona Urraca Álvarez, e así, vénnos de séculos, unhas liñaxes en posesión dun couto señorial, que anos despois pasaría a destino do patriciado dos Neira.



Foto da antiga casa de Resch, pertencente ao arquivo persoal de D. Jesús Abuín Arias

Hai que aclarar que o pazo do Corgo posiblemente pertenza o século XVII. A vida de don Pedro Fernández de Neira discorreu na primeira metade do século XVI, e a casa da que era propietario non era a que actualmente recibe o nome de pazo do Corgo, senón unha situada enfronte, chamada “Casa de Resch” que tiña unha gran cheminea en forma de torre e un escudo de armas moi antigo da familia Neira. Como anécdota esta casa dispoñía de auga corrente no seu interior, algo que para



Foto da cheminea da Casa de Resch, pertencente ao arquivo persoal de D. Jesús Abuín Arias

aquela época era moi estraño e fai pensar que se trataba dunha familia moi importante. Esta casa hoxe en día non se conserva.

#### 4 XENEALOXÍA

Como todos os pazos teñen unha longa historia vinculada a familias nobres de Galicia, este en concreto non é unha excepción. Tomando como punto de partida a dona Clemencia López de Neira y Balboa Montenegro, nada no ano 1485 en Viladetrés (Samos), filla de Alonso Ares de Barreira, nado en 1440, dono da casa de Viladetrés, e de Maria López de Neira y Balboa, neta de Maria Sánchez de Neira Balboa, que casou con Gómez Álvarez Saco, nado en Vilanova en 1420 e bisneta do infanzón Sancho de Neira.


Clementina López de Neira casou con Alonso López do Corgo, fillo de Leonor Díaz. Este no ano 1528 outorgou testamento, que posteriormente ampliou no ano 1530 por codicilo no que ordenan ser enterrados na igrexa de San Xoan do Corgo, da que eran benefactores. Melloraba os seus fillos,

Álvaro e Sebastián López de Neira. Este Sebastián casou con dona Francisca López e tiveron por fillos entre outros a Sebastián López de Neira “el Nuevo”, e o clérigo don Pedro López de Neira.

Outro dos doce fillos de don Alonso López do Corgo, foi **don Pedro Fernández de Neira “el Viejo”**, que foi o primeiro propietario do pazo. Este casou con dona Inés de Valcarce, esclarecido sobrenome que procede do reino de León, que esta familia tomaría como apelido primario, momento en que comenza a historia deste apelido, cuxo escudo de armas son cinco estacas douradas sobre un fondo vermello. Está na parte superior da torre e presenta unha forma circular por ser dunha muller.

Don Pedro Fernández de Neira tivo un fillo, Pedro Fernández de Neira “el Nuevo”, que foi o que o seguiu en herdanza e que casou con dona Constanza López. Estes últimos tiveron un fillo chamado don Francisco López de Valcarce Neira, nado o 20 de marzo de 1619, que casou con Marta Díaz Teixeira, e tiveron un fillo chamado don Antonio Valcarce Neira, nado o seis de maio de 1640, nacendo así a familia Valcarce Neira. Este casou con dona María Rivadeneira, e tiveron un fillo chamado don Francisco Valcarce y Neira, nado o 4 de xaneiro de 1681, que casou con dona Ana Álvarez Cedrón, curmá súa. O seu descendente foi don Juan Antonio Alonso Cayetano Valcarce Neira y Osorio, nado o 1 de abril de 1712, nacendo así a familia Valcarce Neira Osorio, unido en matrimonio a dona María Miranda Pedrosa y Saavedra, señora da Casa de Coea, mansión de gran prestixio no municipio de Castro de Rei.

A principios do pasado século, os anos de maior esplendor do pazo, é dono e señor o fillo maior do mencionado matrimonio, don Jacobo José Juan Raimundo Valcarce Neira y Osorio, nado o 8 de novembro de 1746, que casou con dona Antonia Pardo de la Vega y Acevedo. Esta dona chegada doutra casa de gran poder como foi a Casa de Sabarei, en Santa María Madalena de Sabarei de Arriba (O Corgo). Deste matrimonio naceu don José Juan María Valcarce Pardo, nado o día 10 de xaneiro de 1777 que casou con dona Nicolasa Fole Camba, e tamén don José Antonio María Valcarce Pardo, nado o 19 de febreiro de 1785, que foi tenente coronel.



Árbore xenealóxica da familia Valcarce, pertencente ao arquivo persoal de D. Jesús Abuín Arias

Aqueles tiveron entre outros fillos a don Lauréano Manuel Andrés Valcarce Fole, que naceu o 5 de xullo de 1825 e casou con dona Josefa Fernández de Vigo. Don Lauréano foi alcalde, tenente de alcalde e xuíz do concello do Corgo.

Con este último matrimonio queda eliminado o morgado e procédese a realizar partillas entre os herdeiros lexítimos, o que significa o reparto do patrimonio, entre os seus seis fillos.

Na actualidade, a casa esta dividida en catro vivendas, que comparten descendentes directos dos fundadores.

## 5 ARQUITECTURA DO PAZO

Como xa dixemos anteriormente este pazo está situado na parroquia do Corgo, a carón da estrada N-VI.

A edificación é de planta rectangular, cunha pequena nave saínte, na zona este, que no seu día foi a capela familiar.

Consta a vivenda dunha planta baixa e un primeiro andar, con cuberta a catro augas, e sobre a mesma un saínte lucernario, tamén a catro augas, que dá luz a un patio interior.

Acuberta é de lousa, un dos rasgos característicos da arquitectura popular da zona.

### 5.1 A FACHADA PRINCIPAL



Fachada principal do pazo do Corgo

A fachada principal, que dende a súa construción sufríu grandes reformas, (sobre todo a supresión de dous balcóns), esta construída na súa maioría con cantaría e pezas uniformes do mesmo material. Coroando esta zona do edificio aparece

un aleiro de tres molduras. Nesta fachada principal que mira ao leste, atopamos o máis característico do pazo, manifestado por ese barroco do século XVIII, que presenta a parte central da mencionada fachada.

Está formada esta fronte por unha galería triarcada, en forma de asa de cesto, con arcos de medio punto cos seus correspondentes balcóns, antepeito de piares de granito, a pano coa parede, os balaústres cuadrangulares de granito moldurados con basas, panzas e capiteis, con arcos que repousan nunha imposta de sete metros de longo, que se atopan limitados nos seus flancos por unhas platabandas molduradas en releve con filetes e listeis que contrastan cos da cornixa que discorre por toda a fachada. Separan os ventanais catro pilastras dun suave caixeado que nacen á altura do acceso principal do caserío, con apoio en pequenos saíntes da parede en forma semicircular.

As pilastras exteriores, morren á altura do aleiro e as interiores, que sobrepasan a cuberta da casa, terminan formando un frontón de forma triangular con remates almofadados, que albergan dúas das tres pedras armeiras que loce o pazo.

Estes ventanais, están nun lugar preeminente da edificación e dan lugar a un acolledor “patín de honor”. Nesta fachada atópanse os escudos da casa.

No resto desta fachada atopámonos cun portalón que no seu día foi entrada principal, tres portas de servizo, tres ventás verticais e dúas troneiras.

A cara que dá ao norte, ten abundancia de luces; catro ventás normais, unha menor e unha alongada que dá paso a un balcón con balaústres de ferro da época, que a súa vez suxeitan unha varanda tamén de ferro, todo isto no primeiro andar. Na parte baixa vemos dúas portas de entrada, de construción actual, que dan servizo a unha das partes na que está dividida a casa.

A fachada que mira ao oeste, posúe tamén un balcón similar ao da cara norte ademais de dúas ventás, unha normal e outra de tamaño inferior. Na zona baixa temos unha pequena ventá e dúas troneiras.

A nave saínte, zona leste do conxunto edificable, no seu día zona na que se localizou a capela, hoxe

como parte do servizo doméstico, conserva a porta de entrada e dúas ventás superpostas de recente construción. No frontispicio remátase cun marcado pinchón que soporta tres saíntes de granito, en forma piramidal, que rebasan a cuberta do edificio. O resto edificable da cara, en posición retirada, contén tres ventás no alto e unha ventá enreixada no baixo.

Esta recollida parede do pazo enmarca cun saínte da nave, nunha horta e nun verde xardín que toca xa a N-VI.

O interior deste pazo está distribuído en nove departamentos por catro medianís.

## 5.2 O PATIO

O edificio estrutúrase partindo dun patio central cuberto, que sustenta o piso superior e unha galería de columnas ao arredor das que se distribúen os cuartos.

Este pazo ten un patio interior que comunica as distintas dependencias na súa planta baixa, e que á súa vez, dá entrada aos habitáculos interiores do primeiro andar, a través dun corredor ou galería sostida en catro columnas de pedra de forma octogonal e con varanda de madeira, que non é a orixinal. Este patio ten luz directa, tomada dun lucernario.

## 5.3 A ESCALEIRA

Este pazo ten unha ampla escaleira interior de pedra que dende a porta principal conduce ata o corredor do piso superior.

## 5.4 O ESCUDO

A presenza e arte destes broqueis eran selo imprescindible da casa. O brasón era así como a identificación da familia ben posicionada economicamente.

No Pazo do Corgo aínda hoxe se conservan obras de mestría canteira que lembran a época florecente do pazo e dos seus fundadores.

Neste pazo dominan e caracterizan a fachada principal, tres escudos ou pedras armeiras, que recollen, nos seus símbolos heráldicos, os

principais apelidos dos personaxes que formaron durante séculos esta liñaxe.

O escudo de armas maior deste pazo testemuña que o devandito pazo pertenceu á familia Neira, aínda que tamén aparecen a presenza doutros apelidos: os Balboa, os Miranda e os Saavedra, que son as outras familias relacionadas directamente coa historia deste pazo do Corgo.

Na torre deste pazo atopamos o escudo formado por seis cuarteis:

Estes escudos labrados en pedra que non admiten cor, ímolos describir enunciando as cores e metais que lles corresponderían.

No cantón destro e flanco sinistro, en campo de ouro, presenta unha cruz floreteada en gules (vermello) e ademais un caldeiro de sabre (negro), símbolo da **familia dos Neira**, que procedían das costas de Padrón.



Dous dos escudos do pazo de Corgo

No cantón sinistro e flanco destro, en campo de prata, representan un león (o león ocupa o primeiro lugar na forma ornamental, xa que a súa forza, o seu valor e a súa nobreza, augúranlle dende os tempos remotos a xerarquía, por ser o rei dos animais), en cada un deles, lampasados, mirando a destro, coa cola en forcada, de gules, armas que pertencen á **familia dos Balboa**.

No cantón destro de punta e en campo de gules, cinco bustos de doncela, con cabelos de ouro e no peito unha vieira representativa da **familia dos Miranda**, procedentes de Asturias.


E no cantón sinistro de punta, en campo de sinople (verde), un brazo móvente, que brande un puñal

sobre un grifón<sup>1</sup>, en ondas de azur (azul) e prata arma da **familia dos Saavedra**.

Este escudo de armas leva na punta unha cara inexpresiva que representa un anxo e cinco floróns (a diferenza da cruz corrente que se desenvolve como remate libre no plano vertical, o florón, forma unha cruz no horizontal, estende os seus brazos non só cara aos lados, senón tamén e na mesma medida, cara a diante e cara atrás. O florón está destinado a coroar sobre todo frechas de torre e pináculos).

Este escudo está armado cunha coroa condal dentro da que se proxecta unha cruz grega.

Sobre a pedra armeira do centro e baixo o triángulo do pequeno frontón sitúase un escudete que pertence á **familia dos Valcarce**; formado por cinco estacas ou lanzas en punta cara ao xefe, que serían de ouro sobre campo de gules. Di a lenda que García Rodríguez de Valcarce, no val do seu nome en terras do reino de León, labrou uns paus que utilizou como estacas contra os árabes invasores na defensa do Reino de Galicia, por iso a representación destas cinco estacas no seu escudo de armas.



Láminas dos dous escudos principais do pazo, pertencentes ao arquivo persoal de D. Jesús Abuín Arias

No lateral esquerdo da fachada aparece outro escudo acuartelado que practicamente reproduce os catro cuarteis superiores do anterior, aínda que representa un detalle curioso. O león da esquerda mira cara a este lado, en lugar de para a dereita; este cambio con respecto ao anterior escudo parece que é debido a que don Antonio Valcarce Neira, tivo un fillo ilexítimo.

## 5.5 A CAPELA



Pía de auga bendita

É un elemento case obrigado nos recintos pancegos, maila que hai algúns pazos importantes que non teñen capela.

Neste pazo a capela estaba apegada a un muro da casa na cara norte, formando parte da fachada principal, era de dimensións reducidas, cunha lonxitude de 7,50 metros por 6 metros de ancho, e de planta rectangular dunha soa nave.



Fotografías de santo Antón e santa Barbara pertencentes ao arquivo persoal de D. Jesús Abuín Arias

Esta capela fundouna o sacerdote don Francisco Valcarce Neira (1716-1797), cura de Santa Maria de Seteventos, coa advocación do Ecce Homo.

(1) Á parte das representacións de animais que existen na natureza, encontranse na arte, dende os tempos máis remotos representacións de figuras fabulosas, naturais, pero que non gardan coherencia natural uns cos outros. A unión de diferentes figuras de animais entre si conducen a enxendros, cuxos representantes máis saíntes son os grifos e as quimeiras. O grifón é o produto de lle agregar o tronco dun león á cabeza e as ás dunha aguia, as extremidades dianteiras poden pertencer a un ou a outro. O que na antigüidade era o león respecto á auga, éo o grifón respecto ao lume. O grifón é en heráldica o símbolo da sabedoría e da vixilancia.



Hoxe en día está dedicada a cociña e soamente se conserva unha pía de auga bendita en forma de vieira, situada á entrada do oratorio na que queda demostrada a influencia da arte galega. Había dúas imaxes, unha de santa Bárbara e outra de santo Antón.

A capela tiña acceso dende o exterior e dende o interior do edificio principal.

No primeiro chanzo da citada capela, a cuarta Brigada do Instituto Xeográfico e Estatístico de Lugo, o día 30 de agosto de 1875, colocou o sinal xeodésico NP-121, que se conservou ata a modificación da propia capela (hoxe en día ese sinal atópase na fachada sur da casa consistorial.

## 5.6 A COCIÑA

Situada na esquina suroeste do pazo, de grandes dimensións con 52 metros cadrados, formada por catro arcos de medio punto apegados aos seus respectivos laterais, que sosteñen unha bóveda de cascarón, á que daba remate unha fermosa cheminea circular.

O piso formado por pedras de cantaría tiña no centro unha lareira. Tamén tiña unha peza de ferro que se usaba para colocar a leña cando se queimaba chamada “morillo” que estaba formada por tres pezas, unha delas con dúas patas pequenas, sentada no chan e as outras dúas verticais, colocadas unha en cada esquina, de case un metro de altura. Ao final das mestas tiñan unhas pezas en forma de embude que se utilizaban sobretudo para poñer o candil.

Tamén na cociña había un orixinal banco de madeira ao que se lle levantaba parte do respaldo e pasaba a formar unha mesa para comer e charlar a carón do lume, o chamado escano.


Dentro desta cociña tamén había un pozo (hoxe non existe), e ao lado del, unha gran peza de madeira en forma de escuadro ou “guindal”.

Dende a década dos 60, a cociña foi reformada totalmente, revestindo as paredes e columnas con ladrillo, adaptándoa ás innovacións necesarias para a vida moderna. Con motivo desta reforma abriuse na fachada sur unha porta e unha ventá para a “aira” da casa.

Estas cociñas eran tan grandes porque eran o lugar onde pasaban as tardes os señores e criados ao calor do lume, escoitando contos e facendo os traballos domésticos.

## 5.7 A CHEMINEA

Era mostra de alarde e poderío da casa. A máis riqueza, maior tamaño. Había un refrán que decía “Fume a diario, e pote a ferver, éche na casa do bon comer”.



Fotos exterior e interior da cheminea

O pazo do Corgo ten unha magnífica cheminea de forma circular formada por molduras e filetes e adornada con cinco remates.

## 5.8 O POMBALE OUTROS ELEMENTOS

Neste pazo o pombal non é un edificio illado, senón que esta situado entre a bóveda que forma a cociña e o tellado. Nel as pombas, entran e saen por unha “xaneliña” que está na parte leste da parede da cociña.



Foto do pombal

Apegado á cociña pola parte suroeste, existía un alpendre no que estaba o **forno** para cocer o pan.

Antigamente este pazo tiña un **hórreo**, pero actualmente non se conserva. Ademais de no hórreo os produtos do campo extendíanse nun cuarto chamado “dos ladrillos”, por estar pisada

con grandes pedras de pizarra, montadas en vigas, e estaba situada ao sur. Este cuarto ten un balcón con varanda de ferro.

O hórreo soe ser unha construción que nunca falta nos pazos galegos.

Como sucedía sempre cando se levantaba un pazo, os seus construtores, buscaban terras fértiles, ademais de que tivera un manantial de auga preto. Aínda que “casa grande, con capela, pombal e ciprés, pazo é”, ao dito popular, tan acertado, habería que engadirlle outro ingrediente, “a auga”.

Case todos os pazos, ademais de estaren situados nun lugar privilexiado e teren os tres sinais de identidade consabidas, ningún carecía dunha mina de auga. Os antepasados sabían que era esencial e procuraban que o lugar no que foran levantar unha construción ou a fundar un poboado, debía ter abundancia do líquido tan prezado para a alimentación humana e para o mellor rendemento das actividades agrícolas e gandeiras.



Foto da fonte actual



Foto antiga da fonte, pertencente ao arquivo persoal de D. Jesús Abuín Arias

Este pazo ten unha **fonte** chamada “Fonte Nova”, situada case enfronte do pazo que estreitaba un pouco o camiño. O Concello acordou en sesión extraordinaria do pleno do día 30 de maio de 1974 proceder á súa restauración e retirala un pouco da súa localización, pero ademais cambiárona de orientación xa que estaba orientada cara ao leste e coa reforma puxérona cara ao sur.

Había ademais un pozo e un cano preto da casa.

Tiña tamén o pazo unha horta con muro e con unha entrada en pedra que na súa parte superior contaba cunha cruz.

O **xardín** de construción máis recente, é acorde co dos pazos tradicionais, con céspede bordeado de cercados de mirtos e outras plantas, ademais de arbustos e árbores frutais.



Cruz da entrada a antiga horta

Hai constancia de que este pazo cobraba rendas, en concreto sobre o ano 1840, don Juan Valcarce Pardo, cobrara rendas en varias parroquias do concello e incluso noutros concellos como Lán cara, Portomarín, Triacastela, Castroverde, Baleira, Samos, e incluso fóra de Galicia, como curiosidade, en San Julian de Toro, unha renda de viño. Pagaban 7 canados e cuarto por foro entre os anos 1840 e o 1853.

Actualmente esta casa esta moi reformada desde a súa construción, e as reformas máis importantes producíronse en 1880 na que se dividiu entre os seis herdeiros de don Lauréano Valcarce, e en 1929, cando se suprimiu a capela e se abriron na fachada principal unha porta e unha ventá, e na parte norte dúas ventás. A estas reformas seguiron outras, xa que o pazo é a vivenda habitual de varias familias, e estas construíron servizos modernos para adaptalo ás comodidades de hoxe en día.

Neste pazo estivo o cuartel da garda civil dende o un de novembro de 1863, ata o vinte de xullo de 1881, e tamén as oficinas municipais dende a súa fundación ata 1948.

A arquitectura deste pazo foi moi divulgada. O seu barroquismo-galaico vímolo con frecuencia en fotografías de prensa, en guías turísticas e en TV. No ano 1953 Jesús Abuín Arias, realizou unha maqueta a escala para exhibila na Feira Nacional do Campo en Madrid



Maqueta escala 1:50 realizada por Jesús Abuín Arias



Maqueta escala 1:50 realizada por Jesús Abuín Arias

## 6 CONCLUSIÓN

O pazo é un dos monumentos máis representativos da paisaxe histórico-artística de Galicia. Obra case sempre de simples mestres, bos coñecedores da práctica do seu oficio.

Ao desaparecer, co antigo Réxime, a base do modelo socioeconómico que posibilitou o seu brillo, o pazo foi perdendo o seu protagonismo, que en moitos casos provocou o seu irreversible deterioro.

Dende o século XIX son numerosas as referencias literarias aos pazos, servindo de escenario de historias ou de fonte de inspiración para os poetas, que acabarán mitificando o pazo ata convertelo nun dos referentes máis emblemáticos da historia de Galicia.

Na actualidade o turismo rural e a actividade que permitiu a recuperación e restauración de varios pazos. Ademais trátase dunha forma de poder gozar dun espazo privilexiado que doutra forma, en mans privadas, non estaría ao alcance de moitos.

Intentamos neste artigo, poñer en valor un dos elementos patrimoniais máis fermosos que os galegos imos pasando de xeración en xeración.

O principal problema co que nos atopamos é a escasa documentación que hai deste pazo. Na actualidade carece de arquivo e biblioteca, onde sempre estaban depositados os documentos da familia. Esta carencia dificulta entre outras, o coñecemento de datos cronolóxicos dos seus antepasados e dos construtores do edificio.

## 7 BIBLIOGRAFÍA

### MONOGRAFÍAS

ABUIN ARIAS, Jesús. *Historia de Corgo*. Lugo: Servizo de Publicacións da Deputación de Lugo, 2000.

MEYER, F.S. *Manual de Ornamentación*, Barcelona: Ed. Gustavo Gili, 2004.

NOGUEIRA, Víctor. *Pazos de Galicia*, Vigo: Ed. Nigratrea, 2008.

RODRÍGUEZ IGLESIAS, Francisco. *Galicia, Arte*, A Coruña: Hércules Edicións.

XIZ, Xulio. *O Corgo, amplo horizonte*. Lugo: Concello do Corgo, 2007.

YEBRA DE ARES, Antonio Benito. *Pazos y Señoríos de la Provincia de Lugo. Tomo I*. Lugo: Servizo de Publicacións da Deputación Provincial de Lugo, 1997.

### OUTROS

GARCIA IGLESIAS, José Manuel. "Galicia, tierra de pazos". *La Galicia de los Pazos*. La Voz de Galicia. A Coruña, 2001, páx. 78.

SEIXAS SEOANE, Miguel Anxo. "A cultura dos pazos". *La Galicia de los Pazos*. La Voz de Galicia. A Coruña, 2001, páx. 54.

SORALUCE BLOND, José Ramón. "Una arquitectura chamada pazo". *La Galicia de los Pazos*. La Voz de Galicia. A Coruña, 2001, páxs. 8-9.

VILLARES, Ramón. "La sociedad de los pazos". *La Galicia de los Pazos*. La Voz de Galicia. A Coruña, 2001, páxs. 6-7.

## RESUMO

O domingo inmediato ao xoves da Ascensión, devotos do concello do Corgo e doutros limítrofes, acoden ao santuario dedicado á Virxe das Virtudes, para pregarlle a concesión dalgunha petición, relacionada case sempre con doenzas humanas, ou ben para agradecerlle o favor xa recibido. Por tal motivo, levan a cabo unha serie de rituais e ofrendas propiciatorias e de acción de grazas. Así oen unha misa, poñen o santo, participan na procesión, traen candeas, aportan diñeiro, sufragan misas, etc.

## PALABRAS CLAVE

Indulxencia, confraría, ofrenda propiciatoria, petición condicional, poñer o santo, ofrenda de acción de grazas, lenda.

## 1 INTRODUCCIÓN

Unha das manifestacións básicas da relixiosidade popular ten lugar nos santuarios.

Os santuarios son lugares de culto simbolizados por unha ermida, capela ou igrexa parroquial, aos que veñen devotos pertencentes a distintas comunidades, coa finalidade de cumpriren unha serie de promesas á imaxe sagrada, despois de que lles concedese as peticións solicitadas, así como para lle pedir a esa imaxe algunhas peticións de índole espiritual e material. **"Os santuarios son como clínicas especializadas e de prestixio onde o paciente vai en procura de solución para os seus problemas"** (1).

Os santuarios adquiriron unha devoción popular ao se mostraren as súas imaxes propiciatorias ante moitas peticións. **"Un santuario se distingue por la devoción de la gente y no por una característica histórica o artística inherente al edificio o institución"** (2). Os santuarios son espazos da divindade e que entrañan certo



Imaxes de san Miguel e a Nosa Sra. das Virtudes

## Blanco Prado, José Manuel

jmbp53@yahoo.es

Doutor en Historia

Profesor (xubilado) de Ensino Secundario

(esp. de Filosofía)

misterio. **"El santuario es un lugar santo, en que el hombre se encuentra con lo numinoso, lo sobrenatural, la divinidad."** (3).

## 2 A LOCALIZACIÓN DO SANTUARIO

O santuario está situado no lugar das Virtudes, pertencente a parroquia de San Miguel de Pedrafita, concello do Corgo, arciprestado de Mestrescolía, provincia e diocese de Lugo. Dista uns 3 km da capital do municipio e uns 15 da capital provincial **"En el monte de As Virtudes hay una ermita dedicada a la Virgen del mismo nombre, célebre en época todavía reciente por la romería que allí tenía lugar, a la que acudían devotos de toda la comarca de Chamoso, Castroverde y Lugo"** (4).

## 3 OS CARACTERES ARTÍSTICOS

No frontal, feito con perpiaños de bloques de granito, hai unha porta alintelada, dous ventanais laterais e un campanil cunha campá.

No seu interior hai unha ampla nave que ten o pavimento de pezas de pizarra e unha cuberta rústica a dúas augas.

O presbiterio, máis elevado e reducido que a nave, está sostido por unha cuberta a catro augas. Arco triunfal de medio punto, en aresta, imposta de cuarto bocel.

Dous retablos:

- A. Retablo central. É de estilo barroco. Tres tallas. Virxe das Virtudes, 1,37. S. Ramón Nonato, 0,67. Virxe coas mans cruzadas, 0,72.
- B. Retablo lateral. Renacentista, con columnas estriadas. Tres tallas da Virxe, 0,60, 0,51, 0,30 (5).

## 4 LENDA SOBRE A ORIXE DO SANTUARIO

A nivel popular hai a seguinte lenda que tenta explicar o emprazamento actual do santuario. **"Hai**

**moitos anos algúns veciños de Pedrafita atoparon a Virxe na fonte, lavando. Levárona á igrexa da parroquia, mais ela volveu para a fonte, e así unha e outra vez hasta que os veciños da parroquia decidiron facerlle unha ermida no lugar actual"** (Información popular).

Este tipo de lendas tiñan como finalidade crear a sacralización histórica dunha imaxe e dun lugar, usándose nalgúns casos como barreira na memoria popular para esquecer o culto pagán que se levou a cabo na súa orixe naquel lugar.



Ritual da procesión

Tanto o mito coma a lenda, segundo González Reboredo, "tienen un carácter utilitario y trascendente, transmitiendo conceptos fundamentales de la cosmovisión del grupo social en el que se generan y difunden" (6).

## 5 ALGÚNS DATOS HISTÓRICOS DO SANTUARIO NO SÉCULO XVIII

No derradeiro tercio do século XVIII acontecen unha serie de feitos que van influír no desenvolvemento posterior do santuario. Sinalo os seguintes feitos:

### 5.1 A CONCESIÓN DE INDULXENCIAS AO SANTUARIO

O día once de decembro de mil setecentos oitenta e catro, o papa Pío VI concedeulle indulxencia plenaria durante sete anos a todos os devotos de ámbos os dous sexos que, despois de recibiren a confesión e comunión, visitasen a capela da Virxe na festividade da Ascensión do Noso Señor Xesucristo. Tamén lles outorgou sete anos aos mesmos devotos que visitasen a devandita capela nas sete festividade principais da Nosa Señora:

Na Concepción, Natividade, Presentación, Anunciación, Visitación, Purificación e Asunción (7).

### 5.2 AFUNDACIÓN DA CONFRARÍA DA NOSA SEÑORA DAS VIRTUDES

No ano mil setecentos oitenta e oito varios fregueses de San Miguel de Pedrafita fundaron a confraría da Nosa Señora das Virtudes, na que se foron inscribindo devotos pertencentes a distintas freguesías dos actuais concellos de Castroverde e do Corgo.

**"Libro delos Hermanos Cofrades dela Cofradía de Nuestra Señora delas Virtudes situada su Hermita en los Trmos. dela fra. de San Miguel de Piedrafita fundada en virtud de instancia de varios devotos que principia en el año de 1788"** (8).

Inicialmente o número de confrades por freguesía foi o seguinte:

- Freguesía de San Miguel de Pedrafita: 29.
- Freguesía de San Pedro de Arxemil: 10.
- Freguesía de San Bartolomeu de Chamoso: 4.
- Freguesía de San Xoán do Corgo: 1.
- Freguesía de Santiago de Adai: 8.
- Freguesía de Santa María de Queizán: 3.
- Freguesía de San Xiao de Campelo: 3.
- Freguesía de San Pedro de Gomeán: 1.
- Freguesía de Santa María de Marei: 2.
- Freguesía de Santa María de Moreira (Castroverde): 2.
- Freguesía de San Xoán de Segovia: 2.
- Freguesía de Santa María de Piñeiro: 6.
- Freguesía de San Cristovo de Chamoso: 3.
- Freguesía de Santa María de Cabreiros: 2.
- Freguesía de San Xoán de Barredo (Castroverde): 1.
- Freguesía de San Pedro Fiz de Vergazo: 1.
- Freguesía de Santa María de Uriz (Castroverde): 10.
- Freguesía de Santo Estevo de Paderne (Castroverde): 14.

### 5.3 A REFORMA LEVADA A CABO NA ERMIDANO ANO 1789

A concesión de indulxencias por parte do papa Pío VI propiciou un aumento da esmola na ermida das Virtudes.

Ano 1781, esmola 22 rs. Ano 1783, 30 rs. Ano 1784, 27 rs. Ano 1785, 47 rs. Ano 1786, 51 rs. Ano 1788, 51 rs. Ano 1789, 112 rs. Ano 1790, 73 rs.

Nos anos mil setecentos oitenta e nove e noventa este incremento viuse favorecido tamén pola fundación da confraría das Virtudes.

Este incremento económico motivou que no ano mil setecentos oitenta e nove se fixese unha importante reforma na devandita ermida que custou mil cincocentos quince reais e vintetrés mrs., distribuídos do seguinte xeito en función dos materiais e man de obra empregada.

#### **Materiais**

- Polas taboas, marcos para portas, cantería e o seu traslado: 99 rs. e 15 mrs.
- Pola lousa e o seu carreto: 420 rs.
- Polo enreixado das ventás: 22 rs.

#### **Man de obra**

- Albaneis: 674 rs. e 8 mrs.
- Carpinteiros: 200 rs.
- Peóns encargados de partir a pedra: 100 rs.

***"Quenta de el Coste qe ha tenido la obra de Nr<sup>a</sup> Sr<sup>a</sup> delas Virtudes el año de 1789.***

***Primeramente Los Maestros de Mampostería SLevaron seisz setenta y quatro rs. con ocho mrs: 674 rs. 8 mrs.***

***Los Carpinteros, Llevaron Duz<sup>a</sup> rrs: 200 rs.***

***De tablas y Marcos p<sup>a</sup> Puertas, y gastos de Carretos de Cantaría se gastaron nobt<sup>a</sup> y nueve rs. y quince mrs: 099 rs.....15 mrs.***

***La Losa consu Carretto Costó Quatrozs. vte. rs.....420 rs.***

***Salarios de los Peones de Partir la piedra.....100 rs.***

***De las Rejjas pa las ventanas, vente y dos rs.: 22 rs". (9).***

#### **5.4 A SANTA VISITA DO BISPO DE LUGO DO ARCIPRESTADO DA MESTRESCOLÍA NOANO 1790**

O bispo de Lugo, D. Felipe Pelaez, foi informado da asistencia importante de devotos doutras fregresías que viñan ao santuario nas datas sinaladas polo papa Pio VI, para gañaren indulxencias e algúns ademais, para se faceren confrades da Virxe das Virtudes coa

correspondente entrega en ambos os dous casos de esmolas.

O bispo ante esta situación e para impedir o abandono das igrexas parroquiais, que debían ter a primeira atención dos fregreses, mandou o seguinte:

1. No sucesivo non se recollerá ningunha esmola para a confraría e as xa percibidas serán restituídas, agás naqueles casos nos que os devotos lle fixeran unha doazón á Virxe.
2. A partir de agora levárase unha conta formal das esmolas da capela, mais de ningún xeito se investirán en adiantar, nin facer novas obras na ermida sen obter previa licencia do bispado.
3. Ningún confesor poderá administrar o sacramento da penitencia na ermida, nin na igrexa parroquial de Pedrafita, agás o crego párroco e aqueles que tiveran licencia especial para confesaren nos santuarios.

#### **"Santa Visita de la Maestrescolía de 1790.**

**El Ilmo. Sr. D. Felipe Pelaez obispo de y señor de Lugo del Convento de S. María continuando la santa visita de este arciprestazgo fue informado que en la Hermita de N<sup>a</sup> Sra. de las Virtudes, sita en terminos dela Parroquia de S. Miguel de Piedrafita se recogen y perciven algunas limosnas de los fieles con el fin de alistarse cofrades de cierta cofradia que el Cura Parroco ha pensado establecer; y otras delas que concurren en el día dela Ascensión del Señor, y festividades principales dela Virgen, con el motivo dela Indulgencia concedida por la Santidad de Pio VI, a los que precedida confesion y comunion, visitasen aquella Hermita en determinados días; y atendiendo aque el sitio despoblado dela Hermita, y lademasiada concurrencia que con estos pretestos se promueva, pueda ocasionar mayores perjuicios que provechos al bien espiritual delas almas y un lamentable abandono delas Iglesias Parroquiales que deben llevarse la primera atención; manda no se recoja en lo sucesivo limosna alguna por razón de Cofradía, y las que con este motivo se percivieron hasta aquí se devuelvan a los que contribuyeron con ellas sino hacen piadosa donación deellas a favor dela Virgen, yde las que se juntasen de otros devotos se llevará en lo sucesivo quenta formal y circunstanciada de**

su inversión; pero de ninguna manera se inverterán en adelantar, ni hacer nuevas obras enla Hermita, sen obtener expresa licencia; ni se celebrarán en ella mas festividades que en los días de los Misterios prevenidos en el breve de su Santidad, observando en ellos el rito prevenido por Sagradas rubricas; y en atención a que por el referido breve no se previene que la confesión, y comunión se haga enla Hermita, y si solo la Visita de altar, prohíbe a todo confesor administrar el Sacramento dela Penitencia enla Hermita, sus intermediaciones, y parroquial Iglesia de Piedrafita, no siendo Parroco, o no obteniendo especial licencia para confesar en Santuarios de concurrencia, y encarga al Parroco de este fra, y a los demas que administren el Sacramento de la Penit<sup>a</sup> en el referido sitio, lo hagan con la seriedad y circunspección que exige tan Santo ministerio; y para que en lo subsesivo se pueda tomar conocimiento dela observancia y cumplimiento de esta procedencia en todas sus partes, se presentará en las futuras visitas las quantas enla forma referida, y como se previene en el Libro de fábrica de la Iglesia principal". (10)



Devota bicando o rosario da Virxe

## 6 A FESTIVIDADE E A PROCEDENCIA DOS DEVOTOS

Noutrora a festividade tiña lugar o xoves da Ascensión do Señor. Na actualidade celébrase o sábado e o domingo inmediatos. **"Hai máis de quince anos que a festa pasou a celebrarse o sábado e o domingo próximos en vez do xoves da Ascensión"** (11). Nestes días veñen devotos non só do municipio do Corgo senón tamén doutros municipios contiguos como Lugo, Castroverde, Baralla, Láncara, O Páramo. **"Veñen de pueblos razonablemente cercanos"** (12).

Antano viñan tantos romeiros, de ofrenda e merenda, que as persoas de máis idade da parroquia aínda recordan o seguinte dito: **"No día da Ascensión nin os páxaros movían os huevos no nido, do día santo que era"** (13).

## 7 AS PETICIÓNS

Os devotos en xeral ofrécense por si mesmos ou para acadaren algunha intercesión para outras persoas que non poden vir ao santuario normalmente por algunha enfermidade. Entre as peticións máis específicas que se levan a cabo sinalo as seguintes: doenzas dos osos, da vista, da pel. **"A auga da fonte e boa pra vista e enfermidades da piel. Cura granos, ezemas e outros males"** (14).

## 8 AS PROMESAS

A unidade básica de relación entre a persoa e a imaxe sagrada para resolver unha serie de problemas é a promesa. Esta consiste normalmente nun contacto directo e sagrado de forza moral entre a persoa e Deus, a través de Cristo ou dunha serie de intermediarios ou mediadores como son as distintas advocacións da Virxe e os santos.



Unha devota pásalle un pano pola cara a unha amiga doente

**"Pra chegar con máis seguridade a ese Deus, non sempre persoal, o galego bota man dos santos e da Virxen"** (15).

Entre os devotos e a divindade pódense distinguir tres modelos de relación.

1. A promesa xeralmente é condicional, é dicir primeiramente a divindade simbolizada por Cristo, a Virxe e os santos concédelle a petición ao devoto e despois este leva a cabo a promesa; trátase dun cumprimento "a posteriori". A este tipo de promesa dáselle os nomes de **"Ofrenda condicionada"** (16) e **"Petición Condicional"** (17).

2. Algúns devotos veñen solicitar, suplicantes, a mediación de Cristo, da Virxe ou dos santos ante calquera problema, cumprindo unha serie de rituais e ofrendas. Neste caso os distintos rituais e ofrendas que os devotos realizan teñen lugar antes de que se lles conceda a petición. Este tipo de promesa recibe os nomes de **"Ofrenda propiciatoria"** (18) e **"Devoción peticionaria"** (19).

3. Finalmente hai devotos que veñen todos os anos por algunha petición concedida pola divindade noutro. A este tipo de promesa dásele o nome de **"Ofrenda de acción de grazas"** (20).

As promesas máis frecuentes que se levan a cabo neste santuario son as seguintes:

### 8.1 O CUMPRIMENTO DUNHA SERIE DE RITUAIS, LIGADOS AO SANTUARIO, QUE SEGUNDO O GRAO DE PARTICIPACIÓN TEÑEN UN CARÁCTER COLECTIVO OU INDIVIDUAL

#### Os rituais de carácter colectivo

##### • A celebración de misas

Tanto o xoves da Ascensión coma o venres, celébrase unha misa as sete do serán. O sábado, primeiro día da festividade, hai unha misa a unha da tarde. O domingo celébranse tres misas: unha ao mediodía e as outras dúas a unha e as dúas da tarde. Todas as misas celébraas o crego encargado do santuario, agás a das dúas da tarde do domingo que concelebra con outros cregos de parroquias contiguas no campo da festa.

##### • O ritual da procesión

Hai anos, na véspera da festividade da Virxe, traíase en procesión ao patrón da parroquia, san Miguel, desde a igrexa parroquial até o santuario. Ao rematar a festividade volvíano levar á igrexa da parroquia en procesión, na que interviña, tanto a ida como a volta, o crego e fregueses da parroquia e doutras contiguas. Na actualidade tráese nun coche o xoves da Ascensión e ao rematar a festividade da Virxe volvese levar do mesmo xeito. **"O San Miguel tráese únicamente pola festa nun coche. Antes víñase cunha procesión;**

**traíase a ombros desde o pueblo hasta aquí o víspora da festa. O acabar a festa levábase outra vez para a igrexa"** (21).

Tanto o sábado coma o domingo, logo dos oficios litúrxicos, celébrase unha procesión xeral que percorre o campo da festa. A procesión ten como finalidade sacar ao exterior as imaxes sagradas, que santifican todo o contorno xeográfico.

A distribución dos distintos elementos que interveñen nela realízase do seguinte xeito:

- Cruz do santuario levada por un fregrés da comunidade parroquial.
- A imaxe do S. Miguel lévana en andas catro devotos da parroquia.
- As dúas imaxes da Virxe das Virtudes lévanas en andas devotos de distinto sexo. De todas as maneiras o normal e que sexan mulleres.
- Cregos concelebrantes.
- Devotos en xeral, colocados sen distinción de idade e sexo.

Hai bastantes anos ían devotos, de xeonllos, baixo as andas da Virxe e algúns, descalzos, acompañando á procesión. **"Procesión según costumbre en las fiestas populares con las imágenes de la Virgen y de San Miguel, patrono de la parroquia, que se lleva de la iglesia parroquial. Portan las imágenes de la Virgen mujeres del pueblo y hombres la de San Miguel"** (22).



Procesión



## Os rituais de carácter individual

### • Ritual da circunvalación

Hai anos moitos devotos daban algunha volta ao redor do santuario, de xeonllos ou de pé, levando nas súas mans candeas, corpos de cera... Na actualidade este ritual xa non se realiza.

### • Ritual do contacto

O desexo de todo devoto é tomar contacto coas imaxes e demais obxectos e elementos sagrados do santuario, xa que o sagrado proxecta a súa cualidade, sacraliza. Entre as prácticas máis habituais de tomar contacto co sagrado, sinalo as seguintes.

#### ○ O ritual de poñer o santo

Un mozo da parroquia ofrece unha imaxe pequena da Virxe para que a biquen os devotos, que están de xeonllos; logo pásaa por detrás das súas cabezas, tocándolles con ela os dous ombros. O ritual remata ao volveren bicar os devotos a imaxe da Virxe. O poñente, mentres realiza o ritual, vai dicindo a seguinte xaculatoria:

**"La Madre de Dios de las Virtudes te libre de toda peste, mal. Amén".**

Os devotos poden poñer o santo tanto pola mañá como polo serán, xa que o santuario permanece aberto case todo o día.



Ritual de "poñer o Santo"

#### ○ O ritual do contacto coa imaxe estática

Algúns devotos bican o rosario que pende do pescozo da imaxe da Virxe. Outros tocan cos seus panos o seu manto e logo pásanos por algunhas partes dos seus corpos ou doutros cunha finalidade profiláctica e curativa, xa que os panos no seu contacto coa imaxe quedan sacralizados.

#### ○ Ritual do contacto coa auga da fonte do santuario

Preto do santuario está a fonte da Ascensión, onde algúns devotos levan a cabo durante todo o ano o seguinte ritual que consta de dúas partes:

1ª. Os devotos, que veñen á fonte, lavan cuns panos aquelas partes do corpo enfermas: ollos, pel. A auga ten unha función ambivalente, xa que implica morte -enfermidade- e rexeneración -saúde-. **"El agua mata por excelencia porque disuelve, suprime toda forma, borra el pasado, pero también regenera, porque la disolución va seguida de un nuevo nacimiento"** (23). **"El contacto con el agua implica siempre una regeneración no sólo porque la disolución va seguida de un nuevo nacimiento, sino también porque la inmersión fertiliza y multiplica el potencial de vida"** (24).



Ritual da fonte

2ª. Os panos déixanse colgados nuns aramios que hai a carón da fonte. Existe a crenza de que ao iren podrecendo os panos as doenzas das persoas irán desaparecendo. **"Hai xente que padece algo da vista, hai que levar os panos para lavar os ollos, pero hai que déixalos alí. Antigamente**

*había cola para lavarse a xente os ollos" (25). "En las proximidades se encuentra una fuente de agua mineral, que utilizan los enfermos del hígado y de la vista..." (26).*

Esta segunda fase do ritual simboliza a expulsión do estado de enfermidade e polo tanto a paulatina recuperación do estado de saúde. Por outra banda o que se está levando a cabo con este ritual é imitar dun xeito deliberado aquilo que se pretende acadar. **"Es frecuente que los ritos consistan en una imitación de los efectos que la gente desea producir"** (27).

O culto primitivo ás fontes foi incorporado ao credo cristián no momento da entrada do cristianismo en Galicia. Isto foi posible construíndo capelas no seu contorno, como medida para tentar erradicar da memoria dos seus habitantes calquera pervivencia pagá.



Ritual da fonte

## 8.2 OFRENDAS PROPICIATORIAS E DE ACCIÓN DE GRAZAS

Como dixemos anteriormente, a relixiosidade popular, ademais dunha dimensión práctica, ten un compoñente baseado na reciprocidade, que esixe do devoto a entrega dalgún ben para propiciar o ente sagrado ou para compensalo polo favor acadado. Por iso os fieis que acoden a este santuario, levan a cabo unha serie de ofrendas:

- Sufragan misas na honra da advocación mariana, que serán celebradas polo párroco no transcurso do ano.
- Traen cirios, candeas e ramos de flores, que colocan ao carón do altar.
- Deixan esmolos en metálico nos petos da capela, e moi especialmente no momento de "poñer o santo".
- Antano, os devotos traían figuras de cera, que simbolizaban ao corpo humano total e parcialmente.

Por outra banda, no santuario hai unha ventá aberta ao exterior e pechada no seu interior por reixas, que permite que os devotos lle fagan

ofrendas a Virxe durante todo o ano. Estas ofrendas consisten preferentemente en esmolos en metálico e cirios.

## 9 CONCLUSIÓN

A Vía Romana XIX, que comunicaba Asturica Augusta (Astorga) con Bracara Augusta (Braga), pasa polo lugar das Virtudes, onde, nunha capela, se venera a advocación mariana do mesmo nome.



Exvotos de cera

No contorno do santuario, un veciño de Adai (O Corgo) atopou un altar dedicado a Mercurio, deus romano do comercio, que hoxe se garda no Museo Diocesano de Lugo. Esta ofrenda posúe unha inscrición na que se le **"que foi doada por Máximo, fillo de Segundo, por iniciativa propia e porque o deus o merecía"** (28).

Polo tanto, non resulta estraño pensar na existencia neste lugar dun templo dedicado ao deus do comercio, que regulase as peticións dos devotos relacionadas con asuntos económicos e con viaxes.

Ademais, preto da capela hai unha fonte, considerada milagrosa desde sempre, e a carón dela aínda se seguen desenvolvendo unha serie de rituais (29). Pois ben, é probable que nos seus inicios houbera nesa fonte un culto pagán dedicado ás fadas indíxenas, e logo, ás ninfas romanas. Posteriormente, a partir do século VI, o culto cristianizouse e fíxose cargo del a advocación mariana xa mencionada (30).

En definitiva, no intre actual, fálase con regularidade da existencia nese lugar dun culto antigo, establecido ao carón dunha gran vía romana, que, logo, foi cristianizado.

Por outra banda, o santuario aquí descrito, non só manifesta a vivencia da identidade da comunidade parroquial na que se localiza, senón tamén o sentido de apertura que lle dá a gran devoción que senten outras comunidades pola súa imaxe.

Finalmente, os novos medios de locomoción e as novas formas de divertimento están acabando, aquí como noutras partes, coas típicas merendas, cantos e bailes propios das romarías de hai anos.

## 10 NOTAS BIBLIOGRÁFICAS

1. GONDAR PORTASANY, Marcial. *Crítica da razón galega. Entre o nós-mesmos e nós-outros*, Vigo: Biblioteca a Nosa Terra. Nós os Galegos. Edicións a Nosa Terra, 1993, páx. 129.
2. WILLIAMA. CRISTHIAN, Jr. "De los Santos a María. Panorama de las devociones a santuarios españoles desde el principio de la E. Media hasta nuestros días", en *Temas de Antropología española*. Ed. de Carmelo Lisón Tolosana. Akal, 1976, páx. 86.
3. DÍEZ TABOADA, Juan María. "La significación de los Santuarios", en *La Religiosidad Popular, III. Hermandades, Romerías y Santuarios*. Coords. Álvarez Santalo, C. Buxo, María Jesús y Rdquez. Becerra, S. Antrhopos, Barcelona, 1989, páx. 269.
4. N.R.C. Palabra "Pedrafita, S. Miguel de", en *Gran Enciclopedia Gallega*. T.24, Santiago, 1974, páx.111.
5. VALIÑA SAMPEDRO, Elías. "Pedrafita. Corgo. Capilla de Ntra. Sra. de las Virtudes", en *Inventario Artístico de Lugo y su provincia, Centro Nacional de Información Artística, Arqueológica y Etnológica. T. V*, Madrid, 1983, páx. 80.
6. GONZÁLEZ. REBOREDO, J.M. *Lendas Galegas de Tradición Oral*, Vigo: Ed. Galaxia, 1983, páx. 8.
7. *Ver documento sobre indulxencias presentado no traballo.*
8. *Confradía de Ntra. Sra. de las Virtudes. Parroquia de Argemil-Piedrafita. Arciprestazgo de Maestrescolía. Libro nº IV. Año 1988. Arquivo Diocesano.*
9. *Ibidem*, páx. 75.
10. *Ibidem*, páxs. 87-88.
11. *Informe de Arxemil.*
12. *Informe do párroco.*
13. *Algúns veciños de idade da parroquia de Pedrafita.*
14. *Informe de Arxemil.*
15. MOREIRAS SANTISO, Xosé. "A relixiosidade popular no sector rural", en *Rev. Encrucillada nº 9*. Ed. Sept. Vigo, 1978, páx. 64.
16. GONDAR PORTASANY, Marcial. "Racionalidad campesina y Relativismo cultural", en *Antropología y Racionalidad*. Ed. Sálvora, Santiago, 1980, páx. 60. Crítica da Razón galega. *Ob. cit.*, páx. 154.
17. WILLIAM A. CRISTHIAN, Jr. Religiosidad popular. *Estudio antropológico en un valle español*, Madrid: Tecnos, 1978, páx. 134.
18. GONDAR PORTASANY, Marcial. *Ob. cit.*, 1980, páx. 60. *Ob. cit.*, 1993, páx. 155.
19. WILLIAM A. CRISTHIAN, Jr. *Ob. cit.*, 1978, páx. 134.
20. GONDAR PORTASANY, Marcial: *Ob. cit.*, 1980, páx. 60. *Ob. cit.*, 1993, páx. 155.
21. *Informe de Pedrafita.*
22. *Informe do párroco.*
23. FIDALGO SANTAMARIÑA, J. Antonio. *Antropología de una parroquia rural*, Orense: Cuadernos do Laboratorio Ourensán de Antropoloxía Social. Serie Galicia Campesiña 1, 1988, páx. 202.
24. ELIADE, Mircea. *Lo Sagrado y lo Profano*, Barcelona: Ed. Labor. Col. Guadarrama, 1967, páx. 112.
25. *Informe de Pedrafita.*
26. N.R.C.: Palabra. Pedrafita, S. Miguel de. *Ob. cit.*, páx. 111.
27. FRAZER, J.G. *La rama dorada*. México: Ed. F.C.E, 1969, páx. 41.
28. ÁLVAREZ ASOREY, Rubén D., e RODRÍGUEZ COLMENERO, Antonio. *VÍA ROMANA XIX. Unha viaxe dende Lugo aos Ancares, seguindo as pegadas de Roma*, Lugo: Vías Atlánticas, 2008, páx. 39.
29. *Ver no presente traballo. Os rituais que se levan a cabo no intre actual na fonte da Virxe.*
30. ÁLVAREZ ASOREY, Rubén D., e RODRÍGUEZ COLMENERO, Antonio. *Ob. cit.*, páx. 40.

### RESUMO

No presente artigo analízanse os textos procedentes do concello do Corgo na obra paremiolóxica de Francisco Vázquez Saco. A partir dunha oración popular para favorecer a boa cocción do pan no forno, invéstíganse invocacións paralelas noutros territorios ibéricos e mesmo europeos. Ao final do artigo, en anexo, transcríbense todos os materiais orais do Corgo recollidos por Vázquez Saco.

### PALABRAS CLAVE

Francisco Vázquez Saco, O Corgo, refráns, tradición oral, pan, alimentación: oracións e ritos de elaboración.

### 1 LIMIAR

Sen temor a esaxerarmos, temos que cualificar de exíguo o corpus de literatura oral recollido no concello do Corgo. Podemos apuntar diferentes causas para explicar esta escaseza de datos, unha carencia que constitúe un importante baleiro no estudo do patrimonio inmaterial lugués. En primeiro lugar, hai que ter en conta o carácter do propio municipio, pois adoita ser considerado como unha simple área de transición -é un auténtico lugar de paso desde, polo menos, os tempos dos romanos- entre a bisbarra da Montaña e a capital da provincia. Por outra banda, tampouco o folclore nin a fala do Corgo presentan trazos especialmente definidos nin se caracterizan pola súa orixinalidade no contexto da provincia. A suma destas causas, xunto co feito de que non existise ningún experto etnógrafo ou reputado folclorista vinculado con este concello ou interesado por el, motivou a reducidísima atención que mereceu O Corgo na literatura especializada.

### 2 FRANCISCO VÁZQUEZ SACO E A LITERATURA POPULAR

Non obstante esta introdución tan negativa, aínda é posible rastrexar, publicados en varios traballos, algúns testemuños da literatura de tradición oral documentada neste concello. Este é o caso do *Refraneiro galego e outros materiais de tradición oral* de Francisco Vázquez Saco (1897-1962), un sacerdote lugués que, á parte do seu labor docente e eclesiástico, foi un importante

### Garrosa Gude, José Luis

garrosagude@yahoo.es

Licenciado en Filoloxía Alemá e Licenciado en Dereito. Profesor de Ensino Secundario (esp. de Lingua Castelá e Literatura) no IES José Hierro (Getafe)

Quero agradecer a axuda, os consellos e as valiosas indicacións bibliográficas que nos achegaron, en cada caso, Ana Acuña Trabazo, Eva Belén Carro Carbajal, José Manuel Pedrosa e Jesús Suárez López.

investigador da historia e do patrimonio cultural da súa provincia natal. Así, puidemos comprobar que Vázquez Saco incluíu etnotextos do Corgo na súa monumental colección de refráns procedentes de toda Galicia. Neste artigo queremos salientar a presenza destes retallos de tradición oral e, así mesmo, achegar paralelos dalgún dos exemplos recompilados por Vázquez Saco. Consideramos que o estudo da literatura folclórica precisa unha análise rigorosa e os métodos da literatura comparada son os que mellor cumpren con este requisito e contan, ademais, coa vantaxe de situaren cada mostra nun plano máis amplo e de alcance multicultural.

Aínda que a morte impediu que Vázquez Saco rematase os seus traballos e puidese dalos por fin ao prelo, si que deu preparado o volume *11.000 Refranes Gallegos*, un mecanoscrito que presentou ao concurso paremiolóxico convocado en xaneiro de 1951 pola Editorial de los Bibliófilos Gallegos. Extractamos un fragmento do prólogo, escrito en 1952, no que o autor deixa clara a súa intención ao acometer a elaboración dun refraneiro galego:

Con verdadeiro entusiasmo hemos acometido la empresa, ciertamente ardua para nuestras fuerzas, de reunir la colección de refranes que encabezan estas líneas.

Convencidos de los tesoros de todo orden que se encierran en esas máximas que concentran el saber y la experiencia popular de varias centurias, hace años que dedicamos nuestros ratos de ocio a recogerlas de los labios mismos del pueblo.

Tarea urgente, porque el hablar sentencioso de nuestros mayores, apoyando siempre en estos pequeños evangelios, va desgracia-damente desapareciendo como desaparece la deliciosa música popular de

(1) Francisco Vázquez Saco, *Cadernos de fraseoloxía galega* 5. *Refraneiro galego e outros materiais de tradición oral*, eds. J. Beloso Gómez, P. Buján Otero, X. Ferro Ruibal e M.ª C. Paz Roca. (Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 2003).

nuestras aldeas, para ser substituídos por un lenguaje insulso, sin colorido, sin fuerza de expresión y por las canciones exóticas difundidas por la radio y el cine que amenazan envenenar la misma fuente de la inspiración castiza de nuestro pueblo, esencialmente músico y poeta.

Cada uno de los ancianos que desaparece de entre nosotros, se lleva al sepulcro un retazo valioso de aquel tesoro, y lo que es peor, la esperanza de recuperarlo, ya que los hijos y los nietos, en un afán lamentable de modernización, parecen haber nacido para romper el hilo de oro de la tradición y se desvinculan por completo de los imperativos de la raza y la herencia.

Nuestro tesoro paremiológico es además desconocido y urge ponerlo en circulación, para admiración de propios y extraños<sup>2</sup>.

As palabras de Vázquez Saco abundan para explicar a súa vontade de reunir e conservar un patrimonio que el xa consideraba en vías de extinción. Pensemos no importante que é posuímos un traballo destas dimensións<sup>3</sup> máis de medio século despois, nuns intres nos que calquera xénero da literatura oral tradicional é, case sempre, só un pálido e fragmentario recordo do que se cantou, se dixo ou se contou outrora.

O crego sarrián intentou unha complicada clasificación sistemática como confesa, con rotunda sinceridade, no prólogo á edición de 1952:

Nos ha ofrecido especial dificultad la disposición sistemática, ya ardua de por sí, y más ardua si se considera que todos los refraneros en general agrupan las paremias solamente por orden alfabético.

Modestísimo ensayo de sistematización es el nuestro, en el que han de ser frecuentes los titubeos y quizá más los deslices que los aciertos.

La catalogación hecha con relativa elasticidad, permite la colocación de muchos refranes en varias categorías.

Por otra parte una paremia que en el sentido recto se encuadra perfectamente en la sección de «Agrícolas», por ejemplo, exige otra casilla por su sentido figurado.

Ante estas dificultades, y otras que sería enojoso señalar, pues están en el ánimo de todos, nos hemos decidido por un término medio, atendiendo principalmente a la mayor facilidad para hallar el refrán. La elasticidad aludida nos ha permitido también colocar

en distintas categorías, paremias analógicas y equivalentes<sup>4</sup>.

Vázquez Saco tivo o acerto de incluír, na meirande parte dos casos, en cada entrada a procedencia, local ou literaria, do refrán ou etnotexto. Este dato fala do rigor do método empregado e incrementa o valor intrínseco deste libro para futuros estudos etnográficos e literarios. Sabemos así que a área prospectada inclúe a case totalidade do territorio de Galicia e coñecemos tamén a mesta rede de informantes con que contou o autor para abranguer un espazo amplísimo e que lle serviu, sen ningún xénero de dúbidas, para acometer un traballo tan ambicioso.

No caso que nos ocupa, sabemos que houbo dous informantes naturais do concello do Corgo. En concreto, foron dous seminaristas anónimos, - lembremos que Francisco Vázquez Saco foi profesor, e desde 1937, tamén reitor do Seminario de Lugo-, os que achegaron materiais que aparecen consignados como orixinarios das parroquias de San Xoán do Corgo e de San Cristovo de Chamoso ou, simplemente, coa indicación da súa orixe no Corgo, sen que se especifique poboación ningunha.

Antes de procedermos a ofrecer a listaxe completa destas mostras nun anexo ao final deste artigo, queremos ofrecer algúns paralelos dun dos exemplos que nos pareceu máis interesante: unha oración tradicional que se empregaba para garantir un bo resultado á hora de cocer o pan. Esta análise pretende ser unha reflexión, limitada e sempre ampliable con posteriores artigos e con novos achados, sobre a importancia que acadan estes microtextos cando son estudados no contexto global ao que nos referiamos máis arriba.

(2) Vázquez Saco, *Refraneiro galego*, pp. 1-2.

(3) Os editores indican que o libro reúne, ademais dunha pequena lista de contos e dalgúns apuntamentos etnográficos, «unha colección de 22.939 refráns con 8.093 equivalentes noutras linguas, enriquecidos con 1410 refráns tópicos, 267 dialoxismos, 59 enunciados fraseolóxicos, 56 frases proverbiais, 238 fórmulas, 262 locucións, 893 entradas léxicas definidas, 27 rimas, 18 xogos, 28 unidades fraseolóxicas de categoría pouco definida, 773 cántigas, 149 adiviñas e un pequeno apéndice con 331 refráns en castelán», Vázquez Saco, *Refraneiro galego*, p. XVII.

(4) Vázquez Saco, *Refraneiro galego*, pp. 3-4.

A fórmula recompilada por Vázquez Saco, procedente de San Xoán do Corgo, é a seguinte:

Vai o pan no forno, vaia a gracia de Dios polo mundo todo; Dio-lo aumente nos agros e o baixe nos mercados, co poder de Dios e da Virgen María, un padrenuestro i-o avemaría<sup>5</sup>.

Basicamente a mesma invocación que se documenta uns cincuenta anos despois na parroquia de Franqueán:

Vai o pan no forno, vai a gracia de Dios polo mundo todo. Diolo suba nos agros e o baixe nos mercados<sup>6</sup>.

O propio Vázquez Saco consigna unha variante máis breve, esta vez procedente da Terra Chá:

Dios o arrequite no forno e nos agros, e día gozo del a vivos e finados.

E engade o seguinte comentario que enxalza a formuliña e explica o seu uso:

Preciosa fórmula que usan los campesinos, cuando meten el pan en el horno<sup>7</sup>.

### 3 A ELABORACIÓN DO PAN: ORACIÓNS RITUAIS DA TRADICIÓN GALEGA E OS SEUS PARALELOS IBÉRICOS E EUROPEOS

Estamos ante invocacións ou fórmulas exclusivas do acervo folclórico do noso concello ou da nosa provincia? Indubidablemente non, pois como ocorre case sempre cando se estudan os usos e costumes populares e, en xeral, en toda a literatura de transmisión oral, podemos achegar múltiples paralelos que documentan a existencia de oracións equivalentes en diferentes tradicións folclóricas, sen que importen demasiado as distancias xeográficas nin tampouco as diferenzas lingüísticas ou culturais.

Comezaremos por citar a tradición galega, que constitúe unha das pólas máis firmes desta frondosa árbore de oracións populares. O médico e etnógrafo Víctor Lis Quibén dedicou, xa a mediados do século XX, un estudo monográfico do que el denominaba os «ensalmos de la

elaboración del pan» no ámbito galego. O artigo comeza con esta evocación, un tanto sentimental, dos valores tradicionais da sociedade rural galega e incide nos aspectos relixiosos do pobo que se manifestan en todo o relativo ao pan e presiden a súa elaboración:

Entre las múltiples facetas del folklore regional hay una que merece especial atención, y que se refiere a las manipulaciones y ensalmos llevados a la práctica por nuestros paisanos, cuando han de preparar la base de su sustento diario; el pan de cada día, ganado con tantos sudores y sacrificios. Como todas ellas está saturada de un profundo sabor religioso, manifestado de manera elocuente desde el momento que preparan la masa, encienden el fuego para calentar el horno, hasta que el pan sale de éste, como veremos más adelante. Y este acto, celebrado en un ámbito de intensa emoción y respeto, durante el cual se suprimen toda clase de trabajos, se reúne la familia al calor de la lumbre, pues el horno está siempre contigo a ésta y bajo el recuerdo de los ausentes y de los que no volverán jamás, es la ocasión indicada para dedicar una oración por sus fallecidos, en contraste con la satisfacción y alegría de los chiquillos, que saben que es el momento propicio para la preparación de la borona, roscas y tortas, con que han de ser obsequiados por sus padres y abuelos<sup>8</sup>.

Lis Quibén reúne unha longa listaxe de ensalmos - uns pronunciados despois de amasar, para favorecer que levede a masa, e outros destinados a conseguir unha boa cocción do pan cando este xa vai no forno- procedentes das catro provincias galegas. Ofrecémolas deseguido, aínda que só transcribimos os textos, e como norma xeral neste artigo, non enumeramos nin especificamos os diferentes ritos -cruces feitas sobre a masa coa man dereita ou na porta do forno coa pa do mesmo- que moi a miúdo as acompañaban<sup>9</sup>:

(5) Vázquez Saco, *Refraneiro galego*, apartado «Fórmulas», núm. 229.

(6) José Luis Garrosa Gude, «Aproximación a algunhas crenzas da parroquia de Franqueán (O Corgo – Lugo)», *Madrygal* 3 (2000) pp. 51-57, p. 54. Na mesma páxina achegamos dúas invocacións máis –«Bendición de Dios Padre, del Hijo, del Espíritu Santo», dita ao comezar a amasar a fariña e «Dios che poña o que che falte» ou, a máis común para nós, «Dios che poña o que che falta», pronunciada logo de amasar o pan– e explicamos outros ritos nos que interveñen o pan e outros alimentos.

(7) Vázquez Saco, *Refraneiro galego*, apartado «Fórmulas», núm. 17.

(8) Víctor Lis Quibén, «Los ensalmos de la elaboración del pan en Galicia», *Revista de Dialectología y Tradiciones Populares* IX:3 (1953) pp. 525-532, p. 525.

(9) Tampouco sinalaremos a oración católica que adoitaba acompañar estas invocacións, a non ser que esta apareza xa integrada nos etnotextos transcritos por cada folclorista.

Santa Mariña,  
nos aumente a fariña;  
e Santa Nastasia,  
nos aumente a masa.

Que creza e alobeza  
qu'está a artesa chea,  
que creza e alobeza  
pra nosa riqueza.

- Xa terminéi de amasar, e bendigo a masa n'artesa, pra que Dios a faga medrar.

- Dios te bendiga, pra ricos e pobres e para cantos de ti comer. La bendición de Dios Padre, la bendición de Dios Hijo, la bendición de Dios Espírito Santo.

- San Vicente te acrecente, como o millo da semente, pra ricos e pobres, pras bruxas cornos.

- Bendito San Xoaquín e bendita Santa Ana, nos dén pan pra toda a semana.

El Señor te alevante,  
el Señor San Vicente.

- En el nombre del Padre, del Hijo, del Espírito Santo. Amén. Que Dios quiera que las ánimas del Purgatorio me lo saquen con bien.

San Vicente te acrecente,  
San Mamed te levede.  
Bruxas pra Tetuán,  
qu'eiquí tamén  
se come pan.

San Vicente te acrecente,  
San Mamed te levede.  
Dios que te déu  
na maseira,  
te acrecente  
no fumeiro.

San Vicente, que te acrecente,  
San Juan, que te faga pan.  
Co-a gracia de Dios  
e da Virxe María,  
un Padrenuestro  
e unha Avemaría.

O Señor te acrecente  
na maseira e no forno  
e fora do forno,  
así como Dios  
acrecéntou o mundo todo.

San Vicente te acrecente,  
San Juan te faga bó,  
nos a comer  
e ti a crecer  
todo Dios pode facer.  
En nombre del Padre, del Hijo y del Espírito Santo.  
Amén.

Creza o pan no forno,  
e-a gracia de Dios  
pol-o mundo todo,  
e morran os mal feitores,  
e vivan os labradores.  
Pol-a gracia de Dios  
y la Virgen María,  
un Padrenuestro  
y un Avemaría.

A San Pantaleón,  
para que no lo saque bón,  
i-a San Vicente,  
pra que no lo acrecente.

Creza o pan no forno  
i-a gracia de Dios  
por encima de todo.

Vaia o pan a-o forno  
e-o ben pol-o mundo todo.

O pan pol-a pâ,  
o pâ pol-o forno  
e-a gracia de Dios  
pol-o mundo todo.

Creza o pan no forno,  
a gracia de Dios  
pol-o mundo todo,  
e a facenda a seu dono,  
i-o rico, i-o pobre,  
e as almiñas do purgatorio.

¡Vivan los labradores  
y mueran los malhechores!,  
co-a gracia de Dios  
pol-o mundo todo.

---

Co-a gracia de Dios  
e da Virxe María,  
un Padrenuestro  
e un Avemaría.

Dios creza o pan no forno,  
co-a gracia de Dios  
pol-o mundo todo.  
¡ Vivan los labradores!  
¡ Morran los mal feitores!  
E pol-as almas do purgatorio en general,  
i-as almas que d'esta casa saliron,  
que descansen en paz.  
Co-a gracia de Dios  
i-a Virxe María  
un Padrenuestro  
e un Avemaría.

Creza o pan no forno  
pol-a gracia de Dios  
e do mundo todo.  
Co-a gracia de Dios  
e da Virxe María,  
un Padrenuestro  
e un Avemaría.  
¡ Vivan los labradores  
y mueran los malhechores!

Creza o pan no forno  
pol-a gracia do mundo todo.  
¡ Vivan los labradores  
y mueran los mal feitores!  
Pol-a gracia de Dios  
y de la Virgen María,  
un Padrenuestro  
con un AveMaría.

Creza o pan no forno,  
co-a gracia de Dios,  
pol-o mundo todo.  
O pan a crecer  
e nos a comer  
que nunca o podámos vencer.  
Pol-a gracia de Dios  
e da Virxe María,  
un Padrenuestro  
e unha Avemaría.

Creza o pan no forno,  
e-a gracia de Dios  
pol-o mundo todo.

Acrecente os labradores  
e abata os malos feitores.  
Por la gracia de Dios  
e da Virxe María,  
un Padrenuestro  
y un Avemaría.

Creza o pan no forno,  
e-a gracia de Dios  
pol-o mundo todo.  
Diante vaian os labradores  
e detrás os malos feitores  
e Dios nos dé pan  
pra nós e pras almas.

Cózase o pan no forno  
e-a gracia de Dios  
pol-o mundo todo.  
Ca gracia de Dios  
e de Virgen María,  
un Padrenuestro  
e un Avemaría.

Dios aumente o pan no forno,  
e-a gracia de Dios  
pol-o mundo todo.  
Dios abata os mal feitores,  
Dios aumente os labradores.  
Por la gracia de Dios  
y de la Virgen María,  
un Padrenuestro  
y un Avemaría.

Creza o pan no forno,  
e-a gracia de Dios  
pol-o mundo todo,  
un Padrenuestro  
e unha Avemaría.

La bendición de Dios Padre,  
la bendición de Dios Hijo,  
la bendición de Dios Espíritu Santo.  
Creza o pan no forno  
e pol-o mundo todo.  
¡ Vivan os labradores  
e morran os malos hechores!  
un Padrenuestro  
e un Avemaría  
pol-o la gracia de Dios  
e da Virgen María.



En el nombre del Padre, del Hijo y del Espíritu Santo, que  
salga para los vivos y los muertos.

Creza o pan no forno  
e-a gracia de Dios  
pol-o mundo todo.  
Dios aumente os labradores  
e abata os mal hechores.  
Ca gracia de Dios  
e da Virxe María,  
un Padrenuestro  
e un Avemaría.

Que se coza o pan no forno  
e-a gracia de Dios  
pol-o mundo todo.  
En el nombre del Padre, del Hijo y del Espíritu Santo.  
Amén.

Coza o pan no forno  
e-a gracia de Dios  
pol-o mundo todo.  
E Dios o dea para pobres  
e para labradores,  
e Dios converta  
os malos feitores.  
¡Mueran los mal feitores  
e vivan los labradores!  
Pol-a gracia de Dios  
e da Virxe María,  
un Padrenuestro  
e unha Avemaría.

Dios te acrecente  
no forno e fora do forno,  
así como Dios  
andubo pol-o mundo todo.

Dios te acrecente no forno  
pol-a sua divina gracia  
e pol-o mundo todo.

Dios te bendiga  
dentro do forno  
e fora do forno,  
así como Dios  
andubo pol-o mundo todo.  
En nombre del Padre, del Hijo y del Espíritu Santo<sup>10</sup>.

Como pode comprobarse, existen versións máis ou menos achegadas aos exemplos do Corgo que deron pé a esta análise e todas comparten a característica da invocación á divindade e do desexo dunha boa fornada, manifestada en ocasións tamén cunha invocación ao benestar dos labregos e á desgraza dos malfeitores.

As poboacións ao sur do Miño tampouco foron alleas a este costume e, así mesmo, atopamos numerosos exemplos de oracións portuguesas que servían tanto para favorecer que levedase a masa como para garantir que esta crecese con xeito no forno:

Deus te accrescente,  
Que é para muita gente.

Tanto cresças para o ar,  
Como de mentiras vão por esse logar.

Cresça o pão no forno, e as almas no céu<sup>11</sup>.

S. Mamede te alevede,  
S. Vicente te accrescente,  
S. Jorge te faça bom pão,  
E a Virgem Nossa Senhora  
Te bote a sua benção<sup>12</sup>.

S. Mamede  
Te levede,  
S. Vicente  
Te accrescente,  
S. João  
Te faça pão  
E ti dê sua benção<sup>13</sup>.

S. Vicente te acrescente,  
S. Mamede te levede.

Deus te abençoe,  
Dentro do forno,  
E fora do forno.

(10) Lis Quibén, «Los ensalmos de la elaboración del pan en Galicia», pp. 526-532. Lis Quibén inclúe tamén, na p. 526, dúas oracións previas, que se dicían cando se comezaba a roxar o forno: «—Alabado sea el Santísimo Sacramento del Altar y sea para siempre bendito y alabado» ou «—San Bartoloméu nos libre de asombramentos e foguedades e de mortes repentinas».

(11) José Maria Adrião, «Tradições populares colhidas no concelho do Cadaval», *Revista Lusitana* VI (1900-1901) pp. 97-129, p. 103.

(12) Adrião, «Tradições populares», p. 126, nota 12.

(13) A. Gomes Pereira, «Tradições populares e linguagem de Villa Real», *Revista Lusitana* IX (1906) pp. 229-258, p. 233.

Assim como Deus andou pelo mundo,  
Em nome do Padre, do Filho e do Espírito Santo<sup>14</sup>.

S. Vicente  
Te acrescente,  
S. João  
Te faça pão,  
Pela graça de Deus  
E da Virgem Maria.

P. N. e A. M.

S. Mamede  
Te levede,  
S. João  
Te faça pão<sup>15</sup>.

Creça o pão no forno  
E os bens pelo mundo todo;  
Paz e saude a seu dono.  
Rezemos pelas almas.

P. N. e A. M.

Creça o pão no forno  
E os bens a seu dono  
E saude pelo mundo todo.

Reze um P. N. [e A. M.]  
pelas almas, aquele que puder  
e quizer.

Creça o pão no forno,  
E os bois em casa do seu dono,  
E a graça de Deus pelo mundo todo.

Quem puder reze um P. N.  
e uma A. M. pelas almas.

Creça o pão no forno,  
Os bens pelo mundo todo,  
Paz e saude a seu dono.

Rezemos um P. N. e A. M.  
pelas almas.

Ele a crescer,  
E nós a comer,  
Que o não póssamos vencer.

Rezemos um P. N. e A. M.  
pelas almas.

Creça o pão no forno,  
Salvação pelo mundo todo.

Reze um P. N. pelas almas  
quem quizer e puder.

Creça o pão no forno,  
E o bem pelo mundo todo,  
E a fazenda a seu dono.

E rezemos um P. N. pelas  
almas.

Creça o pão no forno  
Saude a seu dono,  
E paz pelo mundo todo.

P. N. e A. M. pelas almas.

Creça o pão no forno,  
E os bens pelo mundo todo,  
E os cuscalhos que nunca saiam do forno.

Rezemos pelas almas P. N.  
e A. M.<sup>16</sup>.

San-Mamede te levede,  
San-Vicente te acrescente,  
San-João te faça bom pão.

San-Bento e San-Vicente te acrescente,  
Para sustento d'esta gente.

Deus te acrescente,  
Para amparo da minha gente.

Deus te ponha a virtude,  
Que eu já fiz o que pude<sup>17</sup>.

O Senhor te acrescente  
Na masseira e no forno  
E fora do forno  
Assim como Deus  
Acrescentou o mundo todo.

(14) Augusto C. Pires de Lima, «Tradições populares de Santo Tirso», *Revista Lusitana* XVII (1914) pp. 17-54, p. 52.

(15) Fernando Braga Barreiros, «Tradições populares de Barroso (Concelho de Montalegre)», *Revista Lusitana* XVIII (1915) pp. 223-302, p. 232.

(16) Braga Barreiros, «Tradições populares de Barroso», pp. 234-235.

(17) José Diogo Ribeiro, «Turquel folklórico», *Revista Lusitana* XXI (1918) pp. 280-315, p. 287. Na primeira oración, segundo indica o autor en nota a pé de páxina, dicitase tamén «San-Bernardo» en lugar de «San-Mamede».

S. Vicente te acrescente,  
S. João te faça bom;  
Nós a comer e tu a crescer,  
Tudo Deus pode fazer...  
Em nome do Padre, do Filho e do Espírito Santo, Amém.

Deus te acrescente  
No forno e fora do forno  
Assim como Deus  
Andou pelo mundo todo<sup>18</sup>.

Deus te acrescente  
Dentro do forno  
E fora do forno  
Espalhado por êsse mundo todo.  
Tu a crescer, nós a comer;  
Que nunca te possamos vencer<sup>19</sup>.

S. Simão faça bom pão,  
S. Vicente te acrescente,  
S. Mamede te levede<sup>20</sup>.

Em louvor de S. Gonçalo,  
Não fique ensonso nem salgado;  
Em louvor de Santo Agostinho,  
Que fique gostozinho;  
Em louvor de S. Vicente,  
Que me fique a saber ao crescente.

Em louvor de S. Vicente,  
Que t'acrescente,  
De S. Mamede,  
Que te levede,  
P. N. e A. M. (às 5 chagas).

Deus te acrescente,  
Como as mentiras pela gente  
E o Diabo que arrebente.

S. Vicente te acrescente,  
S. João te faça bom pão,  
Santa Maria Madalena  
Te bote a absolvição.

Deus t'acrescente  
Pão pra nós e prà gente,  
Feiticeira um córno,  
O Demo que as leve  
Amém, amém,  
Pelo mundo todo,  
Para o avô um córno.

S. Cressente te acrescente, S. Levede de levede, no  
forno e fora do forno, assim como Deus andou pelo  
mundo todo. Nós a comer e tu a crescer – em nome do  
Padre e do Filho e do Espírito Santo, Amém.

Em Nome do Padre, do Filho e do Espírito Santo, São  
Mamede te levede, São João sobeje o pão.

Deus te acrescente no forno e fora do forno, com a graça  
do Senhor, pelo mundo todo<sup>21</sup>.

Senhor, eu vou amassar;  
Nossa Senhora me queira ajudar,  
Que me dê forças e valor  
Para este pão bom ficar.

Pelo sinal da Santa Cruz...:  
S. Mamede te levede,  
S. Vicente te acrescente,  
S. João te faça bom pão,  
A Virgem Nossa Senhora  
Te deite a santa benção.

Em louvor de S. Vicente,  
Deus te acrescente;  
Eu fiz o que pude,  
Nosso Senhor lhe ponha a virtude.  
Em nome do Padre †[,] do Filho † e do Espírito Santo †  
Amen.

Em louvor de Nossa Senhora,  
Deus te acrescente,  
E as almas do Céu para sempre;  
O diabo cego seja  
Para que te não veja.

Deus te finte,  
Deus te acrescente,  
E as almas do Céu para sempre.  
A Virgem te ponha a mão  
Que cresça mais um pão.

(18) Augusto C. Pires de Lima, «Tradições populares de Santo Tirso (3.ª série)», *Revista Lusitana* XXII (1919) pp. 35-90, pp. 54-55.

(19) João de Vasconcellos, «Tradições populares», *Revista Lusitana* XXV (1925), pp. 29-57. p. 40.

(20) Tenente Afonso do Paço, «Usos & costumes, contos, crenças e medicina popular», *Revista Lusitana* XXVIII (1930) pp. 245-261, p. 255.

(21) José Leite de Vasconcellos, *Etnografia portuguesa. Tentame de sistematização*, vol. IX, org. M. Viegas Guerreiro, col. A. da Silva Soromenho e P. Caratão Soromenho, prefacção O. Ribeiro (Lisboa: Imprensa Nacional-Casa da Moeda, 1985) pp. 16-17. A primeira oración diciase cando se botaba o sal na auga de amasar o pan.

Nosso Senhor te acrescente,  
As almas do Céu para sempre,  
Venha a dona e fique contente.  
O diabo arrebente,  
O Senhor S. João  
Que faça bom pão,  
A gente a comer  
E tu a crescer,  
Tudo Deus pode fazer.  
Queira Deus que cresças tanto no forno  
Como mentiras há na... (nome da terra).

Deus te acrescente  
E almas do Céu para sempre[:]  
O Diabo que arrebente[:]  
A dona que fique contente[:]  
Que cresças tanto  
Como mentiras há no povo<sup>22</sup>.

Na graça de Deus.  
Deus te acrescente, massa,  
como a Virgem está em graça.  
Em nome do Pai e do Filho  
e do Espírito Santo, amém.

Deus te finte  
e Deus te acrescente.  
Nossa Senhora te deite a Sua bênção  
e que cresça o pão  
como o Senhor cresceu em graça.  
Em nome de Jesus,  
Pai-Nosso e Ave-Maria.

Cresça o pão, no forno,  
as almas, na glória,  
e a graça de Deus  
pelo Mundo fora<sup>23</sup>.

En Asturias hai abundantes testemuños destas fórmulas de invocación. Os seguintes exemplos fóronnos cedidos xenerosamente polo seu compilador, o etnógrafo Jesús Suárez López, máximo coñecedor das tradicións orais asturianas, quen na actualidade elabora un estudo monumental sobre os esconxuros, os ensalmos e outras oracións populares daquela comunidade:

Al glorioso San Justo,  
para que a lo poco  
lo vuelva a mucho.

A San Froilán  
que saque buen pan  
y lo florezca dentro y fuera.

A San Vicente  
que lo acreciente  
y a San Pantaleón  
que lo saque bon.

Un Padrenuestro a San Florián  
que nos saque bueno el pan.

Medra pan,  
que la cama te desfán.

A San Florián  
que nos saque bueno el pan.  
Padrenuestro, avemaría,  
líbranos de todo mal. Amén.

A San Justo  
que de lo poco dé mucho.

Dios delante,  
ya que San Antonio me lu coza  
ya la Virgen nun me lu queime.  
A San Justo,  
pa que de pouco me saque muito.

A San Xusto Pastor, que de lo poco salga muncho,  
a San Xulián, que lo saque de mano de prestar  
a San Vicente que lo acreciente.

A San Vicente que lo acreciente,  
a Santa Catalina que lo saque de farina,  
a San Xusto que de lo poco saque muncho  
a San Froilán que saque buen pan.

A San Justo,  
que de poco saque muito.

San Vicente te acrecente,  
San Pantaleón lo saque bon,  
San Justo de poco saque muito.

Dios delante  
y el diablo que se espante.

(22) J. A. Pombinho Júnior, *Orações populares recolhidas em Portel*, ed. Maria Aliete Dorez Galhoz (Lisboa: Colibri-Câmara Municipal de Portel, 2001) pp. 137-140.  
(23) Idália Farinho Custódio, Maria Aliete Farinho Galhoz e Isabel Cardigos, *Orações. Património Oral do Concelho de Loulé*, vol. III (Loulé: Câmara Municipal, 2008) pp. 315-316.

Levanta pan,  
que la cama t'esfán.

Miedra, pan,  
que la cama te desfán.

A San Justo,  
que de poco mos saque muncho  
y mos saque a manos de prestar.

Un padrenuestro a San Justo,  
que de poco saque muncho.

En nombre del Padre,  
del Hijo y del Espíritu Santo.  
Que Dios lle día medría al pan del forno  
y al que hay por el mundo, amén.

San Vicente que te aumente.

Asan Cibrán  
pa que salga bien el pan.

Dios delante ya la Virgen,  
alabada sea.

Bendito y alabado sea el santísimo sacramento.

San Antonio bendito te florezca bien pa que subas  
p'arriba ya que cuezas.

Que salga pa prestar.

San Floirín y San Floirián,  
que nos saques bien el pan.

San Floirán, concédenos frutos y pan.

Virgen de Trobaniello, sácanoslo bien y déjanos comelo  
en paz.

San Froilán,  
sácanos bien el pan.

Dios te aumente, Dios te acreciente.  
Dios delante.

A San Juan y a San Florián, que nos cueza bien el pan, y  
a San Pedro y a San Justo, que de lo poco fagan  
muncho<sup>24</sup>.

Pola nosa parte, podemos engadir estoutras  
oracións, tamén procedentes de Asturias e con  
claras afinidades coas anteriores:

San Justo,  
que de lo poco,  
nos saques mucho.

Recemos un padrenuestro  
a San Justo,  
para que de lo poco,  
saque mucho  
y lo saque pa prestar.

Al glorioso San Justo  
para que lo poco  
lo vuelva mucho.

A San Justo  
y a San Froilán  
para que saque buen pan.

A San Justo  
y a San Vicente  
para que lo acreciente.  
Y a San Pantaleón  
por que lo saque bon.

A San Justo  
y a la Magdalena,  
para que de lo poco,  
quede la masera llena<sup>25</sup>.

Dentro de Castela e León, rexistráronse  
interesantes exemplos, coma os seguintes, os  
dous primeiros bercianos e os outros rexistrados  
na Maragatería leonesa:

Dios te aumente,  
Dios te acrecente,  
as ánimas benditas  
te desparten,  
e San Justo  
que de lo pouco  
faga muito.

(24) Fixemos unha selección dos cincuenta e catro etnotextos que nos cedeu amablemente Jesús Suárez López. A meirande parte das invocacións foron recollidas por el mesmo, outras proceden doutros traballos de etnografía asturiana xa editados con anterioridade. O corpus completo de versións asturianas será incluído no libro *Fórmulas mágicas en la tradición oral de Asturias: invocaciones, ensalmos y conjuros*, de próxima aparición.

(25) Joaquín Fernández García, Rodrigo Fernández Alonso e José Martínez González, «Oraciones por la salud humana y animal en la poesía popular asturiana», en *Actes del II Conceyu Internacional de Lliteratura Asturiana (CILLA). Uviéu 5-6-7 y 8 de payares 2007*. (Uviéu: Academia de la Llingua Asturiana, 2009) pp. 105-160, pp. 145-146.

Dios te aumente  
y Dios te acreciente,  
la Virgen del Carmen  
te despierte<sup>26</sup>.

Dios que lo crió en el campo lo aumente en el horno,  
Ánimas Benditas del Purgatorio.

Dios que te crió en el campo que te crezca en el horno,  
Dios con los santos, Cristo con todos.

El pan enforao, Cristo alabao.  
La Virgen venga pol bollo  
que ya lo tien nel horno,  
si no quiere el bollo  
lleve el pan todo.  
Ánimas Benditas  
del Purgatorio.  
Por ellas.

Pan entornado,  
Cristo alabado.  
Dios que te acrecentó en el campo  
que te acreciente en el horno,  
salgan las Ánimas Benditas  
del Purgatorio  
y venga la Virgen,  
venga por el bollo  
y, si no quiere el bollo,  
lleve el pan todo.

Cuando se mete el pan en el horno, la mujer que lo ha hecho, con la pala que lo ha metido, una vez que está ya dentro y con la boca tapada, para que crezca y tenga una buena cocción, hace tres sucesivas cruces del mismo modo (cada una con la pala en el lado de arriba de la boca, después en el de abajo, luego en el de la izquierda y, por fin, en el de la derecha), a la vez que recita la siguiente oración:

Primera Cruz:

Pan entornado  
Cristo alabado.

Segunda Cruz:

Dios que te acrecentó en el polvo  
que te acreciente en el horno.

Tercera Cruz:

Para pobres y Ánimas  
del Purgatorio.  
En el nombre del Padre,  
del Hijo  
y del Espíritu Santo.  
Amén.

Pan entornado,  
Cristo alabado.  
Las Ánimas Benditas del Purgatorio  
vengan por el bollo,  
si no quieren venir por el bollo  
venga por el pan todo.  
Dios que te crió en el campo  
que te críe en el horno.

Ou os seus equivalentes salmantinos,  
característicos dos rituais da bisbarra da Sierra de  
Francia:

A Santa Catalina de Seno,  
que del mal pan  
lo hizo bueno.

Dios te bendiga,  
Dios te adonezca,  
Dios te haga  
buen pan de mesa.

Dios te cure,  
Dios te salve,  
Dios te ponga  
todo lo que te falte.

Dios te haga,  
buen creciente  
y los ángeles  
del cielo,  
que se cumpla  
lo que yo deseo.

La bendición,  
de Dios Padre,  
que Dios te dé  
lo que te falte.

La bendición,  
de Santa Teresa,  
Dios te crezca  
y te adonezca,  
te dé gracia,

(26) Alicia Fonteboa, *Literatura de tradición oral en El Bierzo* (León: Diputación de León, 1992) p. 183.

sabor y olor  
y sea  
tan permanente  
como el agua  
en la fuente.  
Amén. Jesús.

San Vicente  
lo acreciente  
como a las almas  
en los cielos;  
una salve a la Virgen  
del Robledo,  
que quede bueno.

San Vicente,  
pan creciente;  
San Juan  
te haga buen pan;  
Dios te críe,  
Dios te cueza  
y Dios te haga  
pan de mesa<sup>27</sup>.

Sen saírmos de Salamanca, a bendición do forno  
era, así mesmo, típica noutra poboación, en  
Lagunilla:

Que Dios te aumente, que Dios te acreciente y las  
ánimas del cielo aumenten.

Santa Ana bendita que te pongan lo que te falta y te  
quiten lo que te sobra<sup>28</sup>.

Tamén está documentado o costume da bendición  
do pan nas rexións pirenaicas, como testemuñan  
estas oracións procedentes de Aragón, Cataluña e  
Andorra:

Dios te crezca, masa,  
como la Virgen en Gracia.

Masa, sube en la vacía (artesa),  
como Jesucristo subió  
en el vientre de María.

Santa Vallezca bendita  
te crezca, te cuezca,  
te facia bon pan.

Dios te crezca  
y Dios te aumente.  
Deu hi faigue més que jo!

Dios, que te ha dejado florido y granado,  
Dios haga la gracia  
de que podamos hacer buen pan. Amén<sup>29</sup>.

O célebre folclorista barcelonés Joan Amades, na  
súa inxente obra, sinalou unhas versións  
localizadas en diferentes puntos da área  
lingüística catalá:

Cresqui el llevat, cresqui la farina  
com cresqué el minyó Jesús dintre el ventre de Maria.

Déu l'ha fet florir, Déu l'ha fet granar,  
Déu el faci multiplicar.

Déu hi faci més que nosaltres.

Qui t'ha donat força per fer-te néixer  
et dongui força per fer-te créixer.

Qui t'ha fet néixer - que et faci créixer,  
qui t'ha fet florir - que et faci granar,  
Déu et faci ésser un bon cristià,  
en nom del Pare, del Fill i de l'Esperit Sant. Amén Jesús.

Diguem tres avemaries a la Mare de Déu del Roser  
perquè aquest llevat vagi bé.

Sant Bonifaci - més que jo hi faci,  
Nostre Senyor - hi faci més que jo.

Deu profiti el pa del forn  
i ens l'augmenti de gràcia:  
qui l'ha fet florir i granar,  
que el faci multiplicar.

Mare de Déu del Roser,  
beneït sant Segimon,  
gardeu-nos la pasterada,  
que no se'ns floreixi al forn<sup>30</sup>.

(27) José Luis Puerto, «El pan, oraciones al meterlo al horno», *Revista de Folklore* 172 (1995) pp. 121-126, accesible en liña en <<http://www.funjdiaz.net/folklore/07ficha.cfm?id=1453>> [consultado o 13.11.2010].  
(28) Lucila Ojero Marchena, «Los sellos del pan», *Revista de Dialectología y Tradiciones Populares* XLII (1987) pp. 271-306, p. 279.  
(29) Ramon Violant i Simorra, *El Pirineo español* (Barcelona: Alta Fulla, 4.ª ed. 2003) pp. 257-258. O autor indica que a lingua orixinal tanto do antepenúltimo coma do último exemplo era o catalán. Lembremos que a primeira edición do libro é de 1949 e que foi publicado, daquela, por unha editorial madrileña.  
(30) Joan Amades, *Folklore de Catalunya. Costums i creences*. (Barcelona: Selecta, 2.ª ed. 1980) pp. 893-894.

En Canarias tamén se usaron estes recitados, como proban estas mostras, a primeira é unha bendición tinerfeña de diferentes masas e a segunda, procedente da illa da Gomera, procura a boa cocción do produto no forno:

Dios te acreciente,  
las ánimas benditas en el cielo entren,  
que el perro puto reviente.  
Amén. Jesús.

Dios te acreciente,  
pan, en el horno,  
como la gracia de Dios  
por el mundo todo<sup>31</sup>.

Para concluirmos, e ampliarmos aínda máis, este paseo polas tradicións peninsulares que rodean a elaboración do pan, transcribimos unha colección miscelánea de invocacións recompilada por José Manuel Fraile Gil. En primeiro lugar, expoñemos as relativas á bendición da masa e indicamos na nota a pé de páxina a procedencia exacta de cada unha:

Dios te crezca, Dios te favorezca,  
lo que está en la artesa, lo que está en berza.  
la Virgen María, Dios te bendiga.

Crece, masa,  
como la Virgen María creció en gracia.  
Crece, creciente,  
como la Virgen María le creció su vientre.

Puja, masa,  
como la Virgen pujó con gracia.  
Puja, levadura,  
como la Virgen pujó en hermosura.

Dios te bendiga, Dios te guarde  
y Dios te dé lo que te falte.

Dios te umente, Dios te despierte,  
y que de un pan salgan veinte.

San Antonio bendito te crezca, y la Virgen te florezga  
y el bendito San Miguel que nos dé pan a comer.

Crezca la masa y el masón,  
y que Dios nos lo ponga a la mesa  
sin ninguna vergüenza.

Dios te cueza  
y Dios te crezca.

Masa, masena,  
que salga mi masita buena.

San Justo,  
de lo poco lo haga mucho.

Crece, levadura,  
como María creció en su hermosura.

Santa Marta, no te partas.

Virgen de Gracia,  
conforme creciste Tú, que crezca la masa.

Dios te bendiga en la artesa como en la mesa.

Crécete, masa,  
como la Virgen María creció en su gracia.

Hazte, masa,  
como la Virgen María le creció su gracia.

Que Dios lo aumente como pan de pobres<sup>32</sup>.

E, a continuación, o mesmo autor achega estas mostras de bendición da fornada:

Pan enornado, Cristo alabado;  
pan en el forno, Cristo con todo.  
Dios, que lo acrecentó en el campo,  
que lo acreciente nel forno.  
Venga la Virgen Santísima por el bollo,  
y si no quiere el bollo, que lleve el pan todo.

El pan está en el horno, venga la Virgen po'l bollo;  
rezaremos un padrenuestro a las ánimas del  
Purgatorio;  
a San Froilán, que nos acreciente el pan;  
a San Blas, que nos guarde la pasadera;  
a Santo Tirso, los miembros.  
Un padrenuestro.

(31) Manuel J. Lorenzo Perera e Grupo Folklórico del Centro Superior de Educación de la Universidad de la Laguna, *El folklore maldito de las Islas Canarias*. (Tenerife-Gran Canaria: Centro de la Cultura Popular Canaria, 2002) pp. 104-105.  
(32) José Manuel Fraile Gil, *Conjurios y plegarias de tradición oral* (Madrid: Compañía Literaria, 2001) pp. 180-183. Versións de Cenicientos (Madrid), Aledo (Murcia), Estremera de Tajo (Madrid), Navacarros (Salamanca), Peranzanes (León), La Puebla de la Sierra (Madrid), Hoyocaserro (Ávila), Pedro Bernardo (Ávila), El Real de San Vicente (Toledo), Santiago del Arroyo (Valladolid), Sayatón (Guadalajara), Utiel (Valencia), Valdeganga (Albacete), Vallejera de Riofrío (Salamanca), Villacañas (Toledo), Zarcilla de Ramos (Lorca, Murcia) e Ayoó de Vidriales (Zamora).



El bendito San Miguel que nos dé pan a comer,  
y la Virgen Santísima saque animas del Purgatorio,  
tantas como unturas haiga en este horno.

El pan está en el horno, las ánimas en el Purgatorio,  
el pan creciendo y las ánimas saliendo.

Bendito este pan que llevamos al horno,  
que venga con gracia pa comerlo todos.

Un padrenuestro a Santa Catalina de Sena,  
que nos acreciente el pan en el horno  
y saque a las almas del Purgatorio.

San Vicente te acrecente  
como las mentiras por el lugar, que están bien  
acrecentás.

Crezca el pan en el horno  
como la gracia de Dios por el mundo todo.  
Un padrenuestro por quien nos dejó el horno,  
el molino y donde recoger el pan.

Dios te dé lo que te falte  
y te saque a la calle, sin avergonzarme.

Rezarle a San Formán pa que nos aumente el pan.

Dios te haga, pan que en el horno estás<sup>33</sup>.

Como podemos comprobar ao longo deste artigo, o costume de acompañar con oracións ou invocacións específicas os dous momentos críticos no proceso de elaboración do pan está espallado por case todos os territorios ibéricos e, aínda que sería posible establecer certos arquetipos ou modelos rexionais, os etnotextos estudados destacan máis polas súas semellanzas que polas diferenzas puntuais que tamén se observan.

Malia as nosas pescudas en múltiples tradicións europeas, fóra do ámbito peninsular –España, Portugal e Andorra– apenas atopamos exemplos destes textos rituais<sup>34</sup>. Porén, atopamos unha mostra residual, unha breve invocación italiana do século XIX, da que o seu compilador sinala que é o que se lle di, o que se lle desexa, á persoa que elabora o pan:

S. Martino lo accresca<sup>35</sup>.

Grazas á Internet, podemos remediar algo a escaseza de textos italianos e comprobar, outra vez, a súa similitude cos textos xa estudados con anterioridade. Na seguinte listaxe, publicada nunha heteroxénea páxina web de lembranzas de Italia<sup>36</sup>, abundan sobre todo as oracións para bendicir a masa previas á introdución do pan no forno:

Cresce pane a massa  
Come cresceva Gesù nelle fasce.

Cresce pane al forno  
Come cresceva Gesù per tutto il mondo.

A nome di Dio falle venie buone.  
Pace e recieviere.  
Grazie a Dio che hanno venuti buone<sup>37</sup>.

Padre, Figlio e Spirito Santo; Gesù, Giuseppe e Maria  
– una nobile campagna.

Dio ti benedica.  
Padre, Filio e Spirito Sante<sup>38</sup>.

Padre, Figlio e Spirit' Sant', cresce se masse come  
bambin' quand nasch'.

Dio te benedico<sup>39</sup>.

Gesù Crist' far' il pan' doppie'.

(33) Versións procedentes de Val de San Lorenzo (León), Llamas de la Ribera (León), La Puebla de la Sierra (Madrid), Formigones (León), Pedro Bernardo (Ávila), La Alberca (Salamanca), Montehermoso (Cáceres), Vistahermosa (Navacarras, Salamanca), Doney de la Requejada (Zamora) e Hoyocasero (Ávila).

(34) Aínda que non podemos consultar os traballos, tamén grazas a Jesús Suárez López, soubemos da existencia de máis oracións deste tipo en *El pan en La Rioja. Elaboración y tradiciones* (Logroño: Caja Rioja, 1984) p. 227, José Leite de Vasconcellos, *Tradições populares de Portugal* (Lisboa: Imprensa Nacional-Casa da Moeda, reed. 1986) pp. 260-262 e J. H. Borges Martins, *Crenças populares da Ilha Terceira (II)* (Lisboa: Edições Salamandra, 1994) pp. 249-268.

(35) Zeno Zanetti, *Nonne e bambini. Saggio di credenze umbre*, (Perugia: Vincenzo Santucci, 1886) p. 24.

(36) Mary Melfi, *Italy Revisited*, accesible en liña en <[http://italyrevisited.org/recipe/X\\_Italian\\_Breads\\_and\\_Pizzas/1240](http://italyrevisited.org/recipe/X_Italian_Breads_and_Pizzas/1240)> [consultada o 6.01.2011]. Esta páxina está en inglés e, en xeral, aínda que os textos italianos poidan presentar algúns erros ortográficos, transcribimolos segundo aparecen nela. As oracións que citamos proceden das rexións de Campania, Lazio, Molise e Puglia.

(37) Cada liña corresponde a unha fase do amasado do pan. A primeira dicíase cando se mesturaba a fariña cos outros ingredientes, a segunda ao tempo de trazar unha cruz sobre o pan xa amasado e a última, como unha oración de agradecemento logo de que este repousase e levedase satisfactoriamente.

(38) As oracións pronunciábanse, respectivamente, despois do primeiro e do segundo levedado do pan. A informante refire que tamén dicía «Dio te benedica» cando o pan saía ben do forno.

(39) Cando se comprobaba que o pan levedaba ben.

Cresci Santi.

San Martin' 'pose cresce belle ou pane.

Nel nome del Padre e del Figli' e del' Spirit' Sant',  
Amen<sup>40</sup>.

Dio ti benedico.

Gesu tu che puoi tutto fa, crescere questo pane per  
sfamare i tuoi figli. Nel nome del padre del Figlio e  
dello Spirto Santo.

Dio Benedica.

Pane pane cresci cresci come Jesu bambino.

Cresci Santi.

#### 4 CONCLUSIÓNS

Coas últimas referencias italianas remata o noso percorrido polos rituais ancestrais que presidían a elaboración caseira do pan, o alimento básico -ás veces case único- dos nosos devanceiros e que se iniciou cunha humilde oración do Corgo. Cremos que a variedade e a cantidade de etnotextos achegados neste artigo xustifican as nosas primeiras palabras sobre a unidade da literatura de tradición oral por riba de aparentes discrepancias formais ou de variantes temáticas máis ou menos rechamantes. A magnitude e a calidade do traballo pioneiro de Vázquez Saco pon de manifesto o valor e, sobre todo, a urxencia dos labores de recollida destas tradicións antes da súa desaparición total, ao tempo que se precisa unha análise metódica e rigorosa das mesmas para situalas nun marco apropiado e aprezoar a verdadeira importancia literaria e histórica que estas acadan.

#### 5 ANEXO: REFRÁNS E OUTROS MATERIAIS RECOLLIDOS POR VÁZQUEZ SACO NO CONCELLO DO CORGO

Ares ben, ares mal, ara dreito e sempre igual.

Carro untado, mula menos.

En xaneiro súbete ó outeiro: si ves reverdear, ponte a chorar;  
si ves terrear, ponte a cantar.

Entre marzo e abril sale o cuco do cubil; s'o día sete d'abril  
[non saíu] cuco morto ou non quer vir.

Aire de Sarria, ou moito ou nada.

Aire zamorao, auga na mao.

Miña casiña, meu lar; eiquí cago i-alí non podía cagar.

Ben gardado está o que Dios garda.

Nunca choveu que non espallare.

O que come caldo sin grasa, come pan sin tasa.

O home debe ulir a pólvora, tabaco i-augardente.

Aque no alto fía, o fuso lle cai i-o cu ll'asobría.

O que con nenos se deita, cagado se levanta.

O que come papas e calza barcas, que non se vaia mui lexos  
das casas.

Ós tres anos, ti ti; ós seis, can can; i-ós nove, laián.

O crego: cen onzas d'ouro no bolsillo, cen botós na petrina e  
cen légoas lonxe da familia<sup>41</sup>.

Os de Villaquinte, facos; os de Vilar de Donas, lobos; os de Lestedo, os marelos; os de Cubelo, os zorros; os de Ligonde, ranchos; os de Aday, garruchos; os de Grallás, guímaros; os de Villapedre, coellos; os de Goyán, coceiros; os de Sáa; cureños; os de Beleigán, cereixeiros; os de Maceda, fabeiros; os de Lapío, lagartos; os de Bocamaos, fabeiros<sup>42</sup>.

Vai o pan no forno, vaia a gracia de Dios polo mundo todo; Dio-  
lo aumente nos agros e o baixe nos mercados, co poder de  
Dios e da Virgen María, un padrenuestro i-o avemaría<sup>43</sup>.

(40) Bendición dita ao tempo que se cruzaba coa man o pan amasado.

(41) Vázquez Saco, Refraneiro galego, apartado «Refraneiro», núms. 1280, 1379, 2181, 2604, 3605, 3623, 5441, 7627, 9170, 10714, 11334, 15181, 16118, 17737, 18696 e 20882.

(42) Vázquez Saco, Refraneiro galego, apartado «Ditos tópicos e refráns con topónimo», núm. 1361. Tamén aparecen desglosadas as referencias a cada topónimo nos núms. 8, 109, 126, 336, 353, 492, 504, 554, 574, 578, 647, 1107, 1193, 1359 e 1365.

(43) Vázquez Saco, Refraneiro galego, apartado «Fórmulas», núm. 229.

## 6 BIBLIOGRAFÍA

- ADRIÃO, JOSÉ MARIA, «Tradições populares colhidas no concelho do Cadaval», en *Revista Lusitana VI*, 1900-1901, páxs. 97-129.
- AMADES, Joan, *Folklore de Catalunya. Costums i creences*, Barcelona: Selecta, 2.ª ed. 1980.
- BARREIROS, Fernando Braga, «Tradições populares de Barroso (Concelho de Montalegre)», en *Revista Lusitana XVIII*, 1915, páxs. 223-302.
- CUSTÓDIO, Idália Farinho, Maria Aliete Galhoz e Isabel Cardigos, *Orações. Património Oral do Concelho de Loulé, vol. III*, Loulé: Câmara Municipal, 2008.
- FERNÁNDEZ GARCÍA, Joaquín, Rodrigo Fernández Alonso e José Martínez González, «Oraciones por la salud humana y animal en la poesía popular asturiana», en *Actes del II Conceyu Internacional de Lliteratura Asturiana (CILLA)*. Uviéu 5-6-7 y 8 de payares 2007, Uviéu: Academia de la Llingua Asturiana, 2009, páxs. 105-160.
- FONTEBOA, Alicia, *Literatura de tradición oral en El Bierzo*, León: Diputación de León, 1992.
- FRAILE GIL, José Manuel, *Conjurios y plegarias de tradición oral*, Madrid: Compañía Literaria, 2001.
- GARROSA GUDE, José Luis, «Aproximación a algunhas crenzas da parroquia de Franqueán (O Corgo – Lugo)», en *Madrygal 3*, 2000, páxs. 51-57.
- LIMA, Augusto C. Pires de, «Tradições populares de Santo Tirso», en *Revista Lusitana XVII*, 1914, páxs. 17-54.
- LIMA, Augusto C. Pires de, «Tradições populares de Santo Tirso (3.ª série)», en *Revista Lusitana XXII*, 1919, páxs. 35-90.
- LIS QUIBÉN, Víctor, «Los ensalmos de la elaboración del pan en Galicia», en *Revista de Dialectología y Tradiciones Populares IX:3*, 1953, páxs. 525-532.
- LORENZO PERERA, Manuel J. e Grupo Folklórico del Centro Superior de Educación de la Universidad de la Laguna, *El folklore maldito de las Islas Canarias*, Tenerife-Gran Canaria: Centro de la Cultura Popular Canaria, 2002.
- MELFI, Mary, Italy Revisited, accesible en liña en <[http://italyrevisited.org/recipe/X\\_Italian\\_Breads\\_and\\_Pizzas/1240](http://italyrevisited.org/recipe/X_Italian_Breads_and_Pizzas/1240)> [consultada o 6.01.2011].
- OJERO MARCHENA, Lucila, «Los sellos del pan», en *Revista de Dialectología y Tradiciones Populares XLII*, 1987, páxs. 271-306.
- PAÇO, Tenente Afonso do, «Usos & costumes, contos, crenças e medicina popular», en *Revista Lusitana XXVIII*, 1930, páxs. 245-261.
- PEREIRA, A. Gomes, «Tradições populares e linguagem de Villa Real», en *Revista Lusitana IX*, 1906, páxs. 229-258.
- POMBINHO JÚNIOR, J. A., *Orações populares recolhidas em Portel*, ed. Maria Aliete Dores Galhoz, Lisboa: Colibri-Câmara Municipal de Portel, 2001.
- PUERTO, José Luis, «El pan, oraciones al meterlo al horno», en *Revista de Folklore 172*, 1995, páxs. 121-126, accesible en liña en <<http://www.funjdiaz.net/folklore/07ficha.cfm?id=1453>> [consultado o 13.11.2010].
- RIBEIRO, José Diogo, «Turquel folklórico», en *Revista Lusitana XXI*, 1918, páxs. 280-315.
- VASCONCELLOS, João de, «Tradições populares», en *Revista Lusitana XXV*, 1925, páxs. 29-57.
- VASCONCELLOS, José Leite de, *Etnografia portuguesa. Tentame de sistematização, vol. IX*, org. M. Viegas Guerreiro, col. A. da Silva Soromenho e P. Caratão Soromenho, prefação O. Ribeiro, Lisboa: Imprensa Nacional-Casa da Moeda, 1985.
- VÁZQUEZ SACO, Francisco, *Cadernos de fraseoloxía galega 5. Refraneiro galego e outros materiais de tradición oral*, eds. J. Beloso Gómez, P. Buján Otero, X. Ferro Ruibal e M.ª C. Paz Roca. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 2003.
- VIOLANTI SIMORRA, Ramon, *El Pirineo español*, Barcelona: Alta Fulla, 4.ª ed. 2003.
- ZANETTI, Zeno, Nonne e bambini. *Saggio di credenze umbre*, Perugia: Vincenzo Santucci, 1886.

## RESUMO

Este artigo ten a ambición de poñer unha semente no fértil solo corgués. Preténdese aquí animar e formar un grupo de persoas que con poucos recursos e en non moito tempo sexa capaz de realizar un traballo de recollida do patrimonio inmaterial do concello dunha maneira sistemática e científica (como se fixo antes noutros territorios galegos ou de maneira puntual no Corgo). O fin é honroso, devolvérllelo aos veciños dun xeito didáctico e ordenado co fin de mellorar a autoestima do rural e intentar que os engrenaxes transmisores de tan rico saber sigan avanzando no tempo.

Lendas, contos, romances, oracións... protagonizadas por seres mitolóxicos, santos, ou persoas normais son parte da información a recoller polo proxecto dun xeito coordinado e unificado polo equipo humano grazas a instrumentos tan interesantes como a grella da entrevista. E para demostrar que o noso concello tamén é vizoso en patrimonio inmaterial achéganse uns cantos exemplos de diversa procedencia.

## PALABRAS CLAVE

Patrimonio inmaterial, etnografía, lendas, seres mitolóxicos, contos, romances, cantigas, oracións, ensalmos, fotografías.

## 1 LIMIAR

O patrimonio inmaterial é o elemento máis fráxil da cultura debido a elevada idade dos últimos portadores. Unha transmisión secular de avós a netos ou de pais a fillos que fendeu pola aparición dos medios de comunicación de masas (radio, televisión e nos últimos tempos, internet). Cada ano que pasa unha remesa de posíbeis informantes morre en Galiza sen que ninguén da familia colectiva galega herdara o máis grande dos tesouros patrimoniais.

Lendas, contos, cantigas, adiviñas, ensalmos... son parte da nosa rica cultura en perigo de extinción. É por isto que se pon de manifesto a necesidade de recoller e dixitalizar o patrimonio cultural inmaterial galego co fin de que non se perda. Pero todos estes aspectos da cultura popular, tan desprezados durante a maior parte do

### Outeiro Iglesias, Mario

marioouteiro@edu.xunta.es  
Enxeñeiro Técnico Industrial (esp. en Química Industrial) e Enxeñeiro Químico  
Profesor de Ensino Secundario (esp. de Tecnoloxía) no CPI de Cervantes

*A tradición oral é un instrumento na vida social. Non é polo tanto algo puramente expresivo, accidental, senón que na medida en que a propia vida social se constitúe por comunicación, faíno igualmente por medio da tradición oral. H.M. Velasco*

A Ánxeles e ao pequeno Martiño. Presente e futuro

século XX, non naceron para permanecer transformados en cadeas de bits no disco duro dun ordenador, senón como cadeas de fonemas na boca dos galegos e das galegas, nesa fantástica cadea de transmisión interxeracional.

O final do patrimonio inmaterial de carácter oral polo asoballamento cruento da globalización é un aviso do que lle pode acontecer á maior obra de carácter colectivo do país, a nosa lingua, se non hai unha reactivación na conciencia colectiva. De nada servirán os dicionarios, as gramáticas e a literatura se só se conserva no papel algo que naceu para ser falado.

## 2 DEFINICIÓN

O contido da expresión "patrimonio cultural" cambiou bastante nas últimas décadas, debido en parte aos instrumentos elaborados pola UNESCO<sup>1</sup>. O patrimonio cultural non se limita a monumentos e coleccións de obxectos, senón que comprende tamén tradicións ou expresións vivas herdadas dos nosos antepasados e transmitidas aos nosos descendentes, como **tradicións orais, artes do espectáculo, usos sociais, rituais e actos festivos, coñecementos e prácticas relativos á natureza e ao universo, e saberes e técnicas vinculados á artesanía tradicional.**

Malia a súa fragilidade, o patrimonio cultural inmaterial é un importante factor do mantemento da diversidade cultural fronte á crecente globalización. A comprensión do patrimonio cultural inmaterial de diferentes comunidades contribúe ao diálogo entre culturas e promove o respecto cara a outros modos de vida.

(1) <http://www.unesco.org/culture/ich/index.php?lg=es&pg=00001>

A importancia do patrimonio cultural inmaterial non estriba na manifestación cultural en si, senón no acervo de coñecementos e técnicas que se transmiten de xeración en xeración. O valor social e económico desta transmisión de coñecementos é pertinente para os grupos sociais tanto minoritarios como maioritarios dun Estado, e reviste a mesma importancia para os países en desenvolvemento que para os países desenvolvidos.

O patrimonio cultural inmaterial é:

- **Tradicional, contemporáneo e vivente a un mesmo tempo:** o patrimonio cultural inmaterial non só inclúe tradicións herdadas do pasado, senón tamén usos rurais e urbanos contemporáneos característicos de diversos grupos culturais.
- **Integrador:** podemos compartir expresións do patrimonio cultural inmaterial que son parecidas ás doutros. Tanto se son da aldea veciña coma se proveñen dunha cidade nas antípodas ou foron adaptadas por pobos que emigraron a outra rexión, todas forman parte do patrimonio cultural inmaterial: transmitíronse de xeración en xeración, evolucionaron en resposta ao seu ámbito e contribúen a infundirnos un sentimento de identidade e continuidade, creando un vínculo entre o pasado e o futuro a través do presente. O patrimonio cultural inmaterial non se presta a preguntas sobre a pertenza dun determinado uso a unha cultura, senón que contribúe á cohesión social fomentando un sentimento de identidade e responsabilidade que axuda aos individuos a sentirse membros dunha ou varias comunidades e da sociedade en xeral.
- **Representativo:** o patrimonio cultural inmaterial non se valora simplemente como un ben cultural, a título comparativo, pola súa exclusividade ou valor excepcional. Florece nas comunidades e depende daqueles os coñecementos das tradicións, técnicas e costumes dos cales se transmiten ao resto da comunidade, de xeración en xeración, ou a outras comunidades.
- **Baseado na comunidade:** o patrimonio cultural inmaterial só pode selo se é recoñecido como tal polas comunidades, grupos ou individuos que o crean, manteñen e transmiten. Sen este recoñecemento, ninguén

pode decidir por eles que unha expresión ou un uso determinado forma parte do seu patrimonio.

### 3 ANTECEDENTES

Son moitos os antecedentes que dunha maneira individual ou colectiva, dunha maneira puntual ou no marco dun estudo máis rigoroso recolleron e estudaron o patrimonio inmaterial galego. Amosamos nos seguintes subapartados unha serie de antecedentes dende o marco xeográfico máis xenérico ata o noso concello.

#### 3.1 GALIZA

Hai que remontarse ata o século **XVIII** para atopar traballos serios no eido do patrimonio inmaterial. Estámonos a referir aos estudos dos padres Sarmiento e Sobreira, pioneiros en recoller e valorar as cantigas, contos e refráns populares que lles chegaron aos oídos a través da literatura oral<sup>2</sup>.

No século **XIX** destacamos a figura de Manuel Murguía que dirixiu unha escolma rigorosa da literatura popular no primeiro tomo da súa *Historia de Galicia*. A maiores destacan os traballos de Marcial Valladares, José Casal, Manuel Milà y Fontanals, Juan A. Saco y Arce, Luís Tobío, Antonio de la Iglesia, José Pérez Ballesteros, José López de la Vega e Xesús Rodríguez López, entre outros.

O século **XX** foi unha explosión no estudo deste patrimonio, sobresaíndo a nivel colectivo os traballos da Real Academia Galega, as Irmandades da Fala, o grupo Nós, o Seminario de Estudos Galegos, a revista *Ultraya* e un longo etcétera. A nivel individual compre mencionar a A. Hervella Courel, Armando Cotarelo, Castelao, Vicente Risco, Otero Pedrayo, F. Bouza-Brey, Filgueira Valverde, Xaquín Lorenzo, Ramón Cabanillas, López Cuevillas, Leandro Carré Alvarellos, Vázquez Saco, Antón Fraguas, Taboada Chivite e máis recentemente a suíza Dorothe Schubart, Antón Santamarina, X. M.

(2) BLANCO PÉREZ, Domingo. "Literatura popular de tradición oral". *Galicia. Antropoloxía. Tomo XXVIII: Imaxinario. Literatura popular*. Hércules de ediciones. 1997, páxs. 55-85.

González Reboredo, Domingo Blanco, Mar Llinares,...

No eido da **fotografía** tamén hai que salientar as coleccións propias de xente foránea de comezos de século como foron as de Walter Ebeling e Ruth Matilda Anderson. Por fortuna nos últimos anos afloraron numerosas iniciativas tanto de recollida de material fotográfico como de divulgación das mesmas a partir de libros e exposicións a cargo de museos (Museo do pobo Galego, Museo etnolóxico de Ribadavia...), fundacións, bibliotecas, asociacións culturais e veciñais...

Pero hai varias iniciativas que quero resaltar na actualidade a nivel galego:

- **Proxecto Ronsel**<sup>3</sup>, que xurde como un proxecto colaborativo entre varias consellarías da Xunta de Galiza, AGADER e as tres universidades galegas co fin de realizar o inventario, salvagardar e poñer en valor o patrimonio cultural inmaterial galego
- **Candidatura de Patrimonio Inmaterial Galego-Português**<sup>4</sup>, que ademais de ter fins semellantes á anterior iniciativa, pretende que a UNESCO nomee a candidatura multinacional denominada "As tradicións orais galego-portuguesas" como "Masterpiece of Oral and Intangible Heritage of Humanity" (Obra Mestra do Patrimonio Inmaterial da Humanidade).
- **Polafías**<sup>5</sup>, son un proxecto da Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG), coordinado polo vogal de Literatura de Tradición Oral, Antonio Reigosa, que intenta recrear as reunións ou veladas de carácter festivo con contidos literarios e musicais e ten como obxectivo primordial o de poñer en valor e rescatar do esquecemento o valioso patrimonio oral, literario e musical, galego.
- **Galicia Encantada**<sup>6</sup>, é dende logo a "wikipedia" galega do patrimonio inmaterial. Todo un portal aberto á participación cidadá actualizado, ordenado e completo, coordinado tamén por Antonio Reigosa.
- **Universidade Rural Galega**<sup>7</sup>, formada por entidades culturais e persoas a nivel individual.

### 3.2 LUGO

A cabalo dos séculos XIX e XX nace a **Escola Etnográfica Mindoniense** que acubilla a

personaxes tan coñecidos como Manuel Leiras Pulpeiro, Antonio Noriega Varela, Eduardo Lence-Santar e Guitián, Raimundo Aguiar e Aquilino Iglesia Alvariño. A metade norte da provincia tivo bos sucesores en nomes como Armando Requeixo, Isaac Rielo Carballo, Isaac Ferreira, Manuel Lourenzo, Xesús Pisón, Félix Villares, Anxo Fernández Ocampo e por suposto o grupo Chaira.

En 1992 un grupo de catro escritores e estudosos, Ofelia Carnero Vázquez, Mercedes Salvador Castañer, Xoán Ramiro Cuba Rodríguez e Antonio Reigosa Carreiras, crean o Grupo de Investigación Etnográfica "**Chaira**" co fin de recuperar, difundir e investigar a literatura de tradición oral de Galiza. Durante este tempo fixeron traballos de campo en Abadín, Begonte, Vilalba e A Pontenova, deixando dúas obras mestras impresas: *Polavila na Pontenova. Lendas, contos e romances* e *Da fala dos brañegos. Literatura oral do concello de Abadín* publicadas baixo o amparo da Deputación de Lugo.

É tamén digno de mencionar a colección de contos populares da provincia de Lugo publicada polo **Centro de Estudos de Fingoy** no 1961 baixo a dirección do profesor Ricardo Carballo Calero. Máis recentemente agromaron tamén recompilacións no concello de Samos, Palas de Rei, Ancares...

### 3.3 O CORGO

No concello do Corgo houbo intentos puntuais tanto de recollida como de divulgación do patrimonio inmaterial (todos eles recentes) pero falta ese macroproxecto que varra toda a superficie e que fixe para sempre a nosa cultura máis etérea. Destacan os traballos de **Xosé Manuel Castro Castedo** en Queizán trasladado ao papel na súa tese de licenciatura (inérita) e de **José Luís Garrosa Gude** en Franqueán publicado na revista *Madrygal*.

Outras fontes nas que todo investigador debe beber no Corgo (e en calquera outro sitio) son as **revistas escolares** e dise en plural porque o

(3) <http://ronsel.uvigo.es>

(4) <http://www.opatrimonio.org>


(5) <http://www.aelg.org/Polafias/MainPage.do>

(6) <http://www.galiciaencantada.com>

(7) <http://universidaderruralgalega.blogspot.com>

concello do Corgo ten repartidos os seus alumnos de primaria nos CEIP do Corgo e CPI Ramón Piñeiro (A Pobra de San Xiao-Láncara) e os de secundaria neste último centro e no IES As Mercedes (Lugo). As revistas escolares están cheas de adiviñas, trabalinguas, contos, lendas... recollidas nas casas ou entre os veciños dos devanditos alumnos e baixo a tutela dos profesores.

Relativo aos oficios hai que destacar a magnífica colección etnográfica de **Manuel Fernández López**, Lolo da Vila (Anseán). A maiores dos obxectos máis materiais posúe unha morea de información tanto de artesáns corgueses como de nomes de materias primas, ferramentas, procesos, etc.



Fotografía da portada do libro *Historia de Corgo* sacada nas inmediacións do Pazo do Corgo

En canto á fotografía destacamos a nivel individual a **Jesús Abuin Arias**<sup>8</sup> (a maiores das fotografías que se publicaron no volume “*Historia de Corgo*” posúe unha ampla colección de fotografías antigas) e a pequena recollida de fotografías feita polo **Concello do Corgo** hai uns anos e que están expostas no Centro Sociocultural de maneira permanente.

#### 4 OBXECTIVOS DO PROXECTO DE RECOLLIDA

O proxecto de recollida de patrimonio inmaterial proposto para o concello do Corgo responde aos seguintes obxectivos:

- **Recompilar** aquela parte do patrimonio máis efémera e susceptíbel de desaparecer. Trátase de recoller todo o patrimonio inmaterial que está en posesión daquelas persoas nadas fundamentalmente antes do 1950 e na totalidade das parroquias do concello do Corgo (ou polo menos nun número delas situadas estratexicamente para que os estudos posteriores teñan validez estatística e científica). É polo tanto preciso crear unha base de datos dixital co fin de que esa

información sexa facilmente reproducíbel no futuro e non teña data de caducidade.

- **Divulgar** o resultado do proxecto. Non ten sentido recoller para almacenar se despois vai quedar gardado nun rexistro de carácter informático. A divulgación débese facer a **nivel oral** (relatorios) co fin de que toda a xente poida coñecer, interaccionar, concretar e ampliar a información dos relatores, a **nivel visual** (exposicións de fotografías e reprodución de elementos sonoros e audiovisuais) e por suposto a **nivel escrito** (revista Corga, libro recopilatorio, páxina web, DVD...). Divulgar é devolver o que antes prestaron os distintos informantes cun gran valor engadido, a mellora da autoestima da poboación rural de avanzada idade.
- **Fomentar a transmisión interxeracional**. Como se dicía no limiar o patrimonio inmaterial naceu fundamentalmente do boca a boca e é así como se debe de seguir mantendo. Fomentar entre os pais e entre os docentes a transmisión deste patrimonio é a mellor forma de afianzármolos como nación neste mundo globalizado.

#### 5 INFORMACIÓN A RECOLLER

É moi importante uniformizar os criterios en canto á recollida de información para que despois os datos poidan ser tratados con seriedade. As reunións e a formación previa dos recursos humanos empregados no proxecto (entrevistadores, equipo técnico...) son fundamentais para o éxito da empresa, así como contar cunha grella de entrevista (común para todos os membros) que ordene, guíe e sirva de soporte para a información a recoller.

A continuación amosamos un listado de elementos do patrimonio inmaterial galego interesantes para ser recollidos no proxecto:

- **Lendas** (de tesouros e riquezas ocultas, de encantos, mouros e mouras, de meigas, de nubiros, de santos e santuarios, de ánimas e agoiros, do demo e de trasnos, de pozos máxicos, de aldeas e lugares desaparecidos, toponímicas e outros relatos lendarios).
- **Contos** (de animais, marabillosos, relixiosos,

(8) ABUIN ARIAS, Jesús. *Historia de Corgo*. Lugo: Servizos de publicación da Deputación de Lugo, 2000.

novelescos, colorados, contos de fórmula e chistes, anécdotas e burlas de matrimonios, de parvos e pillos, de cregos e de personaxes locais).

- **Poesía popular** (romances, romances de cego, cantos narrativos e parrafeos, cancionero popular, adiviñas, trabalinguas, refráns e ditos, oracións, ensalmos e esconxuros).
- **Historia** (feiras e festas, guerras, política, relacións entre poboacións...).
- **Fotografías** (recollendo toda a información relacionada coa mesma: ano e mes/estación na que foi tomada, personaxes, actividade realizada e calquera outro tipo de comentario relacionado coa fotografía).
- **Investigacións puntuais de carácter etnográfico** (celebración do “lume vello”, orixe do nome das casas...).
- **Oficios tradicionais.**
- Outros.



Fotografía de comezos da década dos cincuenta na “legua dereita” e coa desaparecida casa de Resch ao fondo<sup>10</sup>

Exclúese a microtoponimia<sup>9</sup> ao ser recompilada previamente por un equipo de persoas dentro dun proxecto global de recollida a nivel galego.

## 6 RECURSOS MATERIAIS E HUMANOS

Para poder levar a cabo o proxecto de recollida do patrimonio inmaterial son precisos unha serie de recursos materiais e sobre todo humanos. Como **recursos materiais** serían necesarios:

- Grella para a recollida de información manual (formada por un papel tamaño A3 e opcionalmente por varios A4) e material de oficina (bolígrafos, lapis, gomas...).
- Gravadoras para recoller documentación de tipo oral.
- Máquina fotográfica dixital.
- Equipamento informático: ordenador ou disco duro externo, memorias USB, escáner... (hardware) e base de datos, programas de tratamento de imaxe... (software).

Como **recursos humanos** precisaríamos varias persoas relacionadas co CEC cos seguintes perfís:

- Equipo redactor, supervisor e avaliador do proxecto de recollida de patrimonio inmaterial.
- Entrevistadores: traballarían por parellas recollendo información nas parroquias nas que teñan algún tipo de relación persoal co fin de crear ese clima de confianza que provoque que a recollida sexa fructífera. Para un rápido desenvolvemento do proxecto serán precisas como mínimo 5 parellas cada ano.
- Equipo técnico: tamén é preciso un grupo de persoas cuns básicos coñecementos informáticos que axude/realice a dixitalización da información recopilada. Este equipo podería estar conformado por persoas que non participen na parte das entrevistas pero o recomendábel é que fose xente que participase nese traballo de recollida. Debería haber unha persoa técnica por cada parella de entrevistadores.
- Equipo investigador. Serían as persoas que en grupo ou a título individual analizasen a información obtida co fin de realizar artigos publicábeis na revista Corga ou noutro soporte.

## 7 TEMPO DE EXECUCIÓN E FASES

O proxecto ten que desenvolverse nas seguintes fases:

### 7.1 FASE A: PREPARACIÓN E ADQUISICIÓN DE RECURSOS

Duración aproximada: 3 meses.

Tarefas:

- Constituír un equipo humano dentro do CEC para a posterior redacción, supervisión e avaliación do proxecto (membros da Xunta Directiva do CEC, socios e outras persoas relacionadas co CEC e coa A.C. Arumes do Corgo, veciños interesados...). Este equipo deberá ser aberto a novas incorporacións en cada momento.
- Recibir asesoramento doutros grupos que fixeran recollida do patrimonio inmaterial:

(9) PITAPARDO, Alejandra. “A microtoponimia do concello do Corgo”. *Corga*. Centro de Estudos do Corgo. 2010, nº 1, páxs. 70-75.

(10) Fotografía pertencente ao arquivo fotográfico da casa de Otero do Corgo.




literatura oral (Grupo Chaira), material fotográfico (Asoc. de Amigos do Museo do Castro de Viladonga, Museo de Ribadavia...)

- Redactar o proxecto e elixir un nome e un logotipo coas aportacións de todos os membros do equipo.
- Presentar o proxecto ás distintas administracións públicas co fin de obter o financiamento preciso para a adquisición dos recursos materiais necesarios.
- Crear parellas de entrevistadores e o equipo técnico, unificar criterios e recibir formación.
- Adquirir os recursos materiais necesarios.
- Presentar o proxecto ao público e aos medios de comunicación. Con isto a maiores de promocionar o proxecto, impúlsase o CEC e serve de primeiro aviso á poboación corguesa de que proximamente pasarán polas súas casas persoas para realizaren a recolleita do patrimonio inmaterial.

## 7.2 FASE B: ENTREVISTAS

Duración aproximada: 2-3 anos.




Mapa coas parroquias diferenciadas a nivel orográfico

### Tarefas:


- Escoller as parroquias a entrevistar tendo en conta a afinidade xeográfica das distintas parellas, a poboación total entrevistada e un criterio estatístico e científico. Un bo obxectivo sería cubrir o número de parroquias preciso para varrer unha poboación de entre 300 e 400 persoas ao ano por parella. Deste xeito, 5 parellas traballando ao ano poderían cubrir o concello en pouco máis de 2 anos e medio. Para comezar a ter resultados estatísticos e

científicos ao cabo dun ano (ano e medio), habería que ter moito tino á hora de escoller as parroquias para que houbera representación de todos os seguintes supostos:

- ❖ **Montaña** (Queizán, Fonteita, Franqueán, Folgosa e Santalla), **Ribeira** (Paradela, Quinte, Farnadeiros, Cerceda, Cela...) e **Chaira** (zona centro e noroeste do concello).
- ❖ Zona da estrada N VI (con polos en **Adai**, **O Corgo**, **Gomeán** e **Laxosa**) e da estrada C-546 (con polos en **Farnadeiros** e **Maceda**).
- ❖ **Parroquias pequenas** (menos de 100 habitantes) e **parroquias grandes** (máis de 100 hab.).



Mapa parroquial coas distintas zonas e polos de atracción



Mapa parroquial coas parroquias grandes (en poboación) e pequenas

- Remitir unha carta informativa sobre o contido do proxecto a todos os veciños da parroquia a visitar, avisando de que nos posteriores meses pasarán dúas persoas (con nome e apelidos) para a recollida voluntaria de información.
- Asinar unha autorización (no momento da entrevista e sempre e cando a persoa queira colaborar) para duplicar, coleccionar, expoñer e publicar a información que sexa cedida.
- Fotografar todos aqueles elementos xeográficos e patrimoniais (castros, fontes, medorras...) que aparezan citados nas entrevistas (lendas, contos...).
- Dixitalizar os datos, é dicir, introducir a información da grella de entrevistas nunha base de datos, transcribir as gravacións de son, escanear as fotografías para posterior devolución, duplicar material audiovisual...
- Avaliar o proxecto en base á experiencia do contacto coa xente. Aos 3 primeiros meses de comezar a entrevista e na metade da fase débense realizar senllas autoavaliacións rigorosas non só da grella de entrevistas senón do proxecto ao completo co fin de realizar rectificacións.
- Presentar o estado do proxecto ao público e aos medios de comunicación ao finalizar a fase B.

### 7.3 FASE C: ANÁLISE DE DATOS E PUBLICACIÓN DE RESULTADOS


Duración aproximada: 1,5-2,5 anos

Tarefas:

- Crear equipos de traballo (varias persoas ou a título individual) para analizar as distintas temáticas estudábeis a partires da información recollida na base de datos. Eses equipos xa poden comezar a traballar cando se teña varrida a metade da poboación do concello ou a partir dun ano (ano e medio) e sempre que as parroquias escollidas sexan representati-vas de todo o concello.
- Presentar os diferentes estudos ao público en xeral e posteriormente publicalos na revista Corga. Todas as persoas que colaboren na recollida de información terían dereito preferente a utilización dos datos para o seu posterior estudo e publicación (ben a título individual ou colectivo), podendo externalizar esta parte só cando a ningún lle interese unha temática ou cando a complexidade da mesma así o requira.
- Dar a coñecer aos medios de comunicación os resultados do proxecto unha vez avanzada a fase C.

### 7.4 CRONOGRAMA

Tendo en conta os tempos non activos e a duración aproximada de cada fase (coa duración mínima e máxima), deitamos o seguinte cronograma para maior comprensión da duración do proxecto. No mellor dos casos remataríase en 3 anos e se o proceso avanzase con máis lentitude duraría 4 anos.



Cronograma coas distintas fases do proxecto

### 8 GRELLA DE ENTREVISTA

Agrella que propoñemos é un documento en papel tamaño A3 coa incorporación de varias (ou ningunha) follas tamaño A4 no seu interior. Este documento debe conter os seguintes apartados:

- **Datos da entrevista:** código, entrevistadores, lugar, data, hora de comezo, hora de remate e observacións da entrevista.
- **Relación da documentación obtida:** documentación escrita, gravacións de audio, outra documentación (audiovisuais...) e fotografías.
- **Autorización:** para copiar, archivar, expoñer ou editar a información recollida así como o compromiso do Centro de Estudos do Corgo de devolver todos os documentos prestados no prazo dun mes.
- **Datos dos informantes:** nome e apelidos, data e lugar de nacemento, enderezo e profesión.
- **Anexos:** ampliación da documentación recollida (sempre e cando o apartado de relación da documentación do A3 resultase escaso), observacións...

Nas seguintes imaxes aparece unha proposta de deseño da grella que recolle as anteriores necesidades.

Portada e primeira páxina interior do A3 da grella

Segunda páxina interior do A3 da grella e contraportada

Posíbeis anexos en tamaño A4 para introducir no interior do A3

## 9 ALGÚNS EXEMPLOS NO CORGO

### 9.1. LENDAS ASOCIADAS A ELEMENTOS ARQUEOLÓXICOS

Isaac Rielo Carballo<sup>11</sup> asocia os castros de Paradela con lendas de seres fantásticos (como vén sendo habitual no resto dos castros galegos). No triángulo formado por San Fiz, Chamoso e Vilanova, a carón do río Miño, existe unha eleva-



Terraplén defensivo do Castro de Verín

ción denominada **Monte dos Castros**<sup>12</sup> pola existencia das croas de Cerdeiriño e Verín. Na boqueira do recinto existía un gran seixo que segundo a lenda, “faino de pear entre as augas do río, e traído alí, como se dixo, por unha raíña moura, en castigo, por se propor fuxir coas dúas doncelas de Vilanova a Coeses”.

Outro castro, entre Paradela e Farnadeiros (S. Pedro), denominado da **Grova**, “conta, asemade, con lendarios de fadas encantadas, sorprendidas algunhas polos nativos cando unha noite de San Xoán se adicaban a carrexar auga da trema da Veiga.” Hai que aclarar que A Veiga está situada a 300 m do castro cara ao solpor.

Outro castro lendario é o de **Vilacorbe** en Folgosa (San Martiño). Nas súas proximidades hai unha cova que tiña tres entradas: debaixo da horta do crego (fronte ao pozo da casa de Pérez), na contorna do cemiterio (antes castro) e outra na zona chamada Fincova (outra vez a toponimia deita datos precisos e esclarecedores). Na cova apareceron numerosos muíños romanos, dicíase que podía pasar un cabalo de pé e que nela podía haber un tesouro con moito ouro.

### 9.2. LENDAS ASOCIADAS A ESPAZOS NATURALS

Os espazos naturais onde se mestura a auga dos ríos, o granito das rochas e a vida antergra de árbores autóctonas teñen certamente un poder atractivo que lle transmiten ao home unha paz e serenidade moi cobizadas nestes comezos do século XXI. Refírome a espazos como os da Fraga da Fervenza a carón do río Miño, á ribeira de Reconco que está fronte ao muíño de Chousa, situado no río Neira, e tamén ao descoñecido espazo da **Pena dos Mouros** de Anseán. Esta é unha superficie aproximadamente de 6 hectáreas que envolve o pequeno río Mazandán ao pé dun lugar tamén mítico como o da Torre de Anseán. No medio dunha chaira abrumadora, o río introdúcese nunha fraga mesta, que dificulta o acceso a pé, para correr veloz e romper en ducias de pequenas fervenzas entre a admiración das inmóbiles figuras penedías.



Río Mazandán nas proximidades da Pena da Moura

Un lugar descoñecido para a maioría dos corgueses e situado augas abaixo da magnífica ponte da Torre<sup>13</sup>, de época altomedieval cun só van executado con cachotería de lousa. Por esta ponte atravesa un camiño real que serviu de vía xacobeá como enlace entre o camiño francés (Padornelo) e o primitivo (Lugo). Naquel lugar existiu unha ermida (de feito queda rexistrado na microtoponimia das fincas) da que non queda rastro salvo algunha pedra con inscricións que foi empregada posteriormente nalgunha casa ou palleira da parroquia.

(11) RIELO CARBALLO, Isaac. *A Casa Grande de Quintela. Farnadeiros, O Corgo*. Pol: O Mocrín, 2005.

(12) OUTEIRO IGLESIAS, Mario / LÓPEZ CARBALLO, ÁNXELES. *Regreso ao mundo castrexo*. Lugo: A.C. Arumes do Corgo e Vicepresidencia Primeira da Deputación de Lugo, 2010.

(13) OTERO IGLESIAS, Mario / POLÍN, Ricardo. *O Corgo na ruta xacobeá*. Lugo: A.C. Arumes do Corgo e Dirección Xeral de Turismo, 2007.

Nas proximidades existiu unha torre medieval destruída no s. XV polos Irmandiños, reconstruída posteriormente, pero desfeita finalmente pola desidia e o esquecemento do home. Na actualidade existen dúas casas de fermosa arquitectura, unha das cales ten unha fonte subterránea cuxo pasadizo estivo e está rodeado dun halo de misterio (algún di que comunicaba a antiga Torre co río no lugar da Pena dos Mouros).

Son tamén estes lugares fontes vizosas para o imaxinario popular como os castros e as medorras vistos antes. Lugares habitados polas mouras e augas que asulagan cidades como veremos nas seguintes lendas.

Manuel Fernández López (gran ceramista e estudoso do patrimonio corgués) foi hai quince anos a persoa que me ensinou este recanto de paraíso agochado e o que me contou que un dos máis grandes penedos que hai a carón do Mazandán fora traído ata alí por unha moura na cabeza. Mostra diso é o curioso oco que hai nun dos laterais da rocha e que coincidiría coa cabeza dun xigante.



Detalle do oco provocado na rocha pola cabeza da moura

Desprazándonos 5 km ao sur da Pena dos Mouros atopamos outra lenda relacionada con espazos naturais (ríos). Eladio Bernabé Fernández, residente en Chousa (Escoureda), enviou, a día de hoxe, a única lenda referida ao concello do Corgo na web de Galicia Encantada<sup>14</sup>.

“Falando de dous dos ríos da nosa comarca dicían os nosos antergos que alí onde se xuntan hoxe o río Sarria e o Neira, nos lindes entre os concellos de Láncara e O Corgo, na provincia de Lugo, no lugar de **Trambeloríos**, houbo, hai como moitísimo tempo, alí a carón, como unha cativa aldea coa súa igrexa.

É de supoñer que daquela aínda estes dous ríos non se xuntarían neste lugar concreto pero co tempo e debido á posible variación dos cauces, a aldea foise afundindo para quedar asolagada totalmente polas augas.

Disque moito tempo despois de todo aquilo, e cando naqueles duros invernos de moita enchente que coañaban os leitos abandonados como debullados, algúns chegaron a asegurar que nos claros mediodías dos meses de verán por intres podíase albiscar aínda o cumio do campanario da igrexa de Trambelosríos.”

O mesmo Eladio manifesta na páxina web que a “lenda foi escoitada dun que xa morreu, e a el tamén lla contaran os seus devanceiros. Mesmo, non se sabe o motivo, alí, nas augas da confluencia, deixaron a vida unhas tres persoas.”

### 9.3 LENDA DO SANTUARIO DAS VIRTUDES E RITUAIS VARIOS

Xosé Manuel Blanco Prado<sup>15</sup>, é se cadra a persoa que máis ten estudado o **santuario das Virtudes** de Pedrafita (como se demostra tamén no seu artigo desta mesma revista). El recolleu a seguinte lenda asociada a este templo:

“Este santuario está situado na freguesía do S. Miguel de Pedrafita, municipio do Corgo, diocese de Lugo. A súa festividade ten lugar, no mes de maio, o día da Ascensión.

Coméntase *“que hai moitos anos algúns veciños de Pedrafita encontraron a Virxen na fonte, lavando. Levárona á igrexa da parroquia, pero ela volveu para a fonte, e así unha e outra vez ata que os veciños da zona decidiron facerlle unha ermida neste lugar”*



Fonte das Virtudes. Ao fondo pódese observar aínda o ritual dos panos

Como queda amosado na lenda, preto do santuario hai unha fonte, que cumpre unha función moi semellante á do santuario do S. Ambreixo (Palas de Rei).”

Coma en moitos santuarios galegos están presentes unha serie de rituais colectivos, como a cele-

(14) <http://www.galiciaencantada.com>

(15) BLANCO PRADO, Xosé Manuel. “Lendas sobre algúns santuarios da provincia de Lugo”. *Croa*. Asociación de Amigos do Castro de Viladonga. 2000, nº 10, páxs. 38-43.

bración de misas e procesións e tamén individuais como o da circunvalación e os de contacto.

Pero a ninguén lle escapa que a capela da Nosa Señora das Virtudes<sup>16</sup> recolleu todo canto houbo de culto ancestral na contorna, ao ser cristianizado a partir do século VI despois de Cristo. Naquela zona, a pé da vía romana XIX, confluíu o culto a Mercurio (apareceu unha ara votiva, gardada actualmente no Museo Diocesano de Lugo), que como é sabido é o deus do comercio, dos negocios e polo tanto das viaxes, cunha fonte milagreira con capacidade para curar enfermidades dos ollos.

#### 9.4 CONTOS

Dez anos atrás, un bo amigo meu, contoume un conto que lle fora transmitido á súa vez polo seu avó (como ten que ser!) na súa mocidade. Hai moitos, moitos anos viñan andando tres mozos de **Santo André** dunha festa da parte de Laxosa. Era noite de luar cando oíron mear ao lonxe. Fóronse achegando ata que viron un cabrito sentado no valado do camposanto de Cabreiros. Era un cabrito xeitoso e ante a posibilidade de que que o comese o lobo atárono cunha corda e levárono para a casa co fin de comelo eles.

Aínda non daban creto da sorte que tiveran cando se decataron que cada vez era máis difícil tirar polo animal. Sen eles darse conta, aquel cabrito manso fórase convertendo nun castrón mouro e grande. Moito ao seu pesar, decidiron que non había máis remedio que deixalo alí, porque aínda que o intentaron unha chea de veces non conseguían movelo do sitio. Non avanzaran uns metros cando unha voz rouca saíu do animal indicándolles que o volveran a levar ao sitio onde estaba. Entre suores frías arrastrárono cara o cemiterio e cando se achegaron ao muro o castrón deu un chimp e ameazounos de contaren o que alí acontecera.

O tempo sempre provoca o esquecemento, así que os tres rapaces remataron por contarlle a un veciño o que acontecera aquela noite desafiando as verbas do castrón. O resultado foi a morte do veciño uns días despois con grandes remorsos por parte dos mozos.

Relacionado cun parente dese mítico animal atopamos outro conto na tese de licenciatura de Xosé Manuel Castro Castedo. Este filólogo corgués (gran colaborador do Centro de Estudos

do Corgo e membro do seu comité científico) recolleu cunha gravadora nos anos anteriores ao 1986 unha serie de entrevistas a veciños de **Queizán** co fin de estudar as peculiaridades do galego falado na zona (ver artigo publicado nesta mesma revista). Estas entrevistas están transcritas na tese e son hoxe unha fonte valiosísima para o estudo do patrimonio inmaterial.

Contan José, de 94 anos, e Manolo, de 61, (pai e fillo) nunha das múltiples entrevistas realizadas por X. M. Castro, que “naquela época cuando, usted (dito por Manuel para referirse ao pai), o abuelo, e o bisabuelo, que se falaba daquel carneiro que apareceu un día saltando por eí: “¡Ai! ¡mira que ei vai un carneiro!”. E saliron todos eí, corre que corre tras do carneiro, e o carneiro jamás o daban pillado. O carneiro... era imposible collelo, hasta que chegaron hasta alá esas lamelas e viron... ¡ve! esto é cousa do trasgo, esto xa non é cousa boa.”

Nas mesmas transcricións aparece referenciado un conto de Elena (nai do autor da tese) relativo a uns animais mitolóxicos denominados coscobellos semellantes aos bizbardos (biosbardos<sup>17</sup>, cocerellos, pibardos...) pero que se collían nos ríos cos seguintes instrumentos: unha albarda de burro, unha cabezada, unha pa de botar o pan no forno e un cesto deses que tiñan dúas tapas. O cazador de coscobellos, neste caso un veciño de Queizán, metíase descalzo no río e dando golpes coa pa na auga dicía:

“Coscobello, vente ó cesto,  
e bizbarde, vente ó fardo,  
Xan da albarda, por ti agarda,  
¡aquí coa cabezada.”

Os mozos do lugar tirábanlle pedras e dicíanlle “¡Coscobellán! ¡ei van os coscobellos!” co fin de encirralo na súa fracasada busca.

Elena, grande contadora de contos, comenta tamén a historia de “amor” entre un mozo e unha vella fea que deciden casar. Esta dáse conta que o rapaz só a quere polos cartos e así o di no

(16) ÁLVAREZ ASOREY, Rubén D. / RODRÍGUEZ COLMENERO, Antonio. *Vía romana XIX. Unha viaxe dende Lugo aos Ancares, seguindo as pegadas de Roma*. Lugo: Vías Atlánticas, 2008.

OUTEIRO IGLESIAS, Mario. “Estudo das sepulturas antropoides altomedievais”. *Corga*. Centro de Estudos do Corgo. 2010, nº 1, páxs. 12-25.

OTERO IGLESIAS, Mario. *A riqueza fluvial nas terras de Chamoso*. Lugo: A.C. Arumes do Corgo e Dirección Xeral de Turismo, 2008.

(17) CUBA RODRÍGUEZ, X. Ramiro / REIGOSA CARREIRAS, Antonio / MIRANDA RUIZ, Xosé. *Diccionario dos seres míticos galegos*. Vigo: Xerais, 1999.

momento da cerimonia cando lle pregunta o crego se quere o noivo, anulándose a voda.

A señora Visita (69 anos) comenta, tamén no mesmo documento, como unha rapaza moi fermosa escolleu o home da súa vida entre os sete mozos que tiña poñéndoos a mexar para quedarse co que máis lonxe alcanzase.

## 9.5 ENSALMOS, ORACIÓNS E ESCONXUROS

José Luis Garrosa Gude<sup>18</sup> fixo hai uns anos un intenso traballo de campo na parroquia de **Franqueán** recollendo distintos ensalmos, oracións e esconxuros. A continuación amósase un deles para curar o “corvín”:

“A abeira úsase para mata-las bruxas e tamén diferentes ensalmos de curación coma o que transcribimos a continuación, empregado para encouta-lo *corvín*. Defínese o *corvín* como unha especie de ataque que lles dá ós ranchiños e lles fai chiar e patexar ata levalos á morte. Hainos que cruzar tres veces cunha vara de *abelaira*, tamén hai versións nas que é de *biouteiro*, mentres se di o seguinte:

*San Pedro e San Juan por un camiño van.*

*E díxolle San Pedro a San Juan:*

*“Aí queda o cocho de Choupín dándolle o teo e o corvín”.*

*E díxolle San Juan a San Pedro:*

*“Crúzao cunha vara de abelaira que o teo e o corvín marchará e o cocho de Choupín quedará”.*

*Co favor de Dios e da Virgen María, un padrenuestro e un avemaría.”*

Xosé Manuel Blanco Prado<sup>19</sup> recolleu na parroquia de **Queizán** un ensalmo para curar as belidas, “manchas brancas, nubes, néboas, puntíños, e úlceras que aparecen nos ollos, producindo diminución ou perda da visión e non cabe duda ningunha que se refire ás úlceras de córnea”.

“Facíase unha cruz sobre o ollo do doente cun gran de trigo entre o índice e o polgar, pronunciando ao mesmo tempo as seguintes palabras:

*Desfeita,  
que fuches feita,  
en auga,  
en lume,*

*en sal da mar,  
en auga de fonte termal.  
Nin crezas,  
nin avivezas  
nin fagas cousa  
que mal parezas  
no corpo de (fulano de tal).*

Logo, collíase outro gran e realizábase a mesma práctica nove veces, durante nove días seguidos. Cada vez que se recitaba o ensalmo, rezábase ao seu remate un nosopai e unha avemaría.”

Na tese de licenciatura de Xosé Manuel Castro Castedo recóllense tamén en Queizán dous ensalmos para curar enfermidades. Neste caso trásmítelos Elena que llos escoitara a unha tía súa. Un deles serve para curar tamén doenzas oculares, en concreto o argueiro (cando o ollo estaba cheo de sangue). O segundo ocúpase do rastro, unha das maiores preocupacións de outrora ao que José Luis Garrosa Gude tamén lle dedica un apartado na súa publicación en *Madrygal*, cun ensalmo de estrutura certamente semellante.

## 9.6 CANTIGAS

Xosé Manuel Castro Castedo tamén recolleu varias cantigas no traballo antes mencionado, fundamentalmente de dous informantes de **Queizán**, hoxe mortos, Montero, que no ano da recolleita (1986) tiña 77 anos e Basilio, con 70 anos. Do primeiro recolleu unha fermosa cantiga de entroido composta polo veciño de Queizán Jesús Rodríguez Álvarez (Jesús de Xorxe) aproximadamente polo 1945 e que foi cantada durante varios anos no entroido polos veciños de Queizán. O Montero tamén achegou unha “jota” que tamén foi cantada polos veciños en tempos de entroido.

Basilio engadiu ao traballo un conxunto de catro cantigas das que reproducimos un anaco dunha que se desenvolve en terras de Queizán e Castroverde:

“O vintecino de agosto,  
según dice o calendario,  
houbo feira en Castroverde,  
e romería en Sampaio.

(18) GARROSA GUDE, José Luis. “Aproximación a algunhas crenzas da parroquia de Franqueán (O Corgo-Lugo)”. *Madrygal*. 2000, nº 3, páxs. 51-57.

(19) BLANCO PRADO, Xosé Manuel. “As doenzas oculares e as lombrigas na provincia de Lugo. Ensalmos e rituais etnomédicos (II)”. *Croa. Asociación de Amigos do Castro de Viladonga*. 2008, nº 18, páxs. 56-79.

E ás nove da mañá,  
eínda o día non abrira,  
e a Fotógrafa de Cuba,  
pra Castroverde salía.

Eínda ben non chega á feira,  
xa non tiña que facer,  
foi ver se encontraba un bobo,  
que pagase de comer

Arimouse a un riquicheiro,  
e máis de alí a un pedazo,  
xa solicitou a Noceiro.

Unhas cuantas voltas deron,  
saliron pra carretera;  
mirai se é pilla a Diana,  
non tiña pernás pra andar.  
E o infeliz de Noceiro,  
o coche tuvo que pagar.

Xa chegaron a Sampaio,  
apearon na romería,  
según dicen os da festa,  
unhas cuantas voltas deron.  
E cando se descuidaron,  
as nove da noite deron.

Botáronse ao camiño,  
cara o lugar de Queizán,  
e cando se descuidaron,  
de detrás deles viña un can.”  
[...]

## 10 CONCLUSIÓNS

Detrás da aparente febleza do patrimonio inmaterial hai unha arma aguerrida contra a apisoadora implacable da globalización. É por isto polo que se propón un proxecto de recolleita e posta en valor da literatura popular, historia local, oficios e fotografías no concello do Corgo, co fin de fixar para sempre ese etéreo saber e mantermos a identidade como galegos.

Neste artigo demostrase que o proxecto é factible de ser realizado con escasos recursos materiais, cun dimensionado equipo humano e non nun prazo de tempo máis aló de tres ou catro anos. O resultado, estudar o patrimonio inmaterial e devolvérlo á sociedade corguesa en forma de publicación, exposición ou relatorios, herdeiros de semellante tesouro. Outros moitos exemplos hai

espallados pola xeografía galega dende finais do s. XIX ata a actualidade que deben servir como exemplo e guía.

Finaliza o artigo cunha escolma de lendas, contos, ensalmos e cantigas do concello do Corgo recollidas oralmente polo propio autor ou a través de distintos traballos (publicados ou non) co fin de animar os lectores a participaren neste ambicioso proxecto de recuperación da memoria histórica.

## 11 BIBLIOGRAFÍA

### MONOGRAFÍAS

- ABUIN ARIAS, Jesús. *Historia de Corgo*. Lugo: Servizos de publicación da Deputación de Lugo, 2000.
- ALONSO GIRGADO, Luís. *Antoloxía do conto galego. Século XX*. Vigo: Ed. Galaxia, 2001.
- ÁLVAREZ ASOREY, Rubén D. / RODRÍGUEZ COLMENERO, Antonio. *Vía romana XIX. Unha viaxe dende Lugo aos Ancares, seguindo as pegadas de Roma*. Lugo: Vías Atlánticas, 2008.
- CARNERO VÁZQUEZ, M<sup>a</sup> Ofelia / CUBA RODRÍGUEZ, X. Ramiro / REIGOSA CARREIRAS, Antonio / SALVADOR CASTAÑER, M<sup>a</sup> de las Mercedes. *Da fala dos brañegos. Literatura oral do concello de Abadín*. Lugo: Museo Provincial de Lugo e Deputación Provincial de Lugo, 2004.
- CARNERO VÁZQUEZ, M<sup>a</sup> Ofelia / CUBA RODRÍGUEZ, X. Ramiro / REIGOSA CARREIRAS, Antonio / SALVADOR CASTAÑER, M<sup>a</sup> de las Mercedes. *Polavila na Pontenova. Lendas, contos e romances*. Lugo: Servicio de Publicacións da Deputación Provincial de Lugo, 2004.
- CUBA RODRÍGUEZ, X. Ramiro / REIGOSA CARREIRAS, Antonio / MIRANDA RUIZ, Xosé. *Diccionario dos seres míticos galegos*. Vigo: Xerais, 1999.
- EBELING, Walter. *A terra e os homes. Fotografías de Walter Ebeling (1928-1933)*. Lugo: Servicio de Publicacións da Deputación Provincial de Lugo, 2003.
- GONZÁLEZ REBOREDO, Xosé Manuel. *Lendas galegas de tradición oral*. Vigo: Ed. Galaxia, 1995.
- LIRAPOUSA, Lolín / LLANARODRÍGUEZ, César / CASTRO RAMIL, Bibiana. *Álbums para o reencontro. Ribadavia e os Ribadavienses*



III. Ourense: Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia, 2005.

OTERO IGLESIAS, Mario / POLÍN, Ricardo. *O Corgo na ruta xacobeá*. Lugo: A.C. Arumes do Corgo e Dirección Xeral de Turismo, 2007.

OTERO IGLESIAS, Mario. *A riqueza fluvial nas terras de Chamoso*. Lugo: A.C. Arumes do Corgo e Dirección Xeral de Turismo, 2008.

OUTEIRO IGLESIAS, Mario / LÓPEZ CARBALLO, ÁNXELES. *Regreso ao mundo castrexo*. Lugo: A.C. Arumes do Corgo e Vicepresidencia Primeira da Deputación de Lugo, 2010.

RIELO CARBALLO, Isaac. *A Casa Grande de Quintela. Farnadeiros, O Corgo*. Pol: O Mocrín, 2005.

VÁZQUEZ GARCÍA, Rodrigo. *A tradición oral na comarca da Ulloa. Unha aproximación descritiva e analítica dende a experiencia docente*. Lugo: Servizo de Publicacións da Deputación de Lugo, 2010.

VARIOS. *Plan para a salvagarda e posta en valor do patrimonio cultural inmaterial de Galicia*. Ourense: Proxecto Ronsel, 2008.

XIZ, Xulio. *O Corgo, amplo horizonte*. Lugo: Concello do Corgo, 2007.

#### ARTIGOS EN SERIES DE MONOGRAFÍAS

BLANCO PÉREZ, Domingo. "Literatura popular de tradición oral". *Galicia. Antropoloxía. Tomo XXVIII: Imaxinario. Literatura popular*. Hércules de ediciones. 1997, páxs. 55-85.

GONZÁLEZ REBOREDO, Xosé Manuel / LOUREIRO LAMAS, Celso. "Antoloxía da literatura popular". *Galicia. Antropoloxía. Tomo XXVIII: Imaxinario. Literatura popular*. Hércules de ediciones. 1997, páxs. 21-51.

LLINARES GARCÍA, Mar. "Rostros do imaxinario popular". *Galicia. Antropoloxía. Tomo XXVIII: Imaxinario. Literatura popular*. Hércules de ediciones. 1997, páxs. 21-51.

LÓPEZ COIRA, Miguel M<sup>a</sup>. "Do texto oral ó contexto cultural. Perspectiva antropolóxica da tradición oral galega". *Galicia. Antropoloxía. Tomo XXVIII: Imaxinario. Literatura popular*. Hércules de ediciones. 1997, páxs. 87-127.

MARIÑO FERRO, Xosé Ramón. "Medicina popular". *Galicia. Antropoloxía. Tomo XXVII: Relixión. Crenzas. Festas*. Hércules de ediciones. 1997, páxs. 113-169.

#### ARTIGOS EN REVISTAS

BLANCO PRADO, Xosé Manuel. "Lendas sobre algúns santuarios da provincia de Lugo". *Croa. Asociación de Amigos do Castro de Viladonga*. 2000, nº 10, páxs. 38-43.

BLANCO PRADO, Xosé Manuel. "As doenzas oculares e as lombrigas na provincia de Lugo. Ensalmos e rituais etnomédicos (II)". *Croa. Asociación de Amigos do Castro de Viladonga*. 2008, nº 18, páxs. 56-79.

CUBA RODRÍGUEZ, X. Ramiro / REIGOSA CARREIRAS, Antonio. "Xeografía mítica da provincia de Lugo (I): cen lugares con lenda". *Croa. Asociación de Amigos do Castro de Viladonga*. 1998, nº 8, páxs. 42-63.

GARROSA GUDE, José Luis. "Aproximación a algunhas crenzas da parroquia de Franqueán (O Corgo-Lugo)". *Madrygal*. 2000, nº 3, páxs. 51-57.

LÓPEZ CARBALLO, M<sup>a</sup> de los Ángeles. "A fotografía como nexa de unión entre o Castro de Viladonga e as parroquias da contorna". *Croa. Asociación de Amigos do Castro de Viladonga*. 2009, nº 19, páxs. 84-89.

OUTEIRO IGLESIAS, Mario. "Estudo das sepulturas antropoides altomedievais". *Corga. Centro de Estudos do Corgo*. 2010, nº 1, páxs. 12-25.

PITA PARDO, Alejandra. "A microtoponimia do concello do Corgo". *Corga. Centro de Estudos do Corgo*. 2010, nº 1, páxs. 70-75.

REIGOSA CARREIRAS, Antonio. "Proxecto Chaira. Un inventario de Literatura de Tradición Oral". *Croa. Asociación de Amigos do Castro de Viladonga*. 1992/1993, nº 2/3, páx. 17.

#### RECURSOS ELECTRÓNICOS EN INTERNET

<http://www.galiciaencantada.com>

<http://www.opatrimonio.org>

<http://ronsel.uvigo.es>

<http://www.unesco.org/culture/ich/index.php?lg=e&pg=00001>

<http://universidadruralgalega.blogspot.com>

<http://www.aelg.org/Polafias/MainPage.do>

#### OUTROS

*Proxecto de PXOM do Concello do Corgo*. Antonio de Vega Rodríguez e outros. Concello do Corgo.

## VISITA GUIADA AO MUSEO PROVINCIAL DE LUGO

A primeira das moitas actividades que a Asociación Cultural Arumes do Corgo realizou no 2010, foi unha visita guiada ao Museo Provincial de Lugo, que se fixo no mes de xaneiro. Durante a visita realizamos un percorrido xeral polas diversas estancias do museo: a cociña, na que se nos amosa a lareira e pezas tradicionais que eran usadas habitualmente nas casas; a sala dos torques, na que atopamos pezas recuperadas en escavacións nos castros; a sala con mosaicos romanos e exposicións de lucernas; e o claustro, na que vimos unha importante colección de reloxos de sol, miliarios e estelas funerarias. Visitamos tamén algunhas das pezas máis significativas do museo.

Despois centrámonos nas pezas que se gardan no museo e que teñen alguna relación directa ou indirecta coas terras e as xentes do Corgo. Así puidemos contemplar os restos da parte inferior dunha xigantesca figura de granito atopada no castro de San Fiz de Bergazo, o miliario de Adriano, recuperado en Arxemil, o miliario anepigráfico de San Martín de Perliños, o miliario de Franqueán, unha estela recuperada en Cela, un busto en madeira obra de Alejo Otero Besteiro e algunhas outras pezas máis.

Unha visita moi interesante ao museo, importante centro de cultura na provincia, que non podemos deixar que perda fondos e que é preciso dar a coñecer entre os lucenses co fin de que valoren as súas raíces e o seu pasado.

## XANTAR E CELEBRACIÓN DO ENTROIDO

A Asociación Cultural Arumes do Corgo celebrou no mes de febreiro o **entroido** cun xantar de confraternización. Como é tradicional, degustamos un magnífico cocido no restaurante "Playa" de Gomeán, ao que asistimos uns cincuenta socios/as. Despois, os máis decididos prolongaron a xornada "correndo o entroido" por varias aldeas do Corgo. Remataron ben entrada a noite co propósito de repetilo para o próximo ano e poder gozar doutro día de convivencia e divertimento.



Logotipo do novo Club de Atletismo Arumes-Área 10

## FUNDACIÓN DO CLUB DE ATLETISMO ARUMES-ÁREA 10

**QUE É O CLUB DE ATLETISMO ARUMES-ÁREA 10?**  
É un club deportivo constituído recentemente (o día 18 de febreiro de 2010) no Corgo co fin de promover o atletismo entre mozos e maiores, non só no concello do Corgo senón tamén nos concellos limítrofes.

### FICHA TÉCNICA

DATA FUNDACIONAL: 18 de febreiro de 2010  
TELÉFONO: 626 73 93 90  
CORREO-E: arumesarea10@gmail.com  
PÁXINA WEB: <http://arumesarea10.blogspot.com>

## QUEN FORMA PARTE DO PROXECTO?

Detrás da fundación e posta en marcha do club de atletismo están varias asociacións (A.C. Arumes do Corgo, organizadora, entre outras, da I Carreira Popular Arumes do Corgo, E.C Área 10, entidade que traballa no ámbito deportivo corgués dende rapaces ata adultos), administracións públicas (Concello do Corgo, Deputación de Lugo...) e persoas a título individual relacionadas co mundo do deporte e en concreto co atletismo. É polo tanto un colectivo plural que nace coa ilusión de fomentar o atletismo na contorna.

## QUEN PODE FORMAR PARTE?

Todas as persoas que teñan un mínimo interese polo deporte e en concreto polo atletismo teñen cabida no proxecto. Nenos pequenos, adolescentes ou adultos atoparán no Club de Atletismo Arumes-Área 10 un equipo técnico e humano disposto a asesorar dun xeito multidisciplinar e individualizado os atletas que se animen a participar.

**QUE VANTAXES TES POR APUNTARTE?**

A maiores do asesoramento técnico e individualizado o club de atletismo ofrécete formación, información de eventos de atletismo, recursos materiais, descontos, equipamento deportivo e o máis importante, todo o apoio para que mediante o deporte poidas medrar como persoa.

**POR QUE ESCOLLER O ATLETISMO?**

Como dixemos antes, o atletismo pódese considerar a primeira práctica deportiva empregada polo home e unha das máis completas de cantas existen.

O atletismo é un deporte que contén un conxunto de disciplinas agrupadas en carreiras, saltos, lanzamentos, probas combinadas e marcha. É a arte de superar o rendemento dos adversarios en velocidade ou en resistencia, en distancia ou en altura.

A maiores consideramos que tanto no Corgo, como nos concellos limítrofes existe unha oferta deportiva demasiado centrada nos deportes de masas como o fútbol, o baloncesto ou o fútbol sala, ata o punto de absorber todos os recursos existentes.



Seccións xuvenís do Club na II Carreira Popular Arumes do Corgo acompañados polo presidente da Federación Galega de Atletismo

E por último, consideramos o atletismo unha modalidade capaz de abrir portas por igual aos homes como as mulleres (xa dende as antigas civilizacións como a exipcia ou a grega).

**SOCIOS/AS**

Os socios pagarán unha cota anual de 50 € (previamente todos os interesados poderán gozar dun período de proba gratuito dun mes), que inclúe o equipamento deportivo: chandal e camiseta. Os menores de idade terán incluído

tamén os gastos federativos, seguro deportivo e adestramentos.

**ADESTRAMENTOS**

Os adestramentos realizaranse dúas veces á semana durante unha hora, ben nas instalacións deportivas do CEIP do Corgo, ben nas pistas de atletismo das Pedreiras (Lugo).

**XORNADA DE CONVIVENCIA EN ORBAZAI CON OUTRAS ENTIDADES SOCIAIS DA ASOCIACIÓN TERRAS DE LUGO**

O pasado 27 de marzo de 2010 tivo lugar a “I Xornada de Valorización Cultural e Paisaxística de Orbazai”, organizada pola Asociación Terras de Lugo coa colaboración da A.C. Arumes do Corgo e na que participaron máis dun centenar de persoas.

A xornada comezou cunha ruta de sendeirismo de aproximadamente 7 Km pola beira do río Miño, dende o aparcadoiro do estadio Anxo Carro ata as oficinas de Terras de Lugo sitas no lugar de Torre (Orbazai), gozando durante o percorrido das aportacións de veciños da parroquia e de membros de Adegas sobre as características da contorna.



Veciña de Orbazai comentando as peculiaridades da ruta

Nunha carpa montada no aparcadoiro existente a carón da igrexa de Orbazai e da sede de Terras de Lugo, celebrouse a intervención do máis coñecido humorista galego, Carlos Blanco, ao que hai que agradecerlle a súa compañía previa no do roteiro.

E para finalizar, transmitíndonos a súa esencia tradicional galega, o grupo de música e baile galego “A Legua Dereita do Corgo” deleitou os asistentes coa a súa actuación, facéndonos partícipes nalgunhas pezas.

## CURSO DE INICIACIÓN AO BAILE GALEGO

Nos meses de marzo, abril, maio e xuño desenvolveuse dende a A.C. Arumes do Corgo un curso de iniciación ao baile galego destinado ao público adulto. Este curso foi impartido por Laura Fouz Bacariza, mestra de baile, entre outras, na A. C. Legua Dereita do Corgo, entidade coa que Arumes mantén unha ampla e estreita colaboración.

As clases impartíronse os martes de 21:00 h a 22:00 h, cun temario moi amplo, dende bailes soltos como a muiñeira e a xota e os seus derivados (carballeira, fandango...), ata bailes agarrados, como o pasodobre, o valse, a mazurca, a rumba ou a polca, así como a colocación do corpo e dos brazos para o baile, abordado todo dende un nivel de principiante.



Participantes no curso de baile galego

O curso contou cunha grande acollida tanto entre os socios e socias como os non socios da asociación, contando con alumnado de moi diversa idade, xa que se trata dunha excelente actividade de lecer, así como deportiva, sen esquecer a contribución á conservación e espallamento dun rico e importante ben cultural como é o baile tradicional galego.

## IV XORNADAS DE OFICIOS ARTESANAIS: “OS FERREIROS”

Os días 24 e 25 de abril celebráronse no Centro Sociocultural do Corgo as cuartas Xornadas de Oficios Artesanais. En anos anteriores, os traballos do liño, a cestería e a olería foron os temas escollidos. Desta vez tocoulle aos **ferreiros**.



Presentación aos medios de comunicación das IV Xornadas na forxa do Ferreiro de Manán e coa asistencia do Vicepresidente Primeiro da Deputación de Lugo

Durante eses días, os socios/as de Arumes atenderon o local en horario de mañá e tarde para que os visitantes tiveran a atención debida.

### ACTIVIDADES REALIZADAS:

- a) Montaxe dunha **exposición** que contou cunha variada colección de pezas de forxa e ferramentas utilizadas polos ferreiros. Moitas pezas foron cedidas por ferreiros do Corgo (de Manán e Laxosa) polo membro da Xunta Directiva da Asociación Manuel Fernández López (**Lolo de Anseán**) e por outros socios, como Pepe de Vilar. Foi posible ver reixados, sachadoras, picaportes, pechaduras, cravos, podóns, machados, machetas coitelos, navallas, gramalleiras, rellas, cataventos, romanas, morillos, cepos, ferramentas de xoqueiro, cazos, parafusos, presillas das fiestras... Os ferreiros do concello do Corgo, antes citados, tiveron un apartado especial para a exposición dos seus traballos. Agradecemos-lles desde estas páxinas a súa colaboración e axuda.
- b) **Demostracións en vivo** a cargo do artesán **Alberto Leis Veiga**, de Santiago, que traballou nun cuberto montado polos socios de Arumes no exterior do Centro Sociocultural.



Demostración en vivo do ferreiro Alberto Leis

- c) **Obradoiro** lúdico para os visitantes, que puideron participar co ferreiro e facer sinxelas pezas.
- d) **Paneis explicativos** dos diferentes procesos do traballo do ferro (...)
- e) **Proxeccións audiovisuais.**
- f) **Outros:** cartaces, trípticos explicativos, cantigas relacionadas cos ferreiros...

O público asistente tivo a ocasión de visitar a exposición, coas pezas agrupadas polo seu lugar de procedencia e debidamente etiquetadas, ver proxeccións audiovisuais, observar o traballo do artesán e levar para a súa casa trípticos que se editaron para a ocasión.

Os **trípticos** contaban cun LIMIAR que explicaba a historia do ferro en Galiza, a evolución das ferrerías, os empresarios e os xacementos máis importantes. Outro apartado estaba ocupado pola ferrería hidráulica e as súas partes. A continuación, detallábanse as fases do traballo do ferro e as ferramentas utilizadas polos ferreiros, así como os oficios relacionados coas ferrerías. Tamén se relacionaban as ferrerías da provincia de Lugo, con mención especial dos ferreiros do concello do Corgo que tiveron moita importancia no seu tempo.

Como vén sendo habitual, as xornadas tiveron unha importante asistencia de público, que se interesou polas pezas expostas, polos procesos de traballo do ferro e por aprender algo máis sobre este importantísimo oficio tradicional.

## EXCURSIÓN POR TRIACASTELA-SAMOS-SARRIA CON RUTA DE SENDEIRISMO POLO CAMIÑO FRANCÉS DE SANTIAGO, XANTAR DE CONFRATERNIZACIÓN CON OUTRAS ENTIDADES CULTURAIS E VARIAS VISITAS GUIADAS

O sábado, 29 de maio, tivo lugar o encontro anual, das Asociacións; Agrupación Instrutiva Caamouco (Redes), Arumes do Corgo, Arcas de Sárria e Amigos do Patrimonio.

Este ano correspondíalle organizar a xuntanza destas asociacións a Arcas de Sárria. O encontro tivo lugar en Samos, e seguidamente, de camiño a Triacastela, comezamos a visita polo pazo de Lusío, coa explicación, de Xaime Félix, a quen lle damos as grazas por todas as súas palabras e preocupacións durante todo o día e que non imos comentar aquí, simplemente aludir á importancia deste enclave, berce de matemáticos, entre outros, salientando o matemático Vázquez Queipo.

Desde aquí a Triacastela, comezando a visita pola igrexa de Santiago, foto de grupo fronte ao monumento a Santiago e comezo do camiño que, entre Triacastela e San Cristovo do Real vai paralelo á estrada de Pedrafita do Cebreiro a Palas de Rei, polo que nese primeiro treito houbo que camiñar en ringleira, pois é estrada moi transitada polos camiións que van para a cementeira do Oural e por numerosos peregrinos. Dicur que levamos á esquerda o río Sárria, pasamos pola PENA PARTIDA e a PONTE DE ALMIRÓN, para volver a cruzar o río na fermosa aldea de SAN CRISTOVO, e xa na marxe dereita do río seguiremos por unha corredoira ata perto do muiño de RENCHE. Despois de subir unha pequena costa chegamos á igrexa de Santiago de Renche seguimos uns metros pola estrada, e collemos outra baixada cara ao río, que se atravesa na ponte de LASTRES. Pasamos por esta aldea e por zonas de fermosos prados chegando ao lugar de FREITUXE REAL, volvemos cruzar o río na ponte de San Martiño do Real, subimos ata a estrada, que se atravesa por un paso soterrado, e polas cortiñas de fóra da "Chousura", deixando á dereita a alta cerca do Mosteiro. Desde ese punto hai unha fermosa vista do MOSTEIRO DE SAMOS. Chegamos a Samos por Outeiro e o barrio do Fontao, e desde aquí visita a capela do ciprés. Alí, explicación de Xaime Félix do nacemento deste enclave e da vila de Samos e, seguidamente, foto de grupo nas escaleiras do mosteiro e xantar.



Foto de grupo aos pés do Mosteiro de Samos

Logo de comer intercambio de agasallos entre as Asociacións e a seguir unhas palabras de Xurxo, presidente de Arumes, quen comentou que para o vindeiro ano, serán eles os que asuman a organización. Tamén Cacabelos, da Asoc. Instrutiva de Caamouco fixo referencia ao centenario (case nada, cen anos) que esta agrupación vai celebrar.

Pola tarde, visita ao mosteiro de Samos e ao mosteiro da Madalena de Sárria, despedida aos de Caamouco (Redes), e a seguir vista á zona vella e ao “malecón” Sárria.

Comentar que mentres se realizaron estas visitas, unha representación de Arcas, Arumes e Amigos do Patrimonio subimos á parroquia do Hospital do Cebreiro, onde se lle estaba a render unha homenaxe ao padre Mato. Houbo entrega duns agasallos, e unhas palabras con motivo da celebración dos seus 27 anos de cura na montaña.

*Escrito por Manuel Muñiz Besteiro (presidente da A.de Amigos do Patrimonio de Castroverde) en: <http://amigosdopatrimoniodecastroverde.blogspot.com>*

### **EXPOSICIÓN “AS CORES DA TERRA, AS CORES DO CEO” DO SOCIO E MEMBRO DA XUNTA DIRECTIVA MANUEL FERNÁNDEZ LÓPEZ NA SALA DE EXPOSICIÓN DA DEPUTACIÓN DE LUGO**

Durante os meses de xuño e xullo do 2010 na sala de exposicións do Pazo de San Marcos de Lugo, realizou unha exposición de pezas de cerámica o socio e membro da xunta directiva Manuel Fernández “Lolo”, da parroquia de Anséan. Nunha

sala ampla e ben equipada puidemos gozar dunha selección de máis de 150 pezas realizadas nos últimos anos por Lolo.

Formas torneadas ou levantadas con planchas, e logo coas superficies recubertas con esmaltes que



Anaco da exposición de Lolo na Deputación

el prepara, ensaia e perfecciona.

Baixo o título *As cores da terra, as cores do ceo*, as súas pezas ocuparon todo o espazo da sala. Da montaxe debemos destacar a “instalación” de homenaxe á cunca de barro (unha peza xa en desuso que tanta utilidade e función tivo nas xeracións pasadas para saciar a fame e a sede da xente).

Traballando coa terra (barro), coa auga, e co lume, Lolo recreáanos con formas que crean superficies, e superficies que teñen cor, unha reflexión íntima, persoal e da que puidemos gozar os socios de Arumes nunha das viaxes do “km 0” da Deputación.

### **III ENCONTRO CO AUTOR DO CLUB DE LECTURA: ROSA ANEIROS CO LIBRO “ÁS DE BOLBORETA”**

A Asociación Cultural Arumes do Corgo, despois do éxito do primeiro e segundo libro do club de lectura, *Limpeza de sangue* de Rubén Ruibal (Premio Nacional de Literatura) e *Cando petan na porta pola noite* de Xabier P. Docampo (Premio Nacional de Literatura), -cuxos encontros cos autores se levaron a cabo no mes de agosto e decembro (respectivamente) con grande afluencia de público-, celebrou con grande ilusión esta terceira etapa do mesmo. Nesta ocasión, o libro escollido foi *Ás de bolboreta* de Rosa Aneiros, co

que obtivo o Premio Fundación Caixa Galicia 2009 ao mellor título de literatura xuvenil e o Premio The Withe Ravens (Internationale Jugend Bibliothek) no ano 2010.

O Club de lectura de Arumes comezou a funcionar a comezos de 2009 coa intención de dar lectura a un libro cada semestre (e así fomentar o consumo de literatura galega entre a poboación do Corgo e dos concellos limítrofes). A maiores a Asociación posúe un servizo de préstamo bibliotecario para os socios interesados.

O encontro coa autora levouse a cabo o venres, 18 de xuño de 2010, no Centro Sociocultural do Corgo ás 20:00 h. Ese día todas as persoas interesadas tiveron a oportunidade de coñecer a faceta máis persoal e profesional de Rosa Aneiros nun acto que se prolongou no tempo polas numerosas intervencións do público.

Nacida en Meirás (Valdoviño) no 1976, Rosa Aneiros é unha das escritoras galegas actuais máis prolíficas da literatura galega. No 2009 resultou gañadora co premio Xerais de novela pola obra *Sol de Inverno*. Actualmente traballa como xornalista dixital no Consello da Cultura Galega e colabora con numerosos medios de comunicación



Rosa Aneiros no encontro do Club de Lectura de Arumes

tanto impresos como dixitais.

### **PARTICIPACIÓN NO “ACTO CÍVICO E REIVINDICATIVO EN LEMBRANZA DO TRASLADO DOS RESTOS MORTAIS DE ROSALÍA DE CASTRO E POLA REAPERTURA DO PANTEÓN DE GALEGOS ILUSTRES”**

A Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG) celebrou o xoves, 15 de xullo de 2010, día do 125 aniversario do falecemento de Rosalía, un

acto cívico e reivindicativo en lembranza do traslado dos restos mortais de Rosalía de Castro, que tivo lugar o 25 de maio de 1891.

Organizado pola Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG), o cortexo cívico contou co apoio e a colaboración de diversos colectivos populares, como as asociacións culturais Arumes do Corgo, O Galo, Medulio, Alexandre Bóveda, Auriense, LugoPatrimonio, Maio Longo, Solfa e Fundacións como Rosalía de Castro, Manuel María e Bautista Álvarez, entre as máis de 150 organizacións culturais, veciñais, xuvenís, etc.

O programa, ao que acudiron numerosos socios de Arumes, desenvolveuse do seguinte xeito:

- 16:45 Concentración na colexiata de Santa María de Iria, cemiterio de Adina (Padrón).**
- 17:45 Saída do tren, identificado co nome *Follas Novas*, cara a Santiago.**
- 18:00 Recepción do tren "*Follas Novas*" na estación de Santiago de Compostela**
- 18:45 Praza do Toural:** lectura de 3 poemas de *Cantares Gallegos*. Interpretación da peza *Cantigas e Agarimos* pola Banda Municipal de Música de Santiago de Compostela.
- 19:15 Praza da Universidade:** audición do *Pietat Signore*, de Stradella; lectura doutros tres poemas de *Cantares Gallegos*.
- 19:30 Praza de Cervantes:** escaparates da Librería Couceiro dedicados ás obras de Rosalía. Lectura doutros tres poemas.
- 19:45 San Domingos de Bonaval:** audición do *Ángelus*, de Massenet, lectura de poemas de *Follas Novas*, intercalando actuacións dos grupos musicais e artistas participantes, lectura do comunicado/manifiesto sobre os 125 anos de Rosalía e a reivindicación de apertura ao público do Panteón de Galegos Ilustres. Canto do Himno Galego.

### **EXCURSIÓN Á MARIÑA LUCENSE**

O xoves, 29 de xullo de 2010 a Asociación Cultural Arumes do Corgo volveu a participar no programa “km 0” para visitar a zona da Mariña Oriental lucense. A saída foi ás 9:30 h fronte ao Centro Sociocultural do Corgo co seguinte programa por diante:

- ❖ Recepción na Deputación de Lugo.
- ❖ Visita ao centro de interpretación de Terras do Miño.
- ❖ Xantar en Rinlo (Ribadeo).
- ❖ Desprazamento ata Illa Pancha.
- ❖ Breve visita ao Castelo de San Damián (1624) e cargadeiro.
- ❖ Casco histórico: Torres dos Moreno e Palacio de Ibáñez.

Cunha participaron de 40 persoas a viaxe rematou ás 20:00 h no mesmo lugar da partida.

## PARTICIPACIÓN NO “FESTIVAL FOLCLÓRICO DO RÍO 2010”

Outro ano máis Arumes volveu a participar no día grande (domingo) do Festival Folclórico do Río cunha carpa na que dúas persoas informaron durante todo o día o público interesado das múltiples actividades que a entidade realiza, así como a posibilidade de facerse coas guías das xornadas sobre patrimonio, a revista Corga, trípticos dos oficios artesanais...

## II CARREIRA POPULAR “ARUMES DO CORGO”

Por segundo ano consecutivo Arumes encargouse de organizar a II Carreira Popular “Arumes do Corgo” coa colaboración económica da Vicepresidencia Primeira da Deputación de Lugo e do Concello do Corgo. A carreira foi presentada aos medios de comunicación o 27 de xullo no salón de actos da Deputación de Lugo.



Presentación da carreira na Deputación de Lugo

A carreira desenvolveuse o domingo, 22 de agosto de 2010, pola mañá, nas inmediacións do CEIP do Corgo e contou con mais de 50 colaboradores (socios de Arumes, operarios municipais, membros de protección civil, persoal sanitario, garda civil...), bastante público e arredor de 150 atletas.

No seguinte cadro pódense observar as categorías que participaban na carreira coa hora de saída, a distancia e os dorsais correspondentes.

CATEGORÍA	ANO DE NAC.	HORA	DISTANCIA	DORSAIS
Prebenxamín (H/M)	2003 e posteriores	10:30 h	320 m	1001-1100
Benxamín (H/M)	2001-2002	10:30 h	320 m	1101-1200
Alevín (H/M)	1999-2000	10:40 h	1800 m	1201-1300
Infantil (H/M)	1997-1998	10:40 h	1800 m	1301-1400
Cadete (H/M)	1995-1996	11:00 h	3550 m	1401-1500
Xuvenil (H/M)	1993-1994	11:00 h	3550 m	1501-1600
Júnior (H/M)	1991-1992	11:30 h	5300 m	1-1000
Promesa (H/M)	1988-1990	11:30 h	5300 m	
Senior (H/M)	1976-1987	11:30 h	5300 m	
Veteranos 1 (H/M)	1966-1975	11:30 h	5300 m	
Veteranos 2 (H/M)	1956-1965	11:30 h	5300 m	
Veteranos 3 (H/M)	1955 e anteriores	11:30 h	5300 m	

A entrega de premios realizouse fronte ao CEIP do Corgo ás 12:15 h. Estes constaban de:

- Prebenxamín e benxamín: trofeo para o primeiro de cada categoría, medalla especial para o segundo clasificado (para homes e mulleres) e medallas para o resto de participantes. Camisetas para todos.
- Alevín, infantil, cadete e xuvenil: trofeo para o primeiro e medallas para o segundo e terceiro de cada categoría (para homes e mulleres). Camisetas para todos.
- Júnior, promesa, senior e veteranos: trofeo para o primeiro e medallas para o segundo e terceiro de cada categoría (para homes e mulleres). Camisetas para os 150 primeiros.
- Carreira absoluta (5300 m):
  - Primeiro: 200 €
  - Segundo: 150 €
  - Terceiro: 100 €
 Categoría homes e mulleres.
- Entregarase unha medalla ao primeiro home e á primeira muller de cada categoría empadroados no concello do Corgo.
- Entregarase un trofeo ao participante máis novo e ao de máis idade





Saída da categoría de adultos da II Carreira Popular Arumes do Corgo. O disparo de inicio volveuno dar o célebre atleta corgués Julio Gude

## V XORNADAS SOBRE PATRIMONIO: “REGRESO AO MUNDO CASTREXO”

O disparo de saída destas V Xornadas sobre Patrimonio (a actividade máis veterana e mediática de todas cantas realiza a asociación) deuse no marco incomparable da galería Sargadelos de Lugo, o 24 de agosto, coa presenza de Xurxo, Mario (que presentaron as xornadas) e Felipe Arias (unha das voces de máis prestixio na temática) que fixo un adianto do que sería o seu relatorio.



Presentación aos medios de comunicación das V Xornadas sobre Patrimonio

Este ano o programa foi:

SÁBADO, DÍA 28 DE AGOSTO DE 2010

MAÑÁ:

- Ruta dos castros miñotos (circular):
- Saída: Igrexa de San Cosme de Manán ás 9:30 h
- Chegada (aproximada): Igrexa de San Cosme de Manán ás 13:00 h
- Lonxitude: 10,5 km
- Dificultade: media

- Percorrido: Igrexa de Manán-Rego-Vilanova-Pousada-Chamoso-Muíño da Areosa-San Fiz de Paradela-Igrexa de Manán.

SÁBADO, DÍA 11 DE SETEMBRO DE 2010

MAÑÁ:

- Ruta dos castros altos (circular):
- Saída: Igrexa de Santalla do Alto ás 9:30 h (para quen non saiba do sitio, quedamos ás 9:15 h no campo da feira de Gomeán)
- Chegada (aproximada): Igrexa de Santalla do Alto ás 13:15 h
- Lonxitude: 11,5 km
- Dificultade: media
- Percorrido: Airexe-Fonteboa-Monte de San Agustín-Vilanova-Vilar-Golás-Vilar-Santalla-Casanova-Vigo-Airexe.

TARDE:

Tarde de cultura e lecer (escola vella de Gomeán e campo da feira):

17:30 h “A Cultura Castrexa en Lugo”, a cargo de Felipe Arias Vilas.

18:30 h Táboa redonda: “Patrimonio arqueolóxico: os problemas da conservación, valorización turística e compatibilidade cos usos agrarios”.

19:00 h “Actuación de música e bailes galegos”, a cargo da A. C. Legua Dereita do Corgo.



Grupo de camiñantes á saída da “Ruta dos castros altos” unha miguiña máis abaixo da igrexa de Santalla do Alto

Coma todos os anos entregouse un libriño con información das rutas de sendeirismo a tod@s@s participantes nas V Xornadas sobre patrimonio. Esta guía (realizada por Mario Outeiro Iglesias e Ánxeles López Carballo) conta cun limiar, unha introdución á temática, unha presentación dos castros corgueses e dúas rutas de sendeirismo (a ruta dos castros Miñotos e dos

castros Altos) con información de detalle para que todos os interesados, pese a non estar sinalizadas, poidan desfrutar do percorrido sen perderse e coñecendo o rico patrimonio corgués. Tanto as xornadas como o libriño realizáronse coa colaboración económica da Vicepresidencia Primeira da Deputación de Lugo.



Portada da guía realizada co gallo das V Xornadas sobre Patrimonio

## XORNADA REIVINDICATIVA CONTRA A CONSTRUCCIÓN DA MINICENTRAL DA FERVENZA

O sábado, día 18 de setembro de 2010, celebrouse no concello do Corgo unha xornada reivindicativa contra a construción do denominado “Salto de Tosende” nas inmediacións da Fraga da Fervenza. O acto, organizado polo BNG do Corgo e apoiado por Arumes, comezou cunha ruta de sendeirismo, ás 11:00 h, de 9 km entre a desembocadura do río Chamoso e a do río Neira. Ao pasar o muíño da Fervenza, nunhas rochas situadas no leito do río o secretario da A.C. Arumes do Corgo, Mario Outeiro Iglesias, leu un manifesto do que extractamos o anaco final e reproducimos fielmente:

*A ruta de sendeirismo que estamos a realizar discorre á beira do río Miño nun espazo de gran riqueza natural pertencente á Reserva da Biosfera Terras do Miño (UNESCO, novembro de 2002) e integrada nunha gran ruta que une Lugo coa desembocadura do río Neira. Nela podemos admirar o espazo da desembocadura do río Chamoso no Miño, destacando o muíño e a ponte da Foz, así como a insua de Burneiros co seu recuperado caneiro para a pesca. Pero o punto forte da mesma atópase aos nosos pés; falamos da fraga da Fervenza.*

*A carón do río Miño o bosque da Fervenza recibe o seu nome polo salto de auga natural máis alto de todo o seu cauce. Un conxunto de lagoas, nadas das periódicas inundacións do Miño, rodeadas por carballos e castiñeiros centenarios, grosos amieiros, freixos, salgueiros... fan da fraga da*

*Fervenza un espazo único en Europa a xuízo dos expertos. Un total de trescentas hectáreas poboadas por animais e plantas propias das ribeiras fluviais nun lugar onde o Miño crea unha das numerosas ínsuas ao seu paso. A fraga da Fervenza foi declarada (de xeito provisional e ata xaneiro de 2011) Zona de Especial Protección dos Valores Naturais da Rede Natura pola Xunta de Galicia.*

*Ao pé do vello muíño da Fervenza a A.C. Arumes do Corgo volve reclamar a paralización da construción do salto de Tosende (agora xa absorbido pola empresa de turismo rural Casa Grande da Fervenza), como fixo xa en numerosas ocasións, co fin de que o paradisíaco sitio onde nos atopamos manteña o sabor nobre de antano; porque o progreso en Galiza non pode pasar por riba da natureza e do patrimonio cultural do país. Por enésima vez volvemos ver como as administracións públicas favorecen intereses empresariais de dubidosa legalidade fronte á indefensión dos pequenos propietarios das terras. Solidarizámonos tamén cos compañeiros do río Eo e do río Navia, onde vemos como arcaicas concesións hidráulicas saen á luz periódicamente baixo modernas carautas especuladoras.*



Manifestantes ao inicio da ruta de sendeirismo nas inmediacións da insua de Burneiros

O manifesto rematou cuns versos sobre o río Miño de M<sup>a</sup> do Carme Kruckenberg pertencentes a “Poemas sen resposta”. Ao final da xornada celebrouse un xantar entre os asistentes no local social da parroquia de Cela.

## CURSO DE INICIACIÓN (10 H) AO DEPORTE DE ORIENTACIÓN

No mes de outubro celebrouse no concello do Corgo, organizado pola A.C. Arumes do Corgo, coa colaboración económica da Consellaría de Traballo e Benestar (Programa Iniciativa Xove), un "curso de iniciación ao deporte de orientación" no que participaron preto de 20 persoas. O curso impartírono Eugenio Rodríguez Núñez, responsable da sección de Orientación do Club Fluvial de Lugo, Eduardo Pérez Romero, profesor de ensino secundario e Manuel Rodríguez Acevedo, técnico deportivo superior.

Nestas xornadas lúdico-deportivas os participantes no curso puideron aprender as bases do deporte de orientación, as súas modalidades, normas para a participación nunha competición deste tipo, a roupa axeitada que se debe utilizar e os elementos materiais que se empregan, así como o seu manexo: compás, mapa, balizas, tarxetas de control, pinzas... Tamén se adquiriron destrezas para a orientación por observación do terreo, desprazamentos cun mapa orientado...

O programa completouse coa participación nunha carreira de orientación organizada polo Club Fluvial de Lugo sábado 16 de Outubro. Os participantes no curso desprazáronse ata as proximidades do monte Segade e participaron nunha xornada que resultou de moito agrado xa que todos completaron o percorrido ao seu ritmo e gozando da natureza e da experiencia.



Primeiro día de formación teórica no Centro Sociocultural

## PASEO ORIENTADO POLA PARROQUIA DO CORGO

Unha vez rematado o curso de iniciación ao deporte de orientación, os/as participantes puideron poñer en práctica os coñecementos adquiridos, nun paseo orientado pola parroquia do Corgo (Guimarás, A Lagoa, Igrexa, Pazo...) o sábado, 30 de outubro de 2010.

Aos participantes, un grupo de valentes de todas as idades que desafiaron as inclemencias do tempo, proporcionóuselles un compás e un mapa da zona cos puntos polos que deberían pasar, onde estaban situadas as balizas que marcaban o percorrido.

A xornada resultou unha moi boa oportunidade para practicar o deporte de orientación dun xeito distendido e relaxado nun marco perfecto para o contacto coa natureza. Todos os que participaron foron agasallados, ao remataren o percorrido, cun compás de orientación que poderán empregar para practicar este deporte.



Participantes no paseo orientado antes de comezaren a xornada

## EXCURSIÓN POLO COUREL DE UXÍO NOVONEYRA E LOUZARA DE FIZ VERGARA VILARIÑO E HOMENAXE AOS DOUS POETAS

O día 7 de novembro de 2010, uns 60 socios/as da Asociación Arumes do Corgo, co fin de homenaxear a figura do poeta Uxío Novoneyra no ano dedicado á súa figura pola Real Academia Galega, visitamos as terras do Courel.

Chegamos a Seoane sobre as dez e media da mañá. Iniciamos un percorrido a pé ata Parada, onde nos detivemos diante da casa do escritor. Alí entregáronse uns dípticos aos participantes,

explicativos da súa biografía e obra. Xurxo e Sandra leron algúns poemas de Uxío e o Presidente de Arumes compuxo un acróstico para a ocasión dedicado ao poeta do Courel.

Ula o vento, deixando  
xílgaros nas rochas sombrizas,  
ídolos de seixo  
orfos de poetas.

Nos tesos cumes  
ouvea o lobo,  
ventando a morte:  
o Courel esváese na mítica  
néboa dos vañes, coroz  
eterna dos castiros,  
inzada de versos de seu  
rimados no silencio  
anímico dos soutos.

*Xurxo Rodríguez Lozano, marzo 2010*



Socios de Arumes antes de comezaren a ruta de sendeirismo

Regresamos a Seoane para xantar, visitando polo camiño unha antiga ferrería. Xa pola tarde, saímos cara ao Incio pola estrada de Seoane a Samos desviándonos pola ponte de Lúzara ata Santalla, aproveitando así a ocasión de visitar a casa do poeta Fiz Vergara Vilariño.

Por último, continuamos cara á Ferrería do Incio e igrexa de Hospital.

Pasando polo Incio, rematamos un día de lecer e de recoñecemento aos nosos escritores, regresando ao punto de partida en Gomeán.

**OBRADOIRO DE RECICLAXE: "O CONSUMO RESPONSABLE", COA COLABORACIÓN DA**

## **ASOCIACIÓN A COVA DA TERRA E DA ANPA DO CEIP DO CORGO**

O sábado, día 13 de novembro de 2010, de 11:00 h a 13:00 horas celebrouse o "Obradoiro de reciclaxe: o consumo responsable" no Centro Sociocultural do Corgo, organizado por: Arumes do Corgo; Cova da Terra e a ANPA do CEIP do Corgo, coa colaboración de: Vicepresidencia Primeira da Deputación de Lugo e o Concello do Corgo. Foi unha actividade moi participativa, xa que asistiron uns trinta nenos e nenas de distintas idades. Resultou moi interesante e pedagóxica polos contidos alí desenvolvidos e polas conclusións acadadas ao remate da mañá.



Grupo de nenos aprendendo a reciclar dun xeito lúdico

**PARTICIPACIÓN CO RELATORIO "O PROXECTO ARUMES COMO FONTE DE INICIATIVAS CULTURAIS NO CORGO" EN "FEIREANDO. XORNADA DE CONVIVENCIA ARREDOR DA RUTA DAS FEIRAS", CELEBRADA EN FRIOL**

O sábado, día 18 de decembro de 2010, celebrouse co Centro sociocultural de Friol unha xornada de convivencia arredor da ruta das feiras denominada "Feireando", organizada pola Asociación Terras de Lugo (fundada por iniciativa da Asociación Cultural Arumes do Corgo e da que foi presidente dende a súa fundación en xullo de 2008 ata outubro de 2010 o secretario de Arumes, Mario Outeiro Iglesias).

Durante a mañá as entidades máis activas da comarca de Lugo foron expoñendo en quendas de 20 minutos o seu traballo no eido do desenvolvemento rural. Alí estivo a A.C. Arumes do Corgo cun relatorio titulado "O proxecto Arumes como fonte de iniciativas culturais no concello do

Corgo”, presentado por Roberto Rodríguez Páramo (secretario do C.E.C.) e Mario Outeiro Iglesias (secretario de Arumes).

Despois do xantar proseguíronse os actos no Centro Sociocultural de Friol coa representación dunha obra de teatro, a presentación do proxecto denominado “Ruta das feiras”, un relatorio sobre políticas de desenvolvemento e a actuación musical do grupo A Quenlla.



Presentación do proxecto cultural “Arumes” en Friol

#### IV CERTAME LITERARIO “TERRAS DE CHAMOSO”

Por cuarto ano consecutivo, a Asociación Cultural Arumes do Corgo, coa colaboración da Vicepresidencia Primeira da Deputación de Lugo, quixo premiar a todos os/as autores que expresan no papel os seus sentimentos, empregando como ferramenta a lingua do país. Unha iniciativa pioneira no Corgo e nos concellos da contorna que debido á alta participación, á calidade dos traballos e á valía do xurado estase a converter nun certame literario recoñecido a nivel galego.

As **bases** do certame foron as seguintes:

1. Temática e idioma: A organización do certame non quere limitar a imaxinación dos autores. A única norma é que a obra se redacte en LINGUA GALEGA.
2. Categorias:
  - ❖ CATEGORÍA INFANTIL (dos 10 aos 14 anos).
  - ❖ CATEGORÍA XUVENIL (dos 14 aos 18 anos).
  - ❖ CATEGORÍA ADULTOS (maiores de 18 anos).

3. Modalidades:
  - ❖ POESÍA (de 30 a 60 versos)
  - ❖ RELATO CURTO (de 3 a 6 folios escritos a dobre espazo).

NOTA: A categoría infantil non ten límite de espazo inferior, pero si superior.

4. Presentación: cada participante poderá presentar varios traballos (non premiados noutros certames literarios). Entregaranse mecanografados (non é necesario na categoría infantil) indicando a categoría, modalidade, título e pseudónimo e achegando nun sobre pechado a información persoal: nome, apelidos, data de nacemento, enderezo e teléfono de contacto. Remitiránse ao seguinte enderezo: A. C. Arumes do Corgo. Antigas escolas do Corgo s/n, 27.163 O Corgo (Lugo).
5. Prazo: o prazo de entrega rematará o día 26 de novembro de 2010.
6. Premios: para cadansúa CATEGORÍA establécense 1º e 2º premio de poesía, e tamén 1º e 2º premio de relato. Cada premio consiste nunha figuriña de cerámica do país, un lote de libros e o correspondente diploma.
7. Xurado: estará composto por membros da Xunta Directiva da Asociación e por profesionais de recoñecido prestixio do mundo das letras.
8. Entrega de premios: a cerimonia de entrega de premios realizarase o sábado, día 18 de decembro de 2010 no centro sociocultural do concello do Corgo acompañada de actuacións e de varias sorpresas.
9. Non premiados: Os traballos non premiados e as súas correspondentes plicas serán destruídas no prazo dun mes despois do fallo, se os/as autores/as non o solicitan.
10. Outros: A presentación ao premio supón a conformidade coas presentes bases por parte dos/as concursantes. A Asociación Cultural Arumes resérvase todos os dereitos de publicación das obras premiadas (en papel, CD ou mediante internet).

Foron premiados nesta edición os seguintes autores:

#### CATEGORÍA: INFANTIL

*Modalidade: poesía*

1º premio: Ana Celeiro Sal, de Espasande (Castroverde), pola obra *O outono*.

2º premio: María López Pérez, de Cela (O Corgo), pola obra *Á beira do Neira*.

1º accésit: Ángela Rincón Rodríguez, de Sarria, pola obra *A lúa*.

*Modalidade: relato*

1º premio: Judit Lourido Villa, de Nadela (Lugo), pola obra *Lobezno e a lúa*.

2º premio: Silvia López López, de Mirandela (Castroverde), pola obra *Cousas da vida, xa sabes...*

1º accésit: Andrea Varela Díaz, de Barredo (Castroverde), pola obra *O trasno do Monte Patuco*.

2º accésit: Rubén Manuel Torrón Vázquez, de Manán San Cosme (O Corgo), pola obra *A fábula de Wall Street*.

CATEGORÍA: XUVENIL

*Modalidade: poesía*

1º premio: Elisabet Rey González, de Noia, pola obra *O que eramos e agora xa non somos*.

2º premio: Cristina Pernas Pereiro, de Paradela (O Corgo), pola obra *O Corgo*.

*Modalidade: relato*

1º premio: Sandra López López, da Veiga de Anzuelos (Láncara), pola obra *Carta a unha amiga maltratada*.

2º premio: Antía Tacón García, de Lugo, pola obra *A viaxe de Karima*.

CATEGORÍA: ADULTOS

*Modalidade: poesía*

1º premio: Xosé Otero Canto, de Lugo, pola obra *Chuchas acaroadas das vagas*.

2º premio: Natalia Alonso Ramos, de Vilaronte (Foz), pola obra *A equilibrista e o circo*.

*Modalidade: relato*

1º premio: Pedro Naveira Pedreira, da Coruña, pola obra *Unha viaxe desacougante*.

2º premio: Xosé Luís Vázquez Somoza, de Zolle (Guntín), pola obra *Conta xusta*.

Como xa se anunciaba nas Bases do concurso, a entrega de premios celebrouse, o sábado, 18 de decembro, ás 21:00 h, no Centro Sociocultural do Corgo. Unha ducia de premios, nas especialidades de poesía e relato, foron repartidos nas categorías infantil, xuvenil e adultos. Ademais da entrega dos galardóns para os premiados (lote de libros, un diploma acreditativo e unha peza de cerámica), os asistentes ao acto puideron gozar coa actuación do grupo de música e baile tradicional **Legua Dereita** do Corgo, un **recital** das poesías gañadoras e como remate do evento, un concerto de música tradicional a cargo do grupo **Saltanocribo**.

As pezas de cerámica entregadas aos gañadores representan pombas e pombais e son pezas únicas do ceramista do Corgo **Lolo de Anseán**.

Nesta edición, o xurado estivo formado polas seguintes persoas.

- **D. Xurxo Rodríguez Lozano**, Presidente de Arumes e Profesor de Lingua castelá e Lingua galega.
- **D. Xosé Manuel Castro Castedo**, Profesor de Lingua galega e portuguesa.
- **D. Xabier P. Docampo**, escritor.
- **D. Isidro Novo**, escritor.
- **Dña. Pilar García Negro**, catedrática de Lingua e Literatura galega.

Actuou de secretario **Mario Outeiro Iglesias** (secretario de Arumes e Profesor de Ensino Secundario). Colaboraron co xurado na selección da categoría infantil os membros da directiva de Arumes: **Dña. Mª Consuelo Vázquez Castro**, **Dña. Josefa González Díaz** e **D. Roberto Rodríguez Páramo**.

O éxito deste IV Certame Literario, no que se incrementaron nun 100% as obras presentadas, a súa calidade e a asistencia de público aos actos de entrega de premios, animan á Asociación Arumes a continuar recoñecendo en futuras edicións os traballos de todas aquelas persoas de diferentes idades que teñen inquedanzas literarias e que deciden expresalas na nosa lingua



Cartel publicitario da gala de entrega de premios



**FICHA TÉCNICA**

DATA FUNDACIONAL: 7 de outubro de 2005  
 TELÉFONO: 626 73 93 90  
 CORREO-E: arumescorgo@gmail.com  
 PÁXINA WEB: http://arumescorgo.blogspot.com

## SOLICITUDE DE INSCRICIÓN COMO SOCIO NUMERARIO

D./Dña .....

NIF: ..... Data de nacemento: ..... / ..... / .....

Enderezo: .....

C.P.: ..... Concello: ..... Provincia: .....

Tfno. fixo: ..... Tfno. móbil: .....

Correo-e: ..... Ocupación: .....

Forma de recibir comunicacións da asociación:     Correo electrónico     Correo postal

Solicita formar parte como Socio/a Numerario/a da ASOCIACIÓN CULTURAL ARUMES DO CORGO conforme aos seus estatutos.

En ....., a ..... de ..... de .....

Asdo.: .....



## AUTORIZACIÓN BANCARIA PARA A DOMICILIACIÓN DE RECIBOS

Sr./Sra. Director/a do Banco/Caixa: .....

Lugar da oficina: .....

Prégolle que, ata nova orde, aboen os recibos que presente a ASOCIACIÓN CULTURAL ARUMES DO CORGO con cargo á miña conta/libreta:

C. Entidade				C. Oficina				DC		Número de conta												

En ....., a ..... de ..... de .....

Asdo.: .....

### CICLO DE CONFERENCIAS “COÑECEMOS O CORGO I”

O sábado, 17 de abril de 2010, ás 19:45 h no Centro Sociocultural do Corgo realizouse a presentación dos primeiros traballos de investigación que formaron o contido da revista Corga nº 1, co fin de acadar a condición de socio/a numerario/a. Cunha duración aproximada de 15-20 min, o programa dos relatorios foi o que segue:

- “As cifras do concello do Corgo. Análise xeográfica” de Laura FOUZ BACARIZA.
- “Fórmulas de propiedade comunal dos montes do Corgo” de Xosé Enrique CASANOVA SÁNCHEZ
- “Estudo das sepulturas antropoides altomedievais” de Mario OUTEIRO IGLESIAS.



Presentación do relatorio de Laura Fouz

### CICLO DE CONFERENCIAS “COÑECEMOS O CORGO II”

A presentación de traballos continuou o seguinte sábado, 24 de abril de 2010, ás 19:45 horas, tamén no Centro Sociocultural do Corgo. Os traballos que se presentaron nesta data foron:

- “Jota tres estrelas” de M<sup>a</sup> Beatriz PÁRAMO IGLESIAS e Roberto RODRÍGUEZ PÁRAMO.
- “Ánxel Fole e o concello do Corgo” de Rebeca FERNÁNDEZALONSO.
- “A microtoponimia do concello do Corgo” de Alejandra PITAPARDO.
- “A vía romana no concello do Corgo” de Javier GÓMEZ VILA.



Público asistente ao segundo ciclo de conferencias

Os dous ciclos de conferencias resultaron moi interesantes para o público asistente pola calidade dos contidos presentados e pola exposición dinámica e fluída dos relatores. Ao remate das exposicións, as persoas alí presentes tiveron a oportunidade de preguntar e comentar todas as dúbidas que lles xurdiron e os autores contestaron con moito interese de clarificar e resolver as inqedanzas do público.

En definitiva, as dúas primeiras actividades públicas do Centro de Estudos do Corgo, resultaron moi positivas e moi productivas.



Relatores dos ciclos de conferencias (e polo tanto os primeiros socios numerarios do CEC) co Vicepresidente Primeiro da Deputación de Lugo e o Alcalde do Corgo

### PRESENTACIÓN DA REVISTA CORGA EN SARGADELOS

O Centro de Estudos do Corgo (CEC) realizou a presentación do número 1 da revista Corga, o mércores 2 de xuño de 2010, ás 20:00 h, na Sala que Sargadelos posúe na tenda de Santo Domingo, arroupados polos autores dos artigos





Interventores na presentación da revista Corga en Sargadelos que formaron parte da mesma e unha manchea de persoas interesadas.

A apertura do acto correu a cargo do Vicepresidente Primeiro da Deputación de Lugo, Antón Bao Abelleira. Logo a presidenta do CEC,



Público asistente á presentación do número 1 da revista Corga

M<sup>a</sup> Consuelo Vázquez Castro, presentou o Centro de Estudos do Corgo, os seus fins e obxectivos e o labor que realiza. O secretario do CEC, Roberto Rodríguez Páramo presentou a revista Corga e en concreto o primeiro número. Por último o autor dun dos traballos que conformaron a revista, Mario Outeiro Iglesias, presentou o seu artigo: *Estudo das sepulturas antropoides altomedievais*.

A revista do CEC foi maquetada por Grafenco e ten como ISSN 2171-6013 e Depósito Legal LU 149-2010. O primeiro número sae cunha tiraxe de 750 exemplares e conta coa colaboración económica da Vicepresidencia Primeira da Deputación de Lugo.

D./Dna .....  
NIF: ..... Teléfono: .....  
Enderezo: .....  
C.P.: ..... Concello: ..... Provincia: .....  
Correo-e: .....

Entrega a seguinte documentación co fin de tramitar a inscrición como Socio/a Numerario/a ou Xuvenil do CENTRO DE ESTUDOS DO CORGO (CEC):

- Impreso de solicitude de ingreso no CEC debidamente asinado.
- Copia simple do D N I
- Traballo de investigación seguindo as normas de publicación establecidas (dúas copias en papel e unha en formato dixital).
- Anexos (dúas copias en papel e unha en formato dixital).
- Autorización de cesión dos dereitos de autor.
- Consentimento do pai/nai/titor legal (nas persoas entre 14 e 18 anos).
- .....

En ....., a ..... de ..... de .....

Asdo.: .....

**SR./A. PRESIDENTE/A DO CENTRO DE ESTUDOS DO CORGO**



## SOLICITUDE DE INSCRIPCIÓN COMO SOCIO/A NUMERARIO/A OU XUVENIL

D./Dna .....

NIF: ..... Data de nacemento: ..... / ..... / .....

Enderezo: .....

C.P.: ..... Concello: ..... Provincia: .....

Tfno. fixo: ..... Tfno. móbil: .....

Correo-e: .....

Título do estudo: .....

Formación académica: .....

Experiencia laboral: .....

Forma de recibir comunicacións da Asociación:  Correo electrónico  Correo postal

Solicita formar parte como Socio/a Numerario/a ou Xuvenil do CENTRO DE ESTUDOS DO CORGO conforme aos seus estatutos.

En ....., a ..... de ..... de .....

Asdo.: .....

**SR./A. PRESIDENTE/A DO CENTRO DE ESTUDOS DO CORGO**



## CESIÓN DE DEREITOS DE AUTOR

O Centro de Estudos do Corgo (en diante CEC) é unha Asociación sen ánimo de lucro.

D./Dna (en diante: "o autor") .....

..... NIF: .....

Enderezo: .....

C.P.: ..... Concello: ..... Provincia: .....

convén o seguinte:

### **PRIMEIRO: Antecedentes**

- 1) O CEC ten como fins a promoción de diferentes estudos (patrimonio natural, material e inmaterial, arte, lingua e literatura, xeografía e historia, economía, sociedade e educación...) sobre o concello do Corgo e a súa divulgación entre os habitantes do concello.
- 2) O CEC realizará (para acadar os fins anteriores) unha recompilación de toda a información posíbel sobre o concello do Corgo nun arquivo/biblioteca (en papel e en formato dixital), así como a publicación dunha revista anual (por escrito) e dun sitio web con artigos sobre O Corgo.
- 3) O autor (en caso de varios autores, especificar no Anexo I) realizou un estudo titulado:  
.....  
.....  
obra que formará parte do uso referido no numeral anterior.
- 4) Polo presente contrato regúlase a forma e condicións da cesión dos dereitos correspondentes que o autor realiza a favor do CEC, que se regulará nun todo polas disposicións contidas nas cláusulas seguintes.

## **SEGUNDO: Cesión dos dereitos**

O autor cédelle ao CEC, quen adquire, os dereitos que lle corresponden sobre o estudo, incluíndo os dereitos de edición e publicación.

## **TERCEIRO: Regalías**

A cesión á que se refire a cláusula anterior realízase a título gratuito, polo que o CEC non lle deberá aboar ao autor regalías de ningunha especie.

## **CUARTO: Obrigas do CEC.**

O C E C non poderá, en ningún caso ou circunstancia:

- a) ceder total ou parcialmente, en forma directa ou indirecta, os dereitos adquiridos a través da presente formalidade, a favor de ningún terceiro e baixo ningunha modalidade.
- b) facer ningún agregado, supresión nin modificación á obra sen o consentimento previo, expreso e escrito do autor.

## **QUINTO: Dereitos do CEC.**

Ademais da edición, publicación e impresión da obra como parte do uso referido na cláusula primeira, o CEC poderá libremente:

- a) determinar o tipo de impresión, formato, clase de papel, encadernación e demais características físicas do estudo, así como o formato do sitio web;
- b) realizar actividades de promoción e publicidade dos estudos;
- d) utilizar o nome e a imaxe do autor con fins publicitarios e de promoción, exclusivamente en relación á obra obxecto deste contrato.

## **SEXTO: Garantía de lexitimidade**

O autor garante que a obra goza da “libre dispoñibilidade” (no caso de varios autores, da “dispoñibilidade conxunta”) dos dereitos que cede.

En caso de impugnación dos dereitos autorais ou reclamacións instadas por terceiros relacionadas co contido ou a autoría da obra, a responsabilidade que puidese derivarse será exclusivamente de cargo do autor.

**SÉTIMO: Mandato de protección**

O autor autoriza ao CEC a perseguir os responsábeis de edicións clandestinas e fraudulentas, así como para exercer a defensa dos dereitos autorais obxecto desta cesión, se for preciso.

**OITAVO: Liberdade do autor**

O autor ten liberdade de autorizar a terceiros a realización doutras edicións da obra, así como de ceder os dereitos de autor a favor de terceiros.

**NOVENO: Modificación e resolución do contrato**

Este contrato poderá modificarse ou rescindir-se de mutuo acordo das partes, así como rescindir-se unilateralmente sempre e cando a outra parte incumpra gravemente as súas cláusulas.

En ....., a ..... de ..... de .....

Asdo.: .....

**SR./A. PRESIDENTE/A DO CENTRO DE ESTUDOS DO CORGO**

# ANEXO I

## (Cesión de dereitos de autor)

### COAUTOR 1:

D./Dna .....

..... NIF: .....

Enderezo: .....

C.P.: ..... Concello: ..... Provincia: .....

### COAUTOR 2:

D./Dna .....

..... NIF: .....

Enderezo: .....

C.P.: ..... Concello: ..... Provincia: .....

En ....., a ..... de ..... de .....

Asdo: .....

**SR./A. PRESIDENTE/A DO CENTRO DE ESTUDOS DO CORGO**



## AUTORIZACIÓN FAMILIAR PARA MENORES DE IDADE

D./Dna .....

NIF: ..... Teléfono: .....

Enderezo: .....

C.P.: ..... Concello: ..... Provincia: .....

Correo-e: .....

Pai, nai ou titor/a legal (rísquense as que non procedan) do menor: .....

..... con NIF: .....

Afirmo coñecer os Estatutos e o Regulamento de Réxime Interno que rexen o Centro de Estudos do Corgo (CEC) e autorizo o meu fillo/a a facerse Socio/a Xuvenil da devandita Asociación.

A maiores autorizo ao CEC a publicar a imaxe do menor en calquera das actividades relacionadas cos fins do Artigo 5 dos Estatutos, en calquera dos formatos posíbeis (páxina web do CEC, fotografías para revistas ou publicacións, filmacións...)

En ....., a ..... de ..... de .....

Asdo.: .....

**SR./A. PRESIDENTE/A DO CENTRO DE ESTUDOS DO CORGO**







**Idioma.** Só se admite o galego como idioma vehicular da revista. Empregarase sempre a última normativa aceptada pola Real Academia Galega, aparecendo as palabras non adaptadas á mesma entre comiñas.

**Extensión.** Os traballos presentados terán unha extensión ou outra dependendo do número de redactores:

- 1 persoa: entre 5 e 20 páxinas.
- 2 persoas: entre 10 e 30 páxinas.
- 3 persoas: entre 15 e 40 páxinas.

Os Anexos presentados non serán publicábeis na revista e formarán parte do arquivo-biblioteca do CEC.

**Estrutura.** O artigo presentado ten que contar cos seguintes apartados:

- Título (máximo de 80 caracteres contando espazos en branco).
- Identificación do(s) autor(es) por orde de importancia ou alfabético de apelidos acompañado do correo-e dos mesmos, o título profesional e o centro de traballo.
- Agradecementos (opcional).
- Resumo (máximo de 150 palabras).
- Palabras clave (entre 3 e 10).
- Introducción/limiar.
- Corpo do traballo cos apartados que se consideren oportunos.
- Conclusións.
- Referencias bibliográficas.

**Formato:**

- Tipo de documento: Word (recoméndase tamén entregar o mesmo documento en formato pdf).
- Letra: Arial, cor automático (negro), tamaño 12 puntos, salvo que se indique o contrario (títulos...).
- Marxes: superior, inferior e laterais de 3 cm.
- Aliñación: xustificada sen sangría na primeira liña.
- Espaciado: anterior e posterior de 0 puntos e interliñado sinxelo. Espacio entre parágrafos dunha liña en branco.
- Recomendase non empregar o subliñado para resaltar partes do texto.
- Título: maiúsculas, centrado, cor verde escuro e tamaño de letra de 16 puntos.
- Identificación do(s) autor(es): apelidos e nome (separado por coma).
- Datos do(s) autor(es): tamaño de letra de 10 puntos.
- Agradecementos: tamaño de letra de 10 puntos.
- Títulos de apartados (RESUMO, PALABRAS CLAVE, INTRODUCCIÓN/LIMIAR, CONCLUSIÓN, BIBLIOGRAFÍA...) irán en maiúscula, negriña e sen punto ao final. Se se numeran os apartados (a partir da introdución) empregaranse as normas ISO (1 / 1.1 / 1.1.1 / 2 / 2.1 / 2.1.1 etc.).

- Numeración de páxinas: borde inferior dereito incluíndo a primeira páxina (non se fará portada).
- Notas a pé de páxina: tamaño de letra de 10 puntos.

**Imaxes.** O texto pode ir acompañado por ilustracións, fotos ou gráficos, sempre orixinais ou acompañados do permiso do editor ou autor para a súa publicación. Para ser impresas con calidade, deberán ter unha resolución mínima de 300 ppp. Admitiranse como formatos de imaxe TIFF ou JPG. Incluíranse no documento e en arquivos separados, indicando con claridade o lugar no que deben inserirse no texto.

**Bibliografía.** Clasificada por orde alfabética, axustárase ás seguintes normas:

- Monografías: APELIDO(S), Nome. *Título do libro*. Lugar de edición: editorial, ano de edición.
- Partes de monografías: APELIDO(S), Nome. "Título da parte". En: Responsabilidade da obra completa. *Título da obra*. Lugar de edición: editorial, ano de edición.
- Artigos en revistas: APELIDO(S), Nome. "Título do artigo". *Título da revista*. Edición. Ano, número, páxinas.
- Recursos electrónicos en internet: Responsábel principal. *Título*. Data de publicación. <URL> (data de acceso).

**Unidades de medida.** Empregarase o Sistema Internacional de Unidades (SI) e non o sistema anglosaxón de unidades.

**Principios éticos e legais.** Non se publican textos con contido que promova algún tipo de discriminación social, racial, sexual ou relixiosa; nin artigos que xa fosen publicados integramente noutros lugares.

A revista non se fai cargo das imaxes, textos e traballos dos autores que serán responsábeis legais do seu contido.


En caso de conflito legal con algún aspecto dun traballo publicado, o demandante debe demostrar de xeito fidedigno e mediante denuncia, o presunto delicto ou falta cometido polos autores. O resultado anunciarase na revista.

Os artigos poden ser reproducidos sempre que se cite claramente a súa procedencia e o servizo sexa gratuíto. En servizos de pagamento deberán pedir expresamente permiso e aboar os dereitos correspondentes á revista e aos autores.

Segundo as norma Vancouver o artigo estará asinado por aquelas persoas que efectivamente participaran na súa elaboración, reservándose a revista o dereito de investigar a participación concreta dalgún ou todos os seus membros.

A comprobación de que un autor intentou plaxiar algún traballo nesta ou outra publicación fará que automaticamente sexan rexeitados, a partir deste momento, os traballos nos que figure o devandito autor.





DEPUTACIÓN DE LUGO  
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA



Cultura

ARZUMES

ASOCIACIÓN CULTURAL  
O CORGO

